Historia do movemento asociativo da parroquia de Valladares no século XX

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 4
A PARROQUIA DE VALLADARES 5
SOBRE O TOPÓNIMO 5
DESCRICIÓN XEOGRÁFICA 6
VALLADARES: CONFIGURACIÓN ADMINISTRATIVA 11
DATOS POBOACIONAIS 13
PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E RELIXIOSO 13
OS PRIMEIROS ANOS DO EDIFICIO DO “TELECLUBE” 21
A IRMANDADE DE LABREGOS E AGRICULTORES 21
A ESCOLA UNITARIA 22
A ASOCIACIÓN DE POSGUERRA 24
DENDE A TRANSICIÓN: UNHA INICIATIVA DE TIPO CULTURAL 27
IGNACIO COSTAS PIÑEIRO E O “TELECLUBE C.C.A.R.-Valladares” 27
GUILLERMO ÁLVAREZ PÉREZ E O CENTRO CULTURAL A.R. DE VALLADARES. 35
DELIO GUISANDE ALONSO 37
A SEGUNDA AMPLIACIÓN 39
TEODORO PIÑEIRO ALONSO 45
O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES 47
A PRIMEIRA E ÚNICA PRESIDENTA DO C.V.C.V. 54
A HISTORIA DA VOGALÍA DA MULLER E A A.MM. PEDRA DA VELLA 63
ELISARDO DACOSTA TORRES 68
GREGORIO ÁLVAREZ PEREIRA 70
O NOVO EDIFICIO 71
A XUNTA PARROQUIAL E A COMUNIDADE DE MONTES DE VALLADARES 77
OS COLEXIOS E AS ANPAS 109
AS COMUNIDADES DE AUGAS 113
A COMUNIDADE DE AUGAS DO SOUTO 113
A COMUNIDADE DE AUGAS DAS BARROCAS 115
A COMUNIDADE DE AUGAS DA GARRIDA 116
A COMUNIDADE DE AUGAS DO CARREGAL 118
A COMUNIDADE DE AUGAS DA SOBREIRA 119
A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE FREIXO 120
CEMITERIO PARTICULAR 124
ACTIVIDADES CON MAIOR TRADICIÓN DA PARROQUIA 128
A UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES 128
A RONDALLA DE VALLADARES 136
O GRUPO DE TEATRO “ESCOITADE” 138
A CORAL POLIFÓNICA 144
O CLUBE DEPORTIVO VALLADARES 147

FENOY 157
OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS 157
UN EPISODIO SUCIO NA HISTORIA DE VALLADARES: 158
O ZONDAL 158
AS FESTAS DA PARROQUIA 163
AS ORIXES DA IMAXE DE SAN CAMPIO E A FESTA NA SÚA HONRA 164
A ROMARÍA DO ALBA 170
FESTAS DO CRISTO DOS AFLIXIDOS 173
AS FESTAS DE SAN XOÁN DE FREIXO 174
A VERBENA DE SANTA ISABEL NO CARREGAL 176
A FESTA DE SAN ANDRÉS 176
CONCLUSIÓN 176
BIBLIOGRAFÍA 179

INTRODUCIÓN

Recoller os datos do movemento veciñal dunha parroquia con tanto dinamismo non é fácil. Os veciños de Valladares colaboran en todo tipo de actividades. Son socios do Centro Veciñal e Cultural ou da Asociación de Veciños do Freixo e participan das súas actividades e cursos. Tocan na Unión Musical, saen coas Rondallas e practican varios deportes. Pagan os recibos dos Amigos da Música, das comunidades de augas, dos cemiterios, das numerosas festas... Defenden os seus montes e traballan para que as súas infraestructuras melloren. E poderíamos seguir compilando exemplos.

Sempre dispostos a colaborar en tódolos proxectos que caen nas súas mans, este non podería ser unha excepción. Calquera veciño ao que se lle pedise unha entrevista para recadar información, ofreceuse enteiramente, aportando tempo, documentación e gran número de coñecementos. A todos hai que agradecerlles a súa colaboración.

Lendo este traballo podería parecer que, esta historia é basicamente de homes. É certo que eles foron os que ocuparon os principais cargos nas directivas das diferentes agrupacións. Pero é de xustiza, ter en conta ás súas mulleres que levaron gran parte do peso dos seus fogares, para facilitarlles aos seus maridos tempo libre que puidesen dedicar a vida veciñal.

Hai un ámbito, que aínda que nunca foi exclusivo das mulleres, si tivo a moitas delas participando. Son as A.P.A.S., agora A.N.P.A.S. Un nome que non podemos esquecer neste punto é o de Nieves. Unha muller tradicional, ama de casa e con moitos fillos. Con gran forza, deu o salto ao tema social e púxose ao fronte da A.P.A., compaxinando as visitas á Deputación ou a San Caetano coas súas cargas familiares. É xusto recoñecer o traballo dela e outras.

Dende sempre, a actividade veciñal actuou coma unha droga que fai que, a maioría dos que comezan a traballar nun ámbito os percorran todos. Así, temos persoas que foron presidentes, directivos e colaboradores durante moito tempo de diferentes agrupacións. Por iso, nestas páxinas imos a nos afacer a algunhas persoas que están case omnipresentes.

Eles/as foron os que, fixeron que Valladares fose pioneira en moitas iniciativas, como o grupo de teatro ou o propio Teleclub. Sempre conseguindo unha gran calidade nas súas actividades, como a Unión Musical e, unha longa pervivencia, como a do Clube Deportivo Valladares.

Se algo se pode apreciar na parroquia é o espírito de convivencia, camaradería e traballo altruísta. Quizais un exemplo para persoas doutras zonas, que en vez de involucrarse, pasan a vida a laiarse.

Pero, ¿onde están as orixes deste gran movemento veciñal? ¿Cal foi a primeira actividade cultural que se desenrolou na parroquia? ¿Cal tivo maior duración no tempo? ¿Quen foi a xente pioneira nestas iniciativas?

A estas interrogantes e outras imos tentar dar resposta nas páxinas que seguen.

A PARROQUIA DE VALLADARES

SOBRE O TOPÓNIMO

¿Valladares ou Valadares? A Lei 3/1983 de Normalización Lingüística di que a única forma oficial dos topónimos é a galega pero, ¿que ocorre neste caso?

Sobre a orixe da palabra hai varias teorías. Algúns opinan que Valladares ten a súa procedencia na palabra latina *vallatu* que significa valado ou fortificado. Deste xeito, os *vallatares* serían os valados que delimitan unha propiedade ou un campamento militar. Outros en cambio, falan de *vallata* como da ladeira dun val. Aquí imos decantarnos máis pola segunda opción.

Convén que se considere, como xa foi comentado, a versión topónima do dato histórico que aparece no libro “LA CIUDAD Y LOS DIAS” de Álvarez Blázquez, cronista oficial da cidade de Vigo. Neste texto aparece o topónimo Valladares ligado ao apelido VALLADARES, nobre a quen o rei Carlos III lle adxudicou as terras do futuro marquesado...” “A historia débese plasmar en feitos contrastados sin que as teorías poidan desvirtuala”

Este topónimo existe en moitos lugares de Galiza (parroquia do Concello de Outes, aldea do Concello de Forcarei, lugar do concello de Pontevedra, Casa de labor do Concello de Oza dos Ríos) e do resto de España.

Tamén en Portugal existe, alí escríbese indiferentemente con “l” ou “ll”. Durante séculos pronunciouse con “ll” polo pobo e con “l” polos nobres. Como cabía esperar, a forma que se impuxo foi a última (salvo pequenos rexionalismos).

Sobre o topónimo. Nesta parroquia de Vigo, dende a Administración emprégase Valadares, mentres que os veciños seguen sentíndose de Valladares, porque así lle chamaron sempre que se recorda a súa parroquia. A inmensa maioría dos políticos a nivel local refírense a parroquia de Valadares. En Vigo existe unha rúa chamada Marqués de Valladares na honra do Marqués da

nosa Parroquia, benefactor da cidade, anterior a Lei de Normalización Lingüística, nunca se escoitou a ningún político asumir ningunha iniciativa tendente a galeguiza-lo seu nome.

DESCRICIÓN XEOGRÁFICA

A parroquia de Valladares é unha das máis extensas do Concello de Vigo. Situada ao sur do Concello, abarca unha extensión que supera os 12,92 quilómetros cadrados. Ocupa a vertente este do monte Alba, polo que se configura como unha zona de interior cun relevo moi accidentado no que destaca a aliñación dos montes Alba, Cepudo e Galiñeiro, que separan o Val do Fragoso do Val do Miñor.

Valladares é a segunda parroquia en extensión do concello de Vigo.

Estamos pois, ante un val en altura, cunha altitude media de 240 metros sobre o nivel do mar (a altitude mínima está nos Cañotais a 115 metros e, a máxima no Cepudo a 525 metros), e as vertentes das montañas que o rodean. Precisamente polo escarpado destes montes, se desestimou a posibilidade de creación dun campo de aviación na parroquia, que propuxera o aviador lalinense Xoaquín Loriga.

Os principais montes son o Monte Cepudo, o da Sobreira (situado a 275 metros de altitude), o Alba (a 508 metros) e o dos Pozos (situado a 387 metros).

Vista da capela do Monte Alba.

En dous destes montes: O Cepudo e Os Pozos, están emprazados cadanseu Parque Forestal. O primeiro deles ten unha extensión de 42.000 metros cadrados, mentres que o segundo ten 110.000 metros cadrados. En ambos existen unha serie de servicios como bar, restaurante, miradoiro (con impresionantes vistas das praias de Vigo, de Toralla, Baiona, Nigrán, as illas Cíes, Rande, Morrazo...), teléfono público, mesas e asadores. Mentres o Cepudo é maioritariamente un piñeiral con exemplares illados de carballos, pradairos, castiñeiros, acevos, érbedos e bidueiros, nos Pozos hai gran cantidade de olmos, carballos americanos e bidueiros.

Os principais cursos de auga da parroquia son o Río do Foxo e o Río de Zamáns. Ambos son afluentes de outros ríos de maior entidade.

O primeiro deles comeza no lugar do Foxo e, resulta da confluencia de dous regatos de menor entidade: o da Senra e o de Fonte Fría. O regato da Senra, tamén coñecido como Río da Barxa, recibe a súa vez as augas de dous regatos menores: o das Cortes e o do Groño. Pola súa parte o Río de Fonte Fría nace na zona que ten ese nome e que está entre Valladares e Beade, e ten como afluente o regato de Quintián, que ven de Beade fronte ao Fabás. Outro afluente do Foxo é o regato das Faixas, que recibe as augas do regato da Quinta.

Unha vez que o río do Foxo abandona a parroquia, despois da entrada doutro afluente, o regato da Simona que ven de Beirán e da Simona, no Carregal, cambia a súa denominación pola de río Babio, ata a súa desembocadura no Lagares.

No tocante ao río de Zamáns, trátase dun afluente do río Miñor. Nace a máis de 400 metros de altitude e pasa por Seoanes. Dende o importante Muíño das Maquías ata o Camiño da Fraga (que é o antigo Camiño Real que uniu Vigo e Tui) e ata que entra en Vincios actúa como a división natural entre o Concello de Vigo e o de Gondomar. Ten poucos afluentes de importancia, pero destaca o regato da Regamán que ven da ladeira do Alba e vai dar a Vincios. Compre resaltar neste río a presa de Zamáns, ao pé do Galiñeiro.

Tamén hai algúns regatos na vertente do Alba. Un deles é o coñecido como Río Seco porque no verán leva moi pouco caudal, que baixa a Coruxo. Outro é o regato da Lapela. No Freixo, nace o regato de Arieiro que chega ata a extrema con San Andrés, e sigue por ela.

Muíño das Maquías, no barrio de Seoanes.

Valladares linda ao sur co Concello de Gondomar, ao oeste co Concello de Nigrán, ao noroeste con Coruxo e San Andrés de Comesaña, ao norte con Matamá, ao este con Beade e, ao sueste con Zamáns.

Existen marcos de delimitación das parroquias, algúns desapareceron e datan do ano 1600.

Os barrios de Valladares son: Carregal, Portal, Igrexa, Barrocas, Sobreira, Garrida e Freixo. Aínda que non está entre os sete barrios mencionados, Seoanes foi en tempos considerado como tal, debido á existencia dun pequeno núcleo de poboación antigo (Eira Vella). Na actualidade, é ligado habitualmente co barrio da Garrida.

O barrio do Carregal é o que está máis achegado ao centro urbano. Trátase do máis baixo da parroquia, o seu centro está situado a 140 metros de altitude sobre o nivel do mar. Preto ao lugar da Simona, na extrema con Matamá, está o Castro de Beirán, que foi o que deu os restos cerámicos máis interesantes da parroquia.

Os barrios da Igrexa (a 235 metros de altitude no Adro) e do Portal (a 195 metros, no cruce onde se celebrou a verbena) constitúen o centro neurálxico de actividade na parroquia, dado que no Portal é onde se emprazou o Centro Cultural, mentres que

na igrexa está o principal edificio relixioso da parroquia e é onde se celebran as principais festas da mesma.

Situación da parroquia.

O barrio máis afastado do centro Parroquial é o do Freixo. Está composto por tres lugares: Freixo, Areíña e San Xoán; aínda que os dous primeiros soen estar agrupados baixo o nome de Freixo. A Biblioteca está situada a 258 metros de altitude. É ademais coñecido por albergar perante moitos anos o vertedoiro do Zondal. Na súa parte máis alta, o barrio é chamado polos veciños "o balcón de Vigo", sen lugar a dúbidas polas inmellorables vistas da cidade e da ría.

O barrio máis extenso da parroquia é o das Barrocas, que no seu centro ten unha altitude de 265 metros.

A Sobreira (cunha altitude de 260 metros) está ao este da parroquia e limita con Beade e Zamáns. Neste barrio está outro dos castros máis importantes da parroquia.

Un dos barrios nos que máis se notou o incremento poboacional nos últimos corenta ou cincuenta anos é o da Garrida. O feito de que fosen os montes baixos da parroquia e a súa situación nun cruce de camiños favoreceron este factor. Así,

na actualidade é o barrio con maior volume de poboación. O seu centro está situado a 277 metros de altitude.

A temperatura media anual é superior a da media de Galicia. Ao igual que no resto do Concello, esta é de 15ºC. A pluviosidade é inferior tamén á de outras zonas do interior, como Santiago de Compostela. Todo isto fai que sexa unha zona moi propicia para a actividade agraria.

Na actualidade, a pesar de existiren bastantes terreos cultivados, o seu peso na economía familiar é mínimo, xa que os ingresos proveñen principalmente do traballo realizado no sector industrial ou no sector servicios.

A súa situación periférica con respecto ao centro da cidade é hoxe beneficiosa para a parroquia, que se está a converter nunha zona residencial e industrial acadando numerosos servicios e infraestructuras.

Vista de parte dos barrios das Barrocas e Garrida dende o Monte Alba.

VALLADARES: CONFIGURACIÓN ADMINISTRATIVA

Poucos datos temos de Valladares na Idade Media, aínda que algúns investigadores aseguren que a Casa deste mesmo teña a súa orixe no século XIII.

A constitución desta nova parroquia é máis tardía que outras e data dos séculos XIV ou XV. Posiblemente estas terras estiveran cubertas de monte e figurarían como Coto anexo á

parroquia de Vincios, que estaría baixo a xurisdicción do Bispo de Tui.

Xa entrados na época moderna contamos con datos máis específicos, como que a casa foi unha das máis importantes e antigas da rexión. Tiña cento cincuenta vasalos e exercía o seu señorío sobre unha gran parte da provincia de Tui e fora dela.

No último tercio do século XVII obtivo o nomeamento de vila e cabeceira de marquesado. Foi o resultado da institución levada a cabo o 4 de abril de 1673, a favor de Luís de Valladares Meira y Sarmiento que, en compensación polos servizos prestados ao monarca, xa tiña o título de vizconde dende 1669.

Un documento, localizado no Arquivo Histórico Nacional, sinala con relación a Casa do Marquesado de Valladares que "é dunha casa arruinada de pedra de sillería que está nunha eminencia que descubre o val e ten unha torre no medio de sillería con catro cubos redondos nas catro esquinas e ten un escudo grande nunha pedra en forma de xadrez, que son as armas de dita casa". Máis adiante indícase "arriba de dita casa e nun monte que chaman Castillo del Alba hai uns cimentos dun castillo coas súas murallas todas de sillería e no medio unha cisterna toda picada nun peñasco e unha capela dedicada a Nosa Señora".

Dise que non quedan restos na parroquia desta casa, e o mesmo ocorre coa vella estructura do castelo, aínda se pode ter algunha pista a través de dous elementos importantes. Por unha parte, a capela do monte Alba, co escudo dos Valladares e por outra, un pequeno escudo semellante nunha vivenda situada no lugar da Torre Camiño da Marquesa, preto da estrada de Vincios.

Valladares mantivo a posición de vila ata a reforma territorial de 1837. Figura tamén na relación de Concellos feita de acordo co Decreto de 23 de xullo de 1835, igual que o fai no "Repartimento Xeral sobre consumo de viños, vinagre, augardente, aceite e carne" de 1821, pagando este concello un total de 30.716 reais e 13 marabedís.

En 1837, coa reforma administrativa liberal, Valladares perdeu a condición de Couto e pasou a integrarse no Concello de Lavadores. Isto foi así ata a adhesión a principios da década dos corenta, cando tanto Lavadores como as súas parroquias, pasaron a formar parte de Vigo.

DATOS POBOACIONAIS

A parroquia de Valladares ten aumentado a súa poboación nos últimos anos. Os datos do ano 2004 falan de 5.511 persoas, que constitúen un hábitat disperso debido ao amplo tamaño da parroquia.

Para facer unha idea sobre este incremento poboacional están os datos dos últimos anos: en 1986 eran 4.749 habitantes, dez anos despois xa eran 5.259 e, no ano 2003 5.464. Este crecemento tiña xa unha tradición anterior, pois nas tres décadas que van dos sesenta aos oitenta o incremento da poboación foi dun 73´1%.

A orografía condiciona o tipo de asentamento, concentrado nos barrios do Portal, a Igrexa, Freixo e a Garrida, e máis disperso nas Barrocas, no Carregal e na Sobreira. A estrada Vigo-Vincios actúa tamén como eixo vertebrador e aglutinador de parte dos asentamentos máis importantes da parroquia.

Non obstante, os primeiros datos poboacionais de Valladares son de 1589, cando contaba con 62 veciños. En 1813 pasaron a ser 220, aínda que na segunda metade do século perdeu efectivos pola emigración. Non esquezamos que por veciños entendíanse só pais de familia que pagaban e non todos os habitantes.

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E RELIXIOSO

O patrimonio etnográfico da parroquia non é moi diferente do dos arredores. Está composto sobre todo por hórreos, fontes, lavadoiros, muíños e casas labregas.

A pervivencia da actividade rural cun gran predominio do millo, explica a existencia dun elevado número de hórreos e

muíños. Os hórreos cunha antigüidade superior aos cen anos superan a centena. Poucos exemplares foron construídos só en pedra, e a maioría combinan un sistema mixto entre a pedra e a madeira.

No tocante aos muíños, Valladares é a parroquia de Vigo que conta con máis exemplares en funcionamento. Algúns deles levan moendo máis de cen anos e sufriron importantes transformacións. O sistema de propiedade é na maior parte dos casos de herdeiros, e aínda hai varios deles que fan uso das súas quendas. Algúns exemplares son o do Foxo, o da Cotarela, o da Pontella, os das Maquías, o do Carregal... Este último aínda que e de pequeno tamaño, destaca tanto pola súa canaleta como pola lonxitude que acada o rego de devolución e evita inundacións. Outro deles é o das Maquías, a carón do embalse de Zamáns, un conxunto restaurado polo Concello, onde funcionou unha unidade didáctica sobre a tradición do pan dirixida a escolares. Está dentro do itinerario do sendeiro GR-53, nunha zona de gran interese paisaxístico.

A existencia deste amplo número de muíños débese á riqueza agrícola da zona. Segundo o Catastro de 1752, por aquel entón, xa había catorce muíños fariñeiros, que pagaban por dezmo un valor de 23.000 reais, que eran repartidos polo párroco, o Cabido de Santiago e o Maestrescola de Tui.

Entre as fontes e lavadoiros hai catorce elementos de interese: seis fontes, dous lavadoiros e seis fontes-lavadoiro. Algúns destes exemplares son a fonte que hai na subida ás Barrocas que, ao pé do surtidor ten un pequeno pilón labrado nunha rocha; a que se sitúa na estrada da Igrexa composta por un pequeno pilón de pedra ao pé dunha fonte de cano e; no camiño do Portal atopamos un conxunto formado por unha fonte de cano, ao pé dunha mina de auga e un pilón de dobre folla.
No barrio do Portal existe a fonte do Sapo que ten moitos anos de historia.

No tocante ao patrimonio relixioso hai que sinalar a existencia de gran número de cruceiros. Un dos conxuntos máis

importantes é o Calvario situado no adro da igrexa parroquial. Pertence a un tipo de composición marcado polo esquematismo, aínda que sen renunciar a un certo tipo de naturalismo no tratamento das anatomías e nas figuras do Cristo e da Piedade. Na parroquia hai tamén outros exemplares como o de Freixo ou o que se atopa no cemiterio particular.

Calvario cun cruceiro de 1664, como indica na súa base, situado no adro da igrexa.

A casa rectoral atópase no camiño da Igrexa-Barrocas. Forma un interesante conxunto integrado por unha vivenda con varios inmobles engadidos, producto de varias etapas constructivas. Destaca a escada de acceso, de gran volume e decoración, e unha galería traseira, aínda que agora se atope totalmente reconstruída de aluminio. Completan o conxunto un vello hórreo e varios alboios e bodegas pegados ao muro de feche da propiedade.

Entre as edificacións relixiosas destacan tres exemplares: a igrexa parroquial, e as capelas de San Xoán de Freixo e do Monte Alba.

As datas de construcción explican o reducido tamaño da igrexa parroquial. Comezouse a edificar en 1677-1678 e a torre foi rematada en 1726, cando a poboación da parroquia non era en modo algún comparable á da actualidade.

Na construcción desta obra destacou un personaxe: Diego Sarmiento de Valladares. Foi bautizado na Colegiata de Santa María o 10 de agosto de 1611, e tras ser alumno do Colegio Mayor de la Santa Cruz de Valladolid, chegou a ser catedrático e máis tarde arcebispo de Oviedo e Plasencia. En 1670 fundou o Seminario de Plasencia, baixo a Advocación da Purísima Concepción e, en 1678 sufragou os gastos de reedificación da igrexa parroquial de Valladares, sitio da Casa Solar dos seus maiores. Faleceu en Madrid o 29 de xaneiro de 1695, e foi sepultado no convento dos Carmelitas Descalzos. O feito de que os documentos falen de reedificación, fai pensar na posibilidade dun edificio anterior.

Igrexa Parroquial.

Trátase dunha igrexa rectangular, cunha nave única, cabeceira cadrada e torre campanario pegada á fachada, que amosa unha portada rematada nun frontón no que se inclúe a representación de Santo André. Na parte alta aparece o escudo de armas dos marqueses de Valladares.

O cemiterio rodea a igrexa pola súa cabeceira e, no adro atopamos un calvario en pedra.

No tocante á capela de San Xoán de Freixo, está catalogada como edificio románico na súa parte máis antiga, aínda que na actualidade está profundamente remodelada.

Pero o certo é que, a súa orixe énos descoñecida. A primeira documentación que fala dela data do ano 1694, nun texto no que consta unha petición de reparación de dita capela para solucionar o seu estado ruinoso.

En documentos posteriores recóllense noticias como que en 1772 o seu capelán era o cura de Priegue e, en 1828 D. Antonio Pérez i Novoa. Este último, mandou fechar a capela ao culto debido ao seu mal estado de conservación.

No século XIX, houbo continuos enfrontamentos entre os curas de Comesaña e de Valladares pola titularidade da capela, que se atopa nos lindeiros entre ambas parroquias. O cura de Valladares presentou daquela un recurso na Real Audiencia de Galicia, baseándose nunha escritura de apeo, sacada do arquivo dos marqueses, na que se fixaban os lindes da divisoria.

O tribunal despachou unha requisitoria contra o párroco e os veciños de Comesaña que, non aceptaron, á vista do sucedido. Don Jacinto Mariño de Comesaña, denunciou ante as autoridades eclesiásticas ao párroco de Valladares porque, na festividade de San Xoán saíra da igrexa coa súa procesión e que entrara na freguesía de Comesaña ata a capela do Freixo (cando xa quedara dito que pertencía a Valladares). Tamén dixo que o cura pasara a visitar as casas de Freixo pola Pascua vestido con estola para cobrar o dereito chamado como esa vestidura litúrxica.

A isto respondeu don Benito Feijoo, de Valladares, insistindo en que era a el a quen lle correspondía percibir a pitanza e as dereituras da misa, e que continuaría celebrando os oficios na capela.

Vendo o estado de cousas, o bispo optou por encargarlle ao abade de Coruxo, don José Romero, un informe pericial, xa que era licenciado en dereito. Non aclarando nada, cominou ao

párroco de Comesaña para que non oficiase misa na capela, baixo a pena de excomuñón maior e 20 ducados de multa. Pero don José Mariño non fixo caso.

Chegado o día de San Xoán, o párroco de Valladares, fíxose ca chave da ermida e, arroupado polos seus fregueses oficiou unha misa cantada, presidiu a procesión e ao rematar, levou a imaxe do santo para a súa igrexa. Pola súa banda, o abade de Comesaña, nesa mesma xornada, celebrou a festividade dentro do templo parroquial, e non quedándolle outro remedio seguiu co preito nos tribunais de xustiza.

En 1867 recoñecéuselle a titularidade á freguesía de Valladares, pero como os seus corenta e un veciños cumprían co precepto na igrexa de Comesaña, e cando un enfermo precisaba de absolución chamaban ao crego da mesma Comesaña, o bispo decidiu mudar a adscrición espiritual en favor desa parroquia. Aínda que esta situación non durou demasiado, e novamente volveu a formar parte de Valladares. Ao redor da capela está o torreiro co palco, este último sito en terreos de Comesaña.

A estructura da capela é moi sinxela, de planta rectangular e con moi poucos adornos na fachada, como se pode observar na imaxe.

Existe unha lenda sobre a orixe do San Xoán de Freixo, segundo a cal o santo provén de Seoanes. Unha muller do camiño de Caramanchel, sito en dito lugar, casou en Freixo e levou consigo o santo, que co tempo pasou á capela. Aínda que a zona da Sobreira e de Seoanes ten moi boa madeira para a fabricación de santos (zona con gran número de topónimos de árbores), as posibilidades de que isto sexa máis que unha lenda, son practicamente nulas.

Pola súa parte, a capela do Alba está sita no monte do mesmo nome. Ademais de ser un lugar de beleza incalculable, conta cunha situación estratéxica para a defensa dun amplo territorio. Aínda que se fala da existencia dun poboado castrexo debaixo da capela, o certo é que, ata o momento non apareceu

ningún material que nos faga pensar nisto. Todo o que alí se atopou é románico ou posterior.

Capela de San Xoán de Freixo.

Nun primeiro momento, sábese que a capela estaba dentro dun recinto fortificado, que polo recollido nos documentos, poderíase tratar dun castelo baixomedieval, pertencente á estirpe dos Valladares.

No tocante á descrición arquitectónica da propia capela, a súa planta está formada por dous rectángulos, un maior de 9,1 x 7 metros, e outro algo menor, de 7,2 x 6 metros. Os muros exteriores están feitos de sillería, con bloques non sempre regulares. En tempos, esta capela foi caleada polos mariñeiros porque servía como punto de referencia para emprazar os mellores bancos de pesca. Quizais os elementos arquitectónicos que máis chaman a atención son os canelóns de desaugadoiro, que se atopan nas esquinas, detalle propio das construccións, xa dunha certa calidade e relevancia.

Capela do Monte Alba

No que atinxe ao interior, tanto a tribuna, que xa existía segundo a documentación en 1781, coma o teito que vemos actualmente, son recentes, pois están aínda na memoria colectiva dos maiores da parroquia. Nos séculos XVIII e principios do XIX contaba con dous altares laterais e no retablo maior albergábanse as imaxes da Concepción e de San Bieito.

Na fachada destacan dous elementos, a espadana, que é moi recente, e o escudo señorial da liñaxe dos Valladares. O escudo está composto por uns escaques da liñaxe dos Valladares, colocados sobre unha cruz da Orde de Santiago e timbrado con unha coroa de marqués, polo que esta peza ten que ser posterior á concesión, do título nobiliario, polo rei Carlos II.

Escudo señorial da liñaxe dos Valladares, o da dereita incrustado na fachada da igrexa parroquial e o da esquerda na fachada da capela do Alba.

Historicamente a capela do Alba contou con algunhas rendas para o seu sustento, algo que non nos debe estrañar, pois era común nas fundacións relixiosas levadas a cabo polas familias nobres. Ademais, a través dos testamentos, estas capelas recibían importantes cantidades a cambio de misas para a salvación das almas dos encomendados, e isto deuse tamén nesta capela. Amén de todo esto, a Virxe recibía gran número de ofrendas de valor entre as que se encontraban xoias.

OS PRIMEIROS ANOS DO EDIFICIO DO "TELECLUBE"

A IRMANDADE DE LABREGOS E AGRICULTORES.

As Irmandades de Labregos foron o xerme do asociacionismo de principios do século XX e estaban estendidas por todo o país, velando polo interese deste grupo social. A súa sede en Valladares estivo no edificio no que se ubicou o primeiro Centro Veciñal e Cultural.

Trátase dun antigo edificio que foi doado polos fillos de Valladares en Buenos Aires, tal e como está reflectido no escudo que ten na fachada e que actualmente oculta o letreiro do Centro Veciñal e Cultural.

Evaristo Figueroa Pereira, pai de Regino Figueroa, foi un deses emigrantes en Buenos Aires que contribuíron economicamente a que se erguese o edificio.

A casa dos labradores tería axudas dos fillos de Valladares en América pero os que a fixeron foron os socios que non eran todos de Valladares polo contrario, algúns maiormente os ricos da parroquia estaban en contra porque era unha rama do sindicato UGT como as casas en Cataluña eran de artesáns e pertencían a CNT. Existen algúns documentos que así o testemuñan que nunca se fixo público para non prexudicar ao Centro e nas datas do Teleclube algunhas persoas falaron co sindicato para que non reclamaran a súa propiedade. Esta casa foi requisada polo Réxime de Franco no golpe de Estado do ano 1936 cando entraron os falanxistas, incluso no patio que había pola parte de atrás do

edificio, os falanxistas collían a xente que estaba na taberna para facer instrucción militar. O último Tesoureiro da Irmandade de Labradores foi a tío Roque das Cortes home moi honrado e que tivo que entregar os cartos da Sociedade, sopena de ser perseguido e que lle pasara o que a moitos lle pasou.

Daquela a parroquia de Valladares pertencía ao Concello de Lavadores. Esta Irmandade estivo destinada a procurar mellorar a situación dos labregos e, nas súas reunións entre outras cousas de labranza trataban os temas dos abonos, minerais, sulfatos, etc. Posteriormente, cada delegado de parroquia (Beade, Vincios, Matamá, etc.) acudían á sede central que representaba ás parroquias en Lavadores primeiro e en Vigo despois, e posteriormente o prohome do Concello ía a Pontevedra, á sede provincial, coas súas peticións ou problemas. Cunha pequena cota anual, os labregos xa se podían beneficiar desta institución.

Na segunda etapa de Delio Guisande Alonso como Presidente e Isidro Barreiro Quintas na Area veciñal, a Directiva rendiulle unha homenaxe de desagravio aos familiares dos verdadeiros donos da casa entregándolle simbolicamente as chaves da mesma.

A ESCOLA UNITARIA

A “Escola Unitaria” de Valladares estivo situada no que actualmente é o Centro Veciñal e Cultural antigo. A estructura desta escola foi de dúas plantas. No baixo estiveron os rapaces e, no piso superior as raparigas. Algún dos profesores dos rapaces foron o que se coñeceu polo alcume de “Barbas Queimadas” e don Hermindo Pérez Serodio. Precisamente do “Barbas Queimadas”, recorda Maximino Iglesias Alonso, explicaba moi mal e o pouco que os rapaces aprendían era por outros compañeiros da escola ou noutros mestres privados da parroquia, como Xustia ou Xosé. Con respecto a Hermindo Pérez Serodio hai que dicir que en xeral deixou bos recordos nos seus alumnos.

No piso alto foron mestras Blanquita ou Asunción, entre outras. Dorinda Costas, que era veciña das Barrocas, recorda a súa etapa como alumna desta escola, aínda que recoñece que se aprendía pouco porque as necesidades nas casas, levaba aos cativos a traballar dende moi cedo.

As materias que se impartían eran diferentes no caso dos homes que no das mulleres. Todos aprendían a ler e escribir, pero os rapaces facían fincapé nas catro regras, mentres que as raparigas cantaban e aprendían labores de costura.

Algúns mestres insistían tamén en cuestións de hixiene, aínda que poucas veces conseguían resultados. Algo tan sinxelo como intentar que os rapaces lavasen os pés era moi complicado, pois moitos non tiñan nin zapatos, como lembra Saladino Costas Costas.

Nas familias con máis recursos, os nenos ían á escola dende os seis ou sete anos ata os catorce. Despois se querían continuar cos estudios debían ir a Vigo, para o cal precisaban baixar a pé ata Pereiró e alí collelo tranvía, e neste medio de transporte desprazarse ata o punto da cidade no que estudasen. Polo xeral nestes centros, como a Escola de Comercio, a Escola de Artes e Oficios a que asistiu Regino Figueroa Piñeiro, comezaban cun nivel moi alto, o cal supuña importantes dificultades para os rapaces que proviñan das parroquias, que tiñan polo xeral un nivel baixo.

Pegada a Escola do nenos, reuníanse os representantes da Falanxe, pois alí conservaban un cuarto, fito que lembran os que foron alumnos deste centro, pois tiñan que ter moito coidado co que se dicía.

Convén mencionar as escolas unitarias de Igrexa-Cavadón e Garrida, dos anos 50 e 60, dos mestres D.Francisco e D.Xosé, respectivamente, na que cursaron estudos alumnos avantaxados da parroquia e que marcaron un fito no desenvolvemento da mesma.

Sen esquecer que tamén funcionaron outras escolas dentro da parroquia como foron:

Sobreira: dirixida por Dª. Aurora, a onde acudían as raparigas da Garrida, Seoanes e Sobreira.

Barreira: Dirixida por Dª Elvira (vive na actualidade), á cal ao igual que a do Cabadón foi mixta.

Freixo: dirixida por Dª Xosefa, que tamén foi mixta. A esta mestra os veciños fixéronlle unha homenaxe e colocaron unha placa no coñecido “Balcón de Freixo”.

A ASOCIACIÓN DE POSGUERRA

Pouco despois da Guerra Civil, un grupo de rapaces novos, de entre dezaseis e vinte anos, decidiron a fundación dunha especie de ateneo cultural informal. Tratouse dunha organización ilegal, pois na Dictadura estiveron prohibidos case tódolos tipos de asociacións. Isto trouxo bastantes dores de cabeza aos seus precursores. Estamos no ano 1948.

CENTRO CULTURAL RECREATIVO
VALLADARES
El socio Antonio Barros
a satisfecho la cantidad de [illegible] ptas. [illegible] correspondiente
al mes de la fecha.
Valladares de [illegible] de 1948
V.º B.º
EL PRESIDENTE
EL CONTADOR

Documento de 1948.

Os responsables desta iniciativa foron Julián Alonso Alonso, Prudencio Alonso Alonso, Manuel Barreiro Álvarez, Manuel Fernández Davila, Regino Figueroa Piñeiro, Teofilo Piñeiro Davila e Eligio Vila Iglesias. Eles foron os que, nun momento

determinado, pensaron que porqué en lugar de ir a perder o tempo á taberna non creaban un local onde puidesen reunirse, ensinar aos que non tiñan outro xeito de acceder ás primeiras letras, crear determinadas actividades, etc.

Para redactar este espacio foi fundamental a entrevista a un dos seus compoñentes, Regino Figueroa Piñeiro, un home fascinante que se adapta perfectamente aos cambios do mundo no que vivimos.

Regino lembra como alugaron o local no que logo se instalou a barbería de Gonzalo, emprazado a poucos metros do Centro Veciñal e Cultural antigo. O mobiliario co que contaron foron unhas mesas e uns bancos que os rapaces fixeron coas súas propias mans, un encerado que mercaron e, uns caixóns nos que meteron os seus propios libros, que logo prestaron aos socios.

No tocante aos beneficiados que asistiron a ler: foron todos homes, máis ben novos (de entre quince e vintecinco anos), que tendo comezado a traballar moi novos non tiveran tempo de ir á escola unitaria que xa estaba en funcionamento. O prezo que pagaron por aprender foi moi baixo, dado que os fundadores non cobraron nada, só se pagou para o alugamento do baixo e para os gastos de mantemento.

En total foron uns corenta ou cincuenta socios, que non asistían tódolos días, senón cando o traballo llelo permitía.

A xente estaba animada porque sabía que non se ía a perde-lo tempo, senón a aprender. Cando chegaban alí, había mozos que non sabían ler nin sumar e saían sabendo incluso dividir.

Os que ensinaron foron basicamente tres: Regino Figueroa Piñeiro, Julián Alonso Alonso e Manuel Barreiro Álvarez, aínda que este último non podía estar tódolos días por motivos de traballo.

Tamén intentaron desenvolver outras actividades, entre as que destacou a Rondalla. Antes xa houbera unha, que se truncara coa Guerra, e foi este grupo de mozos quen volveu a organizala.

De feito, no mes de novembro de 1948 xa ía Regino a buscar o permiso ao Concello a correr porque senón xa non podían saír.

A Rondalla de Valladares foi unha das máis importantes da zoa, o que lles serviu aos seus compoñentes para que as rapazas novas lles fixesen máis caso.

O capitán da Rondalla foi Sabino "do Cavadón" e os abandeirados: Julián Alonso Alonso, Manuel Fernández Davila e Regino Figueroa Piñeiro.

Outra actividade que desenvolveron foi a coral. Os rapaces xuntábanse no local e cantaban alí, pero non actuaron para ninguén máis. Tratábase de pasalo ben e de facerse escoitar, por iso un deles saía continuamente para comprobar que o que estaban a cantar soaba ben dende fora, e que o nivel ao que cantaban era suficiente para que os veciños o escoitasen.

Moitos dos socios e fundadores desta asociación estiveron tamén na Banda de Música, como foi o caso de Regino Figueroa, quen tocaba a trompeta, pero que o deixou porque o de estar a tocar nunha romaría e non poder bailar non o levaba nada ben.

Un dos peores momentos foi cando un veciño xa maior, que tiña un fillo alí a aprender, os denunciou como asociación ilegal. De non ser por Sabino Caseiro, que pertencía á Falanxe e que lles quitou aos militares de enriba, a saber o que lles houbese acontecido. Con todo, estes mozos non se reunían por cuestións de política, senón que o facían por axudar. Por este motivo, a denuncia deixounos moi desilusionados. A pesar disto, a andaina desta asociación continuou, aínda que algúns membros foron casándose e tiveron que deixalo.

Nesa etapa sinistra fixeron moito dano os que controlaban as cotas agrarias, o subministro de víveres,..., cantas das nosas nais e avoas tiveron, para espabilar a fame, que soportar a repugnancia, a asquerosidade daqueles tipos sen escrúpulos, "cantos conquistas non desexadas", cantos fillos non recoñecidos. Entre a emigración para o Río da Prata, e o

silencio imperante pasamos a etapa máis sinistra da posguerra. Sobre esas mulleres dignas e de mirada limpa, valentes, silenciosas, traballadoras e resignadas está constituída a xeración dos que rondamos os 50, 60 ou 70 anos ¡que grande homenaxe merecen!, aínda que só sexa no papel.

DENDE A TRANSICIÓN: UNHA INICIATIVA DE TIPO CULTURAL

IGNACIO COSTAS PIÑEIRO E O "TELECLUBE C.C.A.R.-Valladares"

Corría o ano 1960 cando Ignacio Costas Piñeiro, retirado da Comandancia da Mariña, foi nomeado secretario do Xulgado Marítimo de Vigo e Vilagarcía.

Un 15 de agosto, na romaría da Virxe do Alba, un paisano comentoulle que as cousas no equipo de fútbol parroquial non ían ben; así que uns anos despois asume funcións na Directiva do Clube Deportivo Valladares, primeiro como Secretario na directiva de Guillermo (Estanco) e de seguido de Presidente.

Pero o deporte non satisfixo de todo os intereses deste home, que tiña no recordo aquel grupo de rapaces que no ano 1948, cando el era un neno, alugaban as famosas novelas de "El Coyote". Este feito que tanto o abraiou na infancia foi o que o levou a pensar na posibilidade de crear unha biblioteca.

Co traslado da antiga escola unitaria para o actual centro o Colexio Público de E.X.B. de Valladares en 1968, o local onde hoxe se ubica o antigo Centro Veciñal e Cultural quedou baleiro. Este feito fixo que Ignacio vise a súa oportunidade, e foi onda o alcalde do momento, Portanet, a quen lle comentou a súa inquedanza pola creación dunha biblioteca. Nese mesmo ano, mentres estaba aínda no fútbol, recibiu a aprobación do alcalde que era da opinión de que *"para a cultura todo o preciso"*.

Ignacio, que aínda estaba de Presidente do Clube de fútbol, e despois de dúas campañas moi boas, motivado en parte polos ánimos dalgúns veciños, optou por deixar a dirección do equipo de fútbol e centrarse no novo proxecto.

Aproveitando que estaba en marcha a Rede Nacional de Teleclubes, acolléronse a esta iniciativa, que formou parte dun proxecto impulsado polo Ministerio de Información e Turismo, encabezado por Manuel Fraga Iribarne co apoio da Fundación "Pedro Barrié de La Maza". Dende logo, a situación foi moi diferente da actual, pois non houbo subvencións e o gran logro veu da man dos veciños.

Traballo dos veciños.

Aínda que tiñan o permiso do Concello, houbo problemas para facerse co local, xa que a Falanxe non quería retirar del as súas bandeiras. Finalmente, púidose demostrar que o día 4 de febreiro do ano 1963, a Delegación Nacional de Sindicatos de F.E.T. y de las J.O.N.S. vendéralle a súa parte do local ao Concello de Vigo, ante o notario Cesáreo V. Ulloa. O Sr. Galobart García , como Delegado Sindical Provincial de F.E.T. y de las J.O.N.S., vendeu o local ao Concello de Vigo, sendo o seu alcalde José María Blanco.

A transacción supuxo uns custes de 21.690 pesetas, a abonar en cinco anualidades de 4.338 pesetas. Nestas escrituras, os datos desta propiedade son: "URBANA: Casa de baixo e piso, con outra dependencia e terreo que a circunda, sinalada co número 65 no barrio da Igrexa, chamada Senra, cunha superficie de 503 m cadrados. Linda : Oeste, o fronte, estrada de Vigo a Vincios; Este, costas, camiño público e Evaristo Ramilo; Norte,

esquerda, cos herdeiros de Diego Costas; Sur ou dereita, coa finca de Evaristo Ramilo. Libre de arrendatarios".

Unha das primeiras cousas que se fixeron foi convocar unha reunión de veciños. Creouse unha xunta xestora de acordo coa lei para redactar os estatutos que rexeron o novo Teleclube. Así, o día 20 de xaneiro de 1971, nunha reunión celebrada no antigo local da escola unitaria, deuse a coñecer aos veciños a aprobación por parte do Ministerio de Información e Turismo, dun Teleclube para a parroquia, o cal se chamou "TELECLUBE C.C.A.R.-Valladares".

A primeira Xunta Directiva quedou formada por:

Presidente.- Ignacio Costas Piñeiro.

Secretario-Monitor.- Benigno Comesaña Davila.

Tesoureiro.- Delio Guisande Alonso.

Vogais: Justo Comesaña Costas.

Juan Manuel Pérez Fernández.

Jaime Freiría Ramilo.

Julián Alonso Rodríguez.

Roberto Freiría Ramilo.

Evaristo Rodríguez Figueroa.

Teodoro Piñeiro Alonso.

Lino Costas Piñeiro.

Justo Figueroa Figueroa.

Sergio Estévez Davila.

Manuel Barreiro Fernández.

Julián Alonso Davila.

Lino Rodríguez Novoa.

Blanca Davila Ramilo.

Teresa Ramilo Comesaña.

Mª. Paz Barreiro Fernández.

De inicio, a primeira directiva fixouse moito na actuación e o desenrolo do grupo que se fundara algo antes en Coruxo. Estes, como eran máis veteranos, en máis dunha ocasión levaron maior número de subvencións. Por iso axiña as ideas pasaron a ser todas de colleita propia.

As sucesivas xuntas directivas foron cambiando aos seus compoñentes, pero tamén os cargos existentes. Así, dunha estructura simple na que só había presidente, secretario monitor, tesoureiro e vocais, se pasou a engrosar a lista coas figuras dos vicepresidentes e diferentes comisións, xa fosen por actividades ou por barrios, dependendo do momento.

Parte traseira da Escola unitaria, antes da reforma.

O local que conseguiran estaba nun estado precario, e houbo que facer obras. Para isto non contaron cun presuposto específico, senón que dependeron da boa disposición de todos e cada un dos veciños.

Pouco a pouco, os propios directivos foron acondicionando o pequeno local, duns 72 metros cadrados, distribuído en dous pisos. Na parte alta instalouse a biblioteca-Salón de Actos e, abaixo o servicio de cantina, unha pequena saliña para a lectura e, por suposto, unha sala de televisión.

Co novo alcalde, Antonio Ramilo Fernández Areal, ademais de apoio, tamén se recibiu para o Teleclube un equipo de son (que houbo que repoñer en varias ocasións debido á pillaxe) así como a construcción do muro, que está diante do edificio aínda hoxe. A televisión tamén a conseguiron gratis, e a "Fundación Barrié de La Maza" deu, durante varios anos consecutivos, conxuntos de libros.

Fachada do Teleclube durante os traballos de acondicionamento.

Para recadar diñeiro, diante da difícil situación económica, púxose en marcha unha rifa benéfica a nivel nacional a finais do ano 1974 e outra a finais de 1977, sendo nos dous casos a súa alma e impulsor a figura do Tesoureiro Delio

Guisande Alonso. Existen infinidade de anécdotas das mesmas recollidas nos Libros de Actas. Nestas datas levouse a cabo a segunda remodelación do edificio despois da permuta con Evaristo Ramilo Figueroa quedando configurado o edificio tal e como o coñecemos na actualidade.

O sorteo foi coa Lotería Nacional do 4 de xaneiro de 1975. O RENAULT-12 foi parar a Toledo, pero o SEAT-27 e o televisor a cor corresponderon ás rifas que ficaran sen vender. O coche vendeuse xerando novos ingresos, mentres que o televisor instalouse no Teleclube para deleite de tódolos socios.

Fachada da primeira remodelación é vehículos dos sorteos.

Nun primeiro momento, o número de socios, aínda que tiñan que pagar unha cota de trescentas pesetas, creceu moi rápido. Quizais o motivo fose que se puxeron en marcha diferentes actividades dependentes do Teleclube.

No ano 1972 arrancaron por primeira vez os xogos sociais, de tódolos tipos, como as cartas, o dominó, as damas, o billar, etc. Foi preciso facer quendas, porque non chegaba o sitio para tódolos participantes.

Segundo as actas do Teleclube, o 30 de marzo de 1973 contemplouse por primeira vez a posibilidade de crear un grupo de teatro. Pero foi o 28 de abril do mesmo ano cando un grupo de

rapaces/as novos se reuniron co fin de crear “Escoitade”, co interese de realizar un intercambio de tipo cultural con outras entidades.

Só un ano despois, o día 20 de abril de 1974 creouse a Coral Polifónica. Dende entón, ambas actividades foron moi importantes na oferta deste centro, e completáronse con actos polo Nadal ou polo Entroido, magostos, charlas (exemplo delas son as de temas médico-social, que se impartiron por médicos de recoñecido prestixio, a principios do ano 1975), etc.

Xa coa súa configuración inicial este Centro foi recoñecido como o mellor de España, situación que aínda mellorou coa obra.

O día 26 de maio de 1975, Evaristo Ramilo Figueroa permutoulle ao Teleclube o seu terreo de 75’13 m^2 por outra de 66´20 m2^2. Esta permuta foi moi beneficiosa na posterior ampliación.

Corrían uns tempos moi difíciles, tanto a nivel económico coma social e político. Dende este último punto de vista, hai que destacar a enorme labor de Ignacio e o resto da directiva, que levantaron e defenderon o Teleclube durante a Dictadura tendo presente que sempre se buscou o mellor para a parroquia e houbo que negociar con verdadeiros dictadores e riquisidores e sen ningún tipo de garantías como se demostrou chegada a democracia.

Na transición, no ano 1977, Ignacio abandonou a presidencia do Teleclube, ao non gustarlle a actuación de determinados sectores da vida política. Dende o Teleclube deixárase moi claro que era unha entidade de tipo cultural e totalmente apolítica, pero non todo o mundo respectou esta cuestión e se repartiron panfletos no local. Este feito fixo que, tanto o presidente como outros puntais importantes do momento no Teleclube, deixasen a súa actividade.

...Pero non todo o mundo respectou esta cuestión empezando polo propio Ignacio xa que aproveitando o seu cargo de

Presidente, participou para ocupar cargo de Concelleiro nunha lista de dereitas, poñendo a tódolos seus directivos a borrar o resto dos que figuraban na lista, quedando só o seu nome, e no reconto feito nos colexios de Valladares somentes puntuou el, con pequenas salvedades. Pero esta falcatruada saíulle mal porque no resto da cidade os "seus amigos da lista" actuaron da mesma maneira quedando Ignacio sen posto de edil. Ante este acto e outros que se viñan dando, un grupo de xente nova repartiu panfletos na cafetería do Centro".

Ignacio non deixou o Teleclube, Ignacio perdeu as eleccións.

Esa idea inicial, co tempo foise transformando e hoxe na actualidade calisquer candidatura que se presente a unhas elección libres, pedíndoo polos cauces regulamentarios, se lle da audiencia e ten as portas do C.V.C.V. abertas.



Plano da permuta entre o Teleclube e Evaristo Ramilo.

Ignacio estivo ligado ao Teleclube dende os seus inicios ata o ano 1977, volveu no ano 1981 ata 1985, como xa se dixo, dúas tempadas no Clube Deportivo Valladares, Augas da Garrida e a súa obra mestra o Cemiterio Particular. As Institucións parroquiais rendémoslle unha homenaxe o día 12 de outubro de 2007, concedéndolle a Primeira Medalla de Ouro da parroquia de Valladares . Con 78 anos faleceu no mes de xuño de 2010.

GUILLERMO ÁLVAREZ PÉREZ E O CENTRO CULTURAL A.R. DE VALLADARES.

0 día 2 de abril do ano 1977, saíu elixido, das tres candidaturas presentadas, (Ignacio Costas Piñeiro, Guillermo Álvarez Pérez e Luís Alonso Novoa) como novo presidente Guillermo Álvarez Pérez, sendo a súa primeira actuación, integrar a varios membros da candidatura de Luís Alonso Novoa e xunto a eles un amplo elenco de raparigas e rapaces novos, entre os que se encontraban, entre outros, o propio Luís Alonso Novoa como vicepresidente e Isidro Piñeiro Pérez exercendo de secretario. Foi un cambio en tódolos sentidos e, moi poucos colaboradores estiveran na anterior directiva (Delio Guisande Alonso continuou sendo o tesoureiro e Teodoro Piñeiro Alonso seguiu no tocante á animación cultural).

Tratouse dunha directiva moi rompedora, cun xeito diferente de facer as cousas. Mentres que Ignacio era a cabeza de todo o que ocorría e, en gran medida era o que tomaba as decisións; Guillermo delegaba gran parte das responsabilidades nos seus colaboradores. Créanse as Comisión de Augas, Veciñal, de Sanidade, de Ensino, Xuvenil, de Urbanismo, de Deportes, de Mantenimento e nelas intégranse Evaristo Piñeiro Barreiro, Isidro Barreiro Quintas, Héctor González Alonso, Manuel Cabezas Alonso, José Cabezas Alonso, Lucía Salgueiro Pérez, Marisol Fernández Pérez, Blanca Costas Vilaboa, Marina Fernández Comesaña, Marina Fernández Agra, María Alonso Salgueiro, Juan Manuel Pérez Fernández, José M. Buceta Gómez, Florentino Ramilo Costas, Santiago Pérez Figueroa, Guillermo Fernández Piñeiro, Edelmiro Iglesias Cabezas, José Ramón Seoane Rosende, Martín Alonso Costas, Miguel Estévez Alonso, José M. Fdz. Troncoso,

Manuel Cabral Pérez, Ramón Piñeiro Prado, Paulino Figueroa Carbó, Juan Ferreira Martínez, Julio Cabezas Alonso, José Carlos Orge González, Cándido Costas González, Antero Comesaña Piñeiro, Raul Comesaña Pérez, Agustín Pérez Fernández, Emilio Cabezas Alonso, José Julio Jario Rodríguez, Eladio Guisande Alonso, Camilo Alonso Novoa, Avelino Fernández Alonso, Enrique Almuiña Pérez, José Cabezas Comesaña, José Fdz. Comesaña, Rodrigo Alonso González, Juan Fernández Pérez e Manuel Estévez Comesaña.

Foi en decembro de 1977, cando se firmou un convenio entre a banda de música e o Teleclube mediante o cal, o segundo entregaba á banda a cantidade de oito mil pesetas e, a banda cedía ao seu director para dirixir a Coral, así como para crear unha academia de solfexo. Un dato histórico foi o traslado para as novas instalacións, despois dunha longa peregrinaxe por varios locais da parroquia da Banda de Música. O traslado efectuouse no mes de setembro de 1976, por aquel entón os ensaios facíanse nos baixos da casa de Héctor Iglesias Alonso, sendo o motivo fundamental da sinatura deste convenio o non permitir marchar para Celanova ao seu Director. Dende esta data o local da Banda é o que coñecemos na actualidade.

Por estas datas comezaron a ter representación nas asembleas os rapaces máis novos. Aparecen por primeira vez con Guillermo e coa designación de Comisión Xuvenil, unha serie de representantes entre os que estaban: Martín Alonso Costas, Miguel Estévez Alonso, José M. Fernández Troncoso, Manuel Cabral Pérez, Ramón Piñeiro Prado e Paulino Figueroa Carbó aos que con posterioridade se engaden Basilio Cabezas Comesaña, Domingo Comesaña Pérez, Ramón Pérez e Ignacio Pérez. Precisamente foi cando naceu Xuntanza Xuvenil e, entre os seus fundadores estiveron: Alexandro Alonso, Alberte Costas, Marina Figueroa, Albino Iglesias, José Barreiro...

Nestes anos, comezou a xurdir, dentro da propia directiva, un movemento de reclamación da propiedade dos montes comunais para a parroquia.

Nesta etapa conquírense os premios ao Mellor Teleclube Provincial, Mellor Teleclube Rexional, Mellor Teleclube de España e Mellor Animador Cultural.

Póñense os primeiros teléfonos nas casas, as traídas de auga nos barrios teñen un auxe e levouse a cabo a permuta coa Igrexa do Campo da Costa, constrúese o Colexio Infantil e danse os primeiros pasos para a creación da Vogalía da Muller.

DELIO GUISANDE ALONSO.

O seguinte cambio da directiva produciuse o día 7 de abril de 1979, Guillermo Alvarez Pérez cásase e trasládase a vivir para o Concello de Salvaterra de Miño, motivo polo que por aplastante maioría do resto dos directivos, ratificado pola Asemblea Xeral, pasou a ser Director o que dende os inicios do Teleclube fora o tesoureiro: Delio Guisande Alonso. Con el estiveron: Florentino Ramilo Costas, Isidro Piñeiro Pérez, Rodrigo Alonso González, Sergio Estévez Fernández, Isidro Barreiro Quintas, Xosé Ramón Seoane Rosende, Teodoro Piñeiro Alonso, e un longo etc. ata completar 50 membros, mantendo os mesmos criterios de organización que o seu predecesor e a maioría dos seus colaboradores.

No ano 1978 danse os pasos necesarios para adecualos Estatutos a nova normativa e a transformación do nome “TELECLUBE C.C.A.R.-Valladares” polo de “C.C.A.R.”. Os cambios fundamentais foron que o Presidente pasou a ser Director, o Monitor Animador Cultural e o máis importante o CCAR pasaba a ter capacidade xurídica. Esta petición foi aprobada o 2 de maio de 1979, polo Goberno Civil de Pontevedra. A pesar desta modificación, para moitos veciños o Centro seguiu e segue sendo o “Teleclube”.

Empezando ca etapa social de cara a atender tódalas necesidades dos veciños/as, viñan funcionando na parroquia as alcaldías de barrio desempeñando estas tarefas Teófilo Piñeiro (Barrocas), Ramón Rodríguez (Carregal), Luís Martínez (Freixo), Julio Cabezas (Igrexa), Lucho “Parrandas” (Garrida), Sergio Estevez “Bernabeu” (Portal), o Sr. Justo e despois Tino

(Sobreira). Con eles empezouse o movemento parroquial propiamente dito ao traveso do C.C.A.R ata que o Concello eliminou esta figura o que deu pé a por en marcha as comisións de barrio.

Os equipos de fútbol Sala fundáronse en 1979 polo socio Agustín Fernández, autorizados pola Xunta Rectora xa mencionada, e correndo os gastos por conta do C.C.A.R. Nun primeiro momento existiron tres equipos: o "A" e o "B" foron inscritos na Federación galega de Fútbol Sala, mentres que o terceiro foi concibido para participar en torneos de sociedades e, tivo só tres anos de existencia. Na actualidade, ademais destes dous equipos hai outros que manteñen tamén unha boa relación co C.V.C.V. e, se traballa na extensión deste deporte a tódalas categorías. Aínda que cada equipo ten o seu delegado/a, existe unha coordinadora de todos eles.

Delio foi o directivo da transición na parroquia de Valladares por infinidade de razóns, foi o verdadeiro "Adolfo Suárez", primeiro porque coa ausencia de Guillermo, asume a Presidencia, segundo porque foi un formador de directivos naquela época, ao seu carón os que compartiron tarefas nas directivas aprenderon a valorar infinidade de cousas que se descoñecían, a traballar polos demais sen pretender recibir nada a cambio, a ser honrados e darlle valor ata a derradeira peseta (cantas sesións ata altas horas da madrugada porque os números non cadraban... e volta a empezar) e por último porque sempre foi un home que tendeu pontes entre diversas formas de entender o feito cultural e entre persoas. De tódolos directivos nestes anos foi dos poucos que arriscou o seu propio patrimonio persoal perante longo tempo para que o Teleclube, o CCAR., ou o CVCV., seguiran funcionando e non se pecharan. Naqueles tempos as débedas solventábanse con préstamos persoais nas entidades financeiras, na actualidade con pólizas de crédito sobre o patrimonio que van pasando de directiva en directiva. Hoxendía despois dunha longa travesía no Teleclube, CCAR., CVCV., e o seu paso polo "mellor" Clube Deportivo Valladares, segue en activo exercendo como Secretario da Comunidade de Montes.

A SEGUNDA AMPLIACIÓN

O día 22 de agosto de 1972, procedeuse a inauguración oficial do Teleclube a que asistiron as autoridades do momento encabezadas polo Alcalde D. Antonio Ramilo Fernández-Areal e o Asesor Provincial de Teleclubes D. Alfonso Paredes.

A principios do ano 1975 e diante da trepidante dinámica das actividades que se xeraban día a día, en Asemblea Extraordinaria celebrada o día 12-05-1975, tómase o acordo de permutar con Evaristo Ramilo Figueroa o terreo colindante e iniciar as obras de ampliación. Despois de ano e medio aproximado de obras, de novo se procede a inaugurar as novas instalacións acudindo ao acto infinidade de autoridades locais e provinciais, interpretando a banda de música de Valladares varios pasodobres.

Para esta ampliación, máis que nunca a achega dos veciños foi fundamental. Os directivos contactaron coas empresas da parroquia e pediron a axuda de cada unha delas. O que tiña un camión púñao a disposición do centro, o que vendía cemento achegábao gratis, etc. Destacaron Nilo Davila e Ernesto "Cacharrón", que se encargaron de facer toda a estructura de arriba abaixo, ou os irmáns Vila Comesaña que asumiron todo o traballo de carpintería. Julián Alonso Davila e outros moitos, colaboraron co seu traballo e a súa ferramenta para mellorar os accesos. Infinidade de veciños da parroquia traballaron, sobre todo os sábados e domingos. Foi así como remataron co soto e as dúas plantas coas que conta agora o Centro.

Obras na parte traseira do C.C.A.R.

Con todo isto quedouse cun déficit de doce millóns das antigas pesetas, cando a obra estaba valorada en máis do triple. Isto amosa claramente que a achega veciñal foi moi alta.

A recuperación económica veu dada pola imaxinación daquelas persoas que, entre outras iniciativas, puxeron en circulación uns bonos recuperables, que despois ninguén cobrou por vontade propia. Neste punto tamén colaborou moita xente de fora.

A cantina foi administrada pola asociación e, constituíu unha importante fonte de ingresos. Cando había que traer mercancía, os irmáns Vila puñan a furgoneta e Jorge Barreiro puña o diñeiro, que só cobraba cando a cantina se recuperaba economicamente. Tódolos directivos, pasaron polas súas quendas de servicio na cantina, salvo os fins de semana que contrataban a unha muller. Esta muller non foi outra que Élida Alonso Alonso

Mención especial neste apartado para Manolo "Curro" cantos días perdeu do seu traballo e como lle quería a cantina que naquel momento era a alma económica do centro.

Pouco antes da inauguración da obra, coincidindo coa asistencia a un acto na honra de Miss Pontevedra, Delio, que entón era o tesoureiro, e Ignacio Costas, invitaron ao Comandante da Mariña a asistir á inauguración, que poucos días despois ía a celebrarse no novo local. Pero houbo un malentendido coa data e o comandante presentouse no centro, a tarde do mesmo día en que se atoparan en Pontevedra, momento no que se traballaba aínda nos retoques finais.

Ignacio deuse conta dunha eiva que existía no Centro Cultural, dado que moitos socios non facían case uso das instalacións. Por este motivo, en 1981 creouse a "Festa do Socio". As primeiras que se celebraron foron no Monte Cepudo, aínda que na actualidade faise no Monte dos Pozos.

Esta festa recibiu varias modificacións co tempo. Unha delas foi a que levou a cabo Delio Guisande, que a ampliou a "Festa do Veciño e do Socio" en 1989. Máis tarde, comezouse a celebrar tamén nese mesmo día a "Festa do Polbo". Corría o ano 1990, cando se decidiu celebrar por primeira vez esta festa de carácter gastronómico, que xa se celebraba no Carballiño. A aceptación do polbo que se deu entre os veciños e foráneos, fixo que esta cita acadase o rango de Festa Gastronómica de Interese Galego.

Pero non tódolos cambios foron deste tipo, senón que tamén a animación da festa mudou considerablemente. Nun primeiro momento, esta reunión de socios amenizábase con actividades que se desenvolvían no C.C.A.R.

Sirva como exemplo o programa do ano 1983, cando se celebrou a segunda destas festas no mes de xullo. Despois da misa no Monte Alba, os socios se desprazaron ao Cepudo, onde se fixo a sardiñada, mentres se gozou coas actuacións do grupo de gaitas "Aturuxo", do concerto da "Unión Musical", do grupo de danza infantil, do teatro "Escoitade" ou do sorteo de Cornelio (o carneiro).

Co tempo, esta festa perdeu este compoñente, pois ao ter tamén subvencións foráneas, pasaron a ser contratadas tamén outras agrupacións e, ao ampliar o público, anulouse o carácter de veciñanza que existiu en tempos.

Para converterse nun acto máis aberto, máis humano, máis solidario, xa que os veciños de Valladares gústalle compartir mesa e mantel cos seus familiares e amigos, e iso é o que está a acontecer agora, resucitando non só unha festa de veciñanza senón unha Festa de Veciñanza e Amizade."

Varios Expresidentes.

Nesta etapa xurdiron varias das actividades que ten na actualidade o C.V.C.V. Unha das primeiras foi o grupo folclórico. Este foi creado o 13 de marzo de 1982, co apoio da directiva. O seu primeiro nome foi “Coros e Danzas” e estivo nos inicios baixo a dirección de Josefina Cabadas Costas. A presentación oficial foi no ano 1983. Catro anos despois, en 1987, o grupo de baile pasou a ter como profesor a Emilio Sotelino Domarco e, un ano mais tarde a Albino Iglesias Rodríguez. En maio do ano 1991, a Xunta Directiva novamente contou cos servicios de Josefina Cabadas e cambiouse o nome do grupo polo de “Ledicias”. En 1994, pasou a ser profesora Dona Margarita Pérez Lorenzo. O programa deste grupo abarca tódolos estilos de danza de baile populares do folclore galego: muiñeiras, xotas, polca, pandeiretadas, fandangos...

No mesmo ano, naceu tamén un grupo de gaitas: “Aturuxo”, que xurdiu ao amparo da escola de gaitas (que fora creada a finais de 1979), dirixida naquel momento por Nazario González Iglesias, coñecido polos seus alumnos como mestre “Moxenas”. A súa presentación pública foi tamén en 1982. Durante varios anos, os éxitos foron copiosos ata que, en 1995 morreu o mítico “Moxenas”, pasando a facerse cargo da escola e do grupo don Xosé Manoel Oliveira Rodríguez. Un ano despois, creouse a escola de

percusión ao amparo de “Aturuxo”, dirixida por don Xosé Cristóbal Pascual Pérez.

Ademais, comezouse a publicar en 1982 unha revista informativa para os socios, que se chamou “O Adro”, da que saíron seis números. O equipo de redacción estivo composto por Raúl Alonso, Albino Iglesias, Alberto Costas e Benigno Comesaña, coa colaboración de Marina Figueroa, Isidro “Caseiro” e Xuntanza Xuvenil. Tratouse dunha publicación que deu cabida a todo tipo de actividades relacionadas coa parroquia.

No libro de Javier Campos Calvo Sotelo sobriño do que fora Presidente do Goberno español no ano 1981 faise referencia a esta revista, publicado pola Universidade Complutense de Madrid no ano 2008 (Facultade de Xeografía e Historia) na memoria presentada para optar ao grao de Doutor baixo o título “La Música Popular Gallega en los años de la Transición Política”.

É tamén destacable o volume de actividade que tiña daquela Xuntanza Xuvenil, organizando e participando en diversas actividades como: a I Gran Movida, as alfombras do Corpus Christi, a excursión ao curro de Morgadáns, as cucañas de San Campio, a marcha a San Xulián e o I Festival de Rock.

As categorías inferiores do fútbol parroquial pasaron nesta época a ser xestionadas polo C.C.A.R. e, xa en 1983 naceu o equipo de balonmán “C.C.A.R. Valladares”, aínda que tivo unha existencia relativamente curta.

O número de actividades coas que contou o centro foi crecendo a un ritmo vertixinoso. De feito, Ignacio Costas viviu un par de anécdotas curiosas. A primeira delas tivo lugar cando, alá polos comezos da década dos oitenta, se comezaron a ofrecer unha serie de axudas ás entidades culturais. Así foi como, sendo presidente da Deputación de Pontevedra Mariano Rajoy Brey, Ignacio asistiu, como representante do Centro Cultural, a solicitar subvencións para a Banda de Música, o grupo de teatro, a coral, o grupo de baile e o de gaitas. Ante o número tan

grande de agrupacións, Rajoy quedou sorprendido e, bromeou coa posibilidade de que estivesen facendo trampa.

A segunda delas tivo lugar nunha homenaxe que lle fixeron a Ignacio no "Nova Olimpia", ao que foron tamén tódalas actividades. Estando reunida alí a xunta directiva, chegou o Comandante de Mariña, que se quedou abraiado ao coñecer quen era o presidente de todos aqueles grupos alí concentrados.

En 1984, algúns actos e actividades do centro montábanse en vídeo, constituíndo pequenos documentais, que despois se proxectaban polos bares da parroquia e no propio Centro. Os artífices desta actividade foron Teodoro Piñeiro, Manolo Dasilva e Moncho, o fotógrafo.

Nesas alturas, se produciu un fito moi importante para o entón Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares. Foi a consecuencia da moción de censura presentada polo grupo de concelleiros do que formaba parte Agustín Arca, no pleno do 7 de marzo de 1983. Acadouse o acordo de "Alteración da Cualificación Xurídica dos Bens de servicio Público na Parroquia de Valladares".

Con data de 14 de abril, da man do alcalde Manuel Soto Ferreiro, o Concello de Vigo acordou vender a finca de 503 m². Despois da súa aprobación pola Consellería correspondente da Xunta de Galicia, a Xunta Rectora do C.C.A.R. presentou o prego de condicións para a venta mediante concurso. Con data de 15 de outubro dese mesmo ano, compareceron ante o notario Alberto Casal Rivas os representantes do C.C.A.R. con Ignacio á cabeza, e asinaron o acordo polo prezo de 344.585 pesetas. Este importe foi o resultado da suma do valor do terreo (188.625 pesetas) e da actualización da compra (155.960 pesetas).

No pleno do 16 de novembro, ratificouse por maioría absoluta a propiedade ao C.C.A.R. da finca chamada Senra, na que estaba situado o seu centro cultural. Estableceu entón que, a finca sería destinada a conter un centro sociocultural parroquial e que os licitadores participarían sen afán de lucro.

TEODORO PIÑEIRO ALONSO.

Teodoro Piñeiro Alonso colleu o cargo de Director do CCAR o día tres de marzo de 1985, estando de seguido ata o día 20-01-1989 tendo como subdirector a Rodrigo Alonso González, como secretario a Julián Comesaña Cabezas, Vicesecretaria Salomé Davila Abalde e tesoureiro a Antonio Correa Gato, na súa primeira etapa, pasando despois a desempeñar o cargo de Vicepresidente Enrique Comesaña Davila e David Comesaña Vila, Secretario Roberto Fernández Santos e Vicesecretaria Raquel Pérez Costas e Susana Bª. Otero Vila, Tesoureiros Óscar Piñeiro Alonso, Antonio Correa Gato e Animador Cultural Raul Alonso Rodríguez. Con Teodoro de Director si nas anteriores directivas as Comisións eran o eixo de traballo, aparece un novo concepto "organigrama", exportable a outras directivas do entorno interesadas neste xeito de funcionar, e así aparecen os responsables de Economía de Organización Administrativa, de Facenda de Patrimonio de Cultura Educación e Xuventude de Benestar Social de Deportes de Obras, Servizos e Recursos Naturais, de Relacións Públicas. Ademais dos citados convén subliñar a Manuel Comesaña Costas, Carlos Martínez González, Carlos Alonso Piñeiro, Carlos Comesaña Vila, Manuel Dasilva Díaz, Fernando Liboreiro Carbó, Olga Guerrero Otero, María Alonso Salgueiro, Lucía Salgueiro Pérez, Antero Piñeiro Prado, Marcelino Barreiro Fernández, Eladio Guisande Alonso, Emilia Alonso Costas (madriña), Manuel Costas Piñeiro, Jorge González Fernández, Agustín Fernández Fernández, Carlos Figueroa Costas, José Carlos Freiría Maceira, Juan M. Ferreira Estévez, Roberto Figueiras Fernández, Adriano Alonso González, Antonio Comesaña Nores, Juan M. Davila Davila, Antero Rodríguez Davila, Luís Guisande Salgueiro, Javier Román Costas, Guillermo González Alonso e Álvaro Costas Carbó.

Antes de ocupar o cargo de Director xa tiña desempeñado unha serie de importantes tarefas no Teleclube. Dende 1971 formou parte da primeira Xunta Directiva, primeiro como vogal, como secretario e, como animador cultural a continuación. Neste último cargo o centro acadou **o premio de Mellor Animador**

Cultural a nivel nacional en febreiro do ano 1978 (que non foi o único, xa que a nivel provincial e rexional, acadaron outros en novembro do mesmo ano e, en novembro de 1982).

En 1979, a raíz das primeiras eleccións democráticas nos concellos, entrou a formar parte das listas pola coalición Unidade Galega, representando ao P.S.G. Saíu como concelleiro de Vigo. Foi neste momento cando houbo de deixar o seu cargo de animador cultural. Neste período en que estivo como concelleiro ata o ano 1983, deuse o deslinde dos montes veciñais e cedéronse parte dos dereitos sobre os montes a propia parroquia.

Nesta etapa céntranse fundamentalmente no tema cultural, dado que no eido veciñal viña funcionando a Xunta Parroquial que se encargou de tódolos aspectos relacionados cos asuntos veciñais de tipo infraestructuras (camiños, lixo, augas, saneamento, etc.). Tiveron o propósito de promover un mínimo de tres a cinco actos culturais ao mes e potenciar a Unión Musical, que acababa de entrar no Centro Cultural e tiña falta de determinados medios.

No ano 1989, naceu unha nova actividade no Centro, o grupo de pandereteiras “Cantarela”, co obxectivo de recuperar os cantos populares e a técnica de toca-la pandeireta, pandeiro, cunchas e outros instrumentos que acompañan estes cantos. Estivo dirixido por tres mestres. Conta cun repertorio formado por cantos recollidos directamente nos pobos e vilas de Galiza (As Neves, Avión, Zobra, Carballo, Salvaterra de Miño, etc.).

Durante este mandato colleu novamente forza a agrupación de rapaces Xuntanza Xuvenil, liderados por Isidro Costas Piñeiro, e coa participación de Carlos Alonso Piñeiro, Emilio, Ramiro... Para varios deles, foi o primeiro contacto coa vida veciñal. Aínda que o traballo que se fixo non foi demasiado, o importante é que aprenderon dos maiores. En ocasións, con moi pouco presuposto organizaron todo tipo de actividades. Foron eles os que sacaron o Entroido ás rúas e, foron a Vigo, ás salas de festas... Tratouse ademais dun grupo moi concienciado coa natureza e coa recuperación das tradicións da parroquia.

Nesta etapa foi cando naceu a revista O ADRO.

Nesta etapa acadou o Centro Cultura A. R. de Valladares, no ano 1988, o PREMIO RECONQUISTA outorgado polo Concello de Vigo co gallo da FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO. Premio que daquela se lle concedía á ENTIDADE que máis salientara en Vigo no ameto da Cultura, da Actividade Social, Empresarial, etc.

Nos anos 82/83/84 con Ignacio Costas desaparece Xuntanza Xuvenil.

Sendo Doro Director do CCAR e Delio Presidente do Clube Deportivo Valladares, póñense as bases da Escola de Fútbol en canto a convenios, filiacións, cesións, etc.,, Escola que se crea e pasa a depender do CCAR, no ano 1982 con Ignacio de Director.

Se a figura de Doro é grande como directivo, se agranda máis como autor teatral nos diversos foros da farándula, Mostras de Teatro de Ribadavia, Vigo, etc. Calquera libro de texto que collamos referente a autores teatrais galegos alí figurará o seu nome. Na actualidade desempeña a cargo de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común.

O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES.

Cada vez máis, fóronse acentuando os problemas existentes entre o Centro Cultural e a Xunta Parroquial, por iso, se pensou na necesidade de xuntar ambas agrupacións e comezar a traballar unidos pola parroquia. E isto acadouse no ano 1989, cando o presidente da Xunta Parroquial era Florentino Ramilo e, o do Centro Cultural Teodoro Piñeiro. Ambas entidades fixeron asembleas e consultaron aos seus socios a posibilidade desta fusión. Despois elixiuse como novo presidente, que repetía

mandato no C.C.A.R.: Delio Guisande Alonso. Xunto a el traballaron María Alonso, Orencio Ramilo, Carlos Alonso, Sergio Estevez, Isidro Costas, Isidro Barreiro, Enrique Alonso, etc.

Para canalizar os cartos ingresados en "Valores Independentes" no ano 1979 o Concello poñía pegas para que aqueles cartos se orientaban a traveso do C.C.A.R nace polo tanto a Xunta Parroquial, na que se agrupan o C.C.A.R. , os alcaldes de barrio, as comisións de barrio, e no que noutros lados eran as Asociacións de Veciños, aquí chamámoslle Xunta Parroquial. Con ela iníciase a reclamación dos montes veciñais, a través dela nace o 1º PLAN DE ACTUACIÓN PARROQUIAL, investíndose preto de 20 millóns de pesetas no asfaltado dos camiños da Igrexa, Carretera da Gándara e Carretera do Regueiro. As peticións dos barrios non atendidas, quedaban priorizadas para un 2º PLAN DE ACTUACIÓN PARROQUIAL. As forzas vivas da parroquia fallaron neste 2º PLAN ao non priorizar o asfaltado do Camiño da Pinguela, sendo este un dos argumentos empregados polos veciños de Freixo para crear a Asociación de Veciños de Freixo, isto..... a capacidade de "división" do Alcalde Manuel Soto Ferreiro e a excusa do vertedoiro do Zondal. Estes ingredientes deron pulo a formación da Asociación de Veciños de Freixo no ano 1987. Se algún problema se suscitou entre o C.C.A.R e a Xunta Parroquial neses anos foi a distribución dos cartos na parroquia. Deixar claro que a Comisión de Montes sempre mantivo que os cartos debían repartirse con criterios de proporcionalidade, racionalidade e priorizando actuacións.

Algúns dos logros desta directiva foron a configuración da cafetería, a celebración do primeiro certame de rondallas, a construcción do pavillón de deportes, etc. As mulleres foron as primeiras encargadas de crear a comparsa do Entroido, antes de que o escultor Remixio pasase a facerse cargo desta tarefa, dirixindo esta actividade María Alonso.

As necesidades de fusión entre o C.C.A.R e a Xunta Parroquial levouna de forma total e absoluta a Directiva de Delio Guisande e de forma moi directa con Tino Ramilo e Isidro Barreiro Quintas, pedindo en algún momento a intervención do Sr.

Arca, xa que os conflictos maiores viñan dándose á hora de solicitar as obras de mellora para a parroquia, as cales chegaban ao Concello solicitadas por dúas entidades, sen saber alí moi ben por onde tirar máxime que o peso de representación parroquial estaba decantado a favor do C.C.A.R. Ante esta situación facíase necesario chegar a un entendemento entre as partes e despois de diversas reunións entre as Directivas pasouse a informar as/os veciños/as e socios/as de como se atopaban as mesmas, así como cal sería o nome que se lle daría á nova entidade, xa que este era o último fleco que quedaba por cerrar, debateuse ao final entre dúas opcións "C.C.V.V." ou "C.V.C.V."a primeira recollía o da Cultura en primeiro termo e a segunda o de Veciñal en primeiro termo, sendo esta a que se levou para a súa aprobación, para o cal Delio facía un simil entre o "Cabalo de Vapor=unidade de potencia, de símbolo Cv" e a dobre potencia que adquiría CVCV. Lembrar que cando se fixo esta comparación Carlitos que estaba de pé na Asemblea escarallouse de risa, e o resto tamén.

Na fusión, os directivos da Xunta Parroquial pasaron a selo da nova entidade ocupando o cargo de Vicepresidente Florentino Ramilo.

Os entroidos naceron na primeira Directiva de Delio Guisande, montándose por primeira vez un grupo de mozos disfrazados e facendo música, encabezados por Javier Comesaña(Beade) daquela músico da Banda de Valladares, e actualmente mestre da Banda da Estrada, o cal co seu saxo, acompañado dos demais membros fixeron "polvo cas orellas" paseando pola rúa Príncipe e outras da nosa cidade, dando pé a que dende o Concello puxeran en marcha o Entroido, da man do concelleiro Santomé e o empregado Bienvenido de Beade, sendo chamado Delio a diversas reunións no Concello para dar ideas para a súa posta en marcha. Así naceu o Entroido vigués, tal como está concibido hoxe. Valladares participou na primeira edición co tema "Cans da Guerra" nos que se representaba a Bush (pai) e a Sadám con un bombardeiro. Este avión montouse todo en "Xeso", esparto e arame sobre unha alta plataforma, sendo o seu aspecto impresionante grazas ao impresionante traballo feito

polos escaiolistas da parroquia.Tamén se puxo en marcha o Entroido de Valladares a ónde acudían as comparsas de outros lugares, celebrándose primeiro no Adro e despois na Gándara.

Antes da consecución do Pavillón de deportes, levouse a cabo un labor inxente para conquerir os terreos da Senra (Pedregal). Delio sufriu a ameaza do dono dunha finca prometéndolle que lle ía meter cinco tiros no corpo. Outros donos negáronse a ningún tipo de negociación, facendo que as xestións foran moito máis farragosas (David Comesaña Vila, Sergio Estevez Davila, Alfonso Pérez Freiría, Jorge Barreiro Alonso e outros máis, levaron o peso das negociacións). Despois tamén interveu Montes e adquiriu varias fincas en propiedade, xa que as primeiras pagounas o Concello, sendo o seu impulsor o Sr. Arca. Deste bo Concelleiro hai que lembrar que na anterior directiva de Delio, e estando el de representante da Deputación en Vigo, ao traveso do seu partido, conqueriuse que se asfaltasen as estradas do Portal, Barrocas, Laranxo e Freixo-Igrexa. O C.C.A.R. tiña que conseguir o morrillo e axudantes, e a Deputación poñía a maquinaría e o piche, ao final pagaron o morrillo tamén. Como axudante interveu Campio Comesaña o cal foi o “Empichador” maior do Portal, no Laranxo tíñamos negociado co domo a finca que da entrada dende a Estrada Xeral, despois de máis de sete reunións e chegado a un acordo económico, antes falárase de permutas, déuselle visto bo á obra, pero ao chegar alí as máquinas presentouse o dono e dixo que os cartos por diante, ou que senón non se lle tocase o seu terreo. Como o trato fora o de pago con un pagaré a seis meses esta nova e intransixente postura, rachou o compromiso e asfaltouse o Camiño do Laranxo sen tocarlle á devandita finca. Mais tarde e ca morte do domo da finca, chegouse a un acordo cos fillos, e por fin comprouse o terreo na súa totalidade, quedando unha entrada ampla, que permite incluso aparcar nas dúas marxes. Significar que o pago realizouno o Concello como si se tratase dunha finca máis da Senra, como sempre o mediador e valedor foi o Sr. Arca, e as dúas directivas de Delio queren facer mención especial para este benefactor da parroquia. Si hoxe hai Pavillón, Novo Centro

Social, Parque e Piscina, debeuse en gran medida ao Sr. Arca, xa que cría el moito máis no futuro de Valladares que algúns veciños os cales puxeron tódolos atrancos para que isto que hoxe empeza a ser realidade, non tivera continuidade, xa que algúns deles seguen ca mesma teima e mantéñense ca súa leira e coa leria.

O Pavillón de Valladares foi o único de tódolos contruídos polo Concello que non foi xestionado por eles, xa que nunha pelexa dialéctica co Sr. Álvarez Salgado, a sazón concellal de deportes, e co Director do Centro Municipal das Travesas, quen lles fixo a vida imposible a Tino e a Delio, pero que ao final tivo que dar a súa man a torcer, e deixarnos tódala xestión ao C.V.C.V. Esas batallas foron gañadas pero a guerra segue, e debe ser agora cando se trate o tema do Pedregal na súa globalidade e a titularidade debe corresponderlle á parroquia de Valladares ao traveso do C.V.C.V. e da Xunta de Montes en Man Común de Valladares ¡¡NON ESQUECELO!!

Hai algúns nomes que non están reflectidos en función de seu traballo: casos dos finados Belarmino González Alonso, Florentino Ramilo (Tino), Victorino Martínez Alonso e Xosé Ramón Seoane, todos eles loitadores ao traveso do movemento asociativo de todo tipo (CVCV, Apas, Augas, Fútbol, Montes, etc) sin esquecernos de Isidro Barreiro Quintas, salvo Victorino, homes con un historial na loita sindical nos momentos máis represivos da Garda Civil e Policía Franquista, tocándolle fuxir e esconderse no monte, donde algúns pasábanlle información de como se ían desenvolvendo os acontecementos. Algúns deles foron malleirados e levados aos calabozos polo Garda Civil. Eles coa súa loita nas empresas, na cidade e na súa parroquia fixeron posible un futuro cheo de liberdade e de xustiza.Por todo elo Valladares non debe esquecelos e en algún momento habería que pensar nun recoñecemento público. No caso de Victorino foi un rebelde desde o seu especial catolicismo o cal aplicabao ao seo leal saber e entender. Iso creoulle bastantes problemas ata o punto que nesta “historia” en vez de nomealo faise constar como

o “fillo de Elida”. Tamén tivo problemas co cura D. Javier o cal terminou, en compañía doutros veciños por chimpalo da parroquia. Tamén interviu de cheo na expulsión da Directora do Colexio Público da Igrexa e o seu home, que exercía como mestre, e tiña fama de pegarlle aos cativos. Polo demáis traballou en tódolos eidos e sempre estaba disposto a colaborar. Con ou sin razón é un cacho de historia de Valladares.

Na primeira directiva do Centro Veciñal e Cultural convén aclarar que o pavillon non era para Beade, no pleno do concello o que pasou foi que o finado Agustín Arca queriao ubicar máis preto da estrada pero houbo problemas cos dos terreos polo que se tomou a decisión de facelo onde está sopena de perder a subvención. Por estas datas fíxose o primeiro colector chamado G13 que é o que desemboca no Lagares.O proxecto solo chegaba á escola e tivemos que facer un gran traballo a nivel político e conseguimos que chegara ao Bar Catro Ventos, semáforos na Garrida e no centro foi un traballo moi duro pola sencilla razón que a súa colocación lle pertencía ao governo galego e se negaban a poñelos, fixemos xestións co concello o cal sendo Alcalde Príncipe comprometeuse a adiantar os cartos e poñelos, levouno a pleno e o Partido Popular opúxose. No centro están os acordos plenarios e de comisións de governo por si queredes lelos. Total que tivemos que empezar de novo ata que conseguimos que os puxera o Concello. Unha das obras da que nos sentimos orgullosos sendo todo o traballo importante, falando como centro , foi cando metemos a auga de Seragua en tódalas casas da parroquia sendo unha xestión moi necesaria porque naquela época a maioría dos pozos estaban contaminados. Quedoulle unha toma de auga pagaran ou non pagaran e gratis para o torreiro, o campo de fútbol e algunha mais, e cuxo custe foi de 50.000 pta por casa, isto logrouse depois de moitas entrevistas con Dolores Villarino que era responsable e fíxose coa aprobación da Asemblea tanto por parte do Centro como da Xunta de Montes para dar o permiso para o depósito dos pozos.

Sendo Delio Guisande Alonso Presidente do C.C.A.R e Isidro Costas Piñeiro Presidente da Comunidade de Montes, creouse unha nova figura na parroquia a figura do “xestor”. A novidade desta

figura radicaba en que ía a ser remunerada, pretendendo cubrir un vacío nos horarios dos directivos. Os gastos desta figura asúmeos a Comunidade de Montes. A primeira persoa que ocupa este cargo é Isidro Piñeiro Pérez sendo relevado posteriormente por Carlos Alonso Piñeiro. Na actualidade a Comunidade paga o 75% e o C.V.C.V. o 25%. Tal e como se levan desenvolvido as cousas nos derradeiros anos, é necesario redefinir o contido das súas funcións. Tódolos Presidentes e Presidentas do CVCV seguramente estiveron e están encantados de que as cousas sigan marchando como marcharon e marchan. Ningún Presidente da Comunidade tivo nin ten a mesma percepción, quizais porque dende un principio dita figura foi absorvida totalmente pola trepidante dinámica do CVCV. Con independenza de quen sexa a persoa que teña ese cargo o que baixo ningún concepto pode ser un condicionante para tódolos Presidentes da Comunidade de Montes, en todo caso debería ser un cargo de confianza que tería que pasa-la reválida de cada elección e de cada nova Xunta Rectora.

Portada do número un da revista “Vai-darlles”.

Foi en setembro de 1989 cando saíu á luz unha nova publicación: “Vai-darlles”. Tratouse dunha revista de creatividade que durou un par de números. Entre os seus colaboradores estiveron: Mª Asunción Alonso, Araceli Da Vila Costas, Xulio Fernández Pintos, Carlos Martínez González, Raúl

Alonso, Daniel Benavides, etc. Respectouse totalmente a liberdade de expresión dos artistas e, isto foi o que levou a que algún a empregase de máis. Por iso, o número tres parouse na imprenta e o responsable do consello de redacción, Carlos Alonso, dimitiu do seu cargo en cultura e abandonou durante algo menos de dous anos a directiva. Aclarar que o contido censurado saíu á luz baixo o título de "Folla +".

Vai-Darlles foi un problema desde o primeiro número, pero a pesares de tódolos pesares seguiuse a diante con ela, tendo presións de tódolos ámbitos parroquais, de forma especial do Cura Párroco, e o 3º número parouse na imprenta non por un artículo de "Folla+" ou "Folla-" si non por tódolo seu contido que para a maioría era noxento, xa que a dictadura deixara grandes problemas educacionais, e o pobo ia lentamente mergullándose na democracia e na liberdade, o cal fixo inviable aquel proxecto.

Ante a tendencia que se estaba a dar noutras parroquias de renderlles homenaxe aos maiores, a directiva de Delio, sendo máis orixinais, introduciron a conmemoración das Vodas de Ouro.

A PRIMEIRA E ÚNICA PRESIDENTA DO C.V.C.V.

María Alonso Salgueiro chegou á presidencia do Centro Veciñal e Cultural despois de ter participado noutras iniciativas. Con só dezaseis anos colaborou na directiva de Guillermo Álvarez, e aí estivo dous anos na vogalía de sanidade. Tras intervir na A.P.A. do colexio da parroquia, entrou a formar parte da xunta de Teodoro Piñeiro como representante de dito centro. Con Delio Guisande xa como presidente na súa segunda etapa foi a encargada en varias áreas, como a de sanidade, a de cultura ou a da muller.

O día 29 de abril do ano 1994, comezou como presidenta con un dilatado repertorio de axudantes como foron: Marcelino Salgueiro Piñeiro, Rosana Ramilo Comesaña, Óscar Piñeiro Alonso, Isidro Costas Piñeiro, Orencio Ramilo Comesaña, Carlos González Davila, Herminia López Fraga, Elisardo Dacosta Torres, Cristina

Vila Quintas, Paz Fernández Troncoso, Rudesindo Vila Abalde, Carlos Alonso Piñeiro, Manuel Pérez Fernández, Begoña Bastos Covelo, Charo Couto Domínguez, Antonio Correa Gato, Luis Arenaz, Agustín Fernández, Carlos Comesaña Vila e Victorino Martínez Alonso.

Como primeira presidenta muller do C.V.C.V., María Alonso veuse obrigada a cumprir moi ben o seu traballo, dado que non podía fallarlle á xente que a apoiara na súa candidatura, ademais de ter que demostrar que unha muller podía ser tan boa presidenta coma un home.

María Alonso fixo que as diferentes áreas tivesen peso propio e tomasen as súas propias decisións. A presidenta realmente cumpría o papel de coordinar tódalas vogalías existentes.

No momento en que se empezou a traballar en grupos máis pequenos, e que non había que agardar pola aprobación de ninguén, a situación volveuse moito máis sinxela e o nivel de actividade puido incrementarse con axilidade nos procesos.

Durante estes anos a actividade da muller no centro foise incrementando, non en relación aos cursos, pois a eles xa asistían con anterioridade, senón no relativo ás decisións e á vida social da parroquia. Con María Alonso como presidenta, as mulleres comezaron a ir á cafetería do centro e, a ocupar certos espacios nos que con anterioridade non entraban. Creou entón unha asociación de mulleres “Pedra da Vella” que intentaba agrupalas e organizar actividades para as mesmas, así como darlles asesoramento xurídico, social, sanitario e laboral.

Neste tempo viña funcionado no centro a Asociación de Mulleres Rurais “O Alba”, quizais por diferenzas de prantexamentos e criterios, houbo un distanciamento entre directivas e terminaron por abandonar as instalacións do CVCV.

Tamén foi fundada a asociación de maiores “NEVOX” que continuou co programa anterior que consistía en organizar numerosas saídas e cursiños aos que estes puidesen optar.

Por mor dunha crise entre Isidro Piñeiro Pérez e a Directiva da Comunidade de Montes, o primeiro dimitiu do seu cargo de Xestor.

Cando foi proposto para desempeñar o cargo, apuntou sen ataduras de ningún tipo que se sometera a valoración e se experimentara durante uns meses, primeiro porque ía ser un cargo remunerado que requería unha serie de horas diarias de adicación e exclusividade e segundo porque podía non ser a persoa idónea..., o que ía para uns meses foi para uns anos, naqueles intres existían dificultades no CVCV e quizais se volcara eu demasía en aguantar o chaparrón, e iste feito creou certo tipo de recelos en algúns directivos de Montes. Como Xestor tivo o placet dos Presidentes respectivos/as do CVCV e non da Comunidade de Montes. Sendo Presidente da Comunidade de Montes, tivo a mesma percepción que tiveron os demais Presidentes e Xuntas Rectoras respecto a esta figura...¡Que contradiccións verdade! Esperemos que no futuro inmediato teñamos a sensatez de encauzar as funcións que debe desempeñar.

Despois dalgún tempo se sacou esta praza a concurso público e, con vintenove anos, Carlos Alonso Piñeiro acada este posto, no que traballa para a Comunidade de Montes e o Centro Veciñal e Cultural.

Dende entón e soamente cun breve paréntese en que estivo afastado do cargo, foron numerosas as iniciativas de tipo cultural que Carlos puxo en marcha.

Así, durante algún tempo, sacouse unha nova revista: “O Galo Choco”, que coordinou Emilio Martínez Iglesias, pero que tamén acabou desaparecendo prematuramente.

Quizais unha das proposicións máis destacadas que puso en marcha, foi o “Revoltallo de Música Emerxente”. Creouse no ano

1993 e, durante os seis primeiros anos foi o seu responsable, aínda que logo, continuouse facendo cos esforzos de "Xuntanza Xuvenil", entre os que se contan Breogán, Rubén, Diego Quintas, Suevia, Raquel, Sergio, Felipe... Entre unha e outras organizacións hai bastantes diferencias de método pero en calquera caso séguense as principais liñas.

Os presupostos cos que se contaba sempre foron moi baixos en relación a outros festivais. Por este motivo o que se tentou foi buscar grupos que non cobrasen demasiado e que non tivesen opcións a tocar noutros festivais. Presentouse como un modo de dar saída a novos estilos e bandas emerxentes

Unha actuación no revoltallo

O festival foi pensado en inicio como unha acampada, aínda que esta nunca tivo demasiada aceptación. Por este motivo, se dispuxeron varias actividades, entre as que destaca o "Ciberrevoltallo", para ocupar o tempo no que non había concertos.

Durante algúns anos, o "Revoltallo" non foi o único festival que se celebrou na parroquia, pois estivo tamén o "Freixo Rock". Neste último, o estilo de música foi máis duro, os seus creadores e organizadores traballaron moito para poder traer algúns grupos con moita sona, pero finalmente acabaron esgotándoselles as forzas e deixouse de organizar, do que falaremos máis adiante.

Un ano despois do nacemento do "Revoltallo" púxose en marcha o "Certame de Regueifas". O primeiro ano traballouse de xeito conxunto coa fundación Alexandre Bóveda da Coruña.

Despois, o encargado de organizalo todo foi o Centro Veciñal e Cultural.

Debido á dificultade que ten a recuperación da improvisación oral de Galicia, creouse a asociación cultural ORAL (Oralidade, Rima, Arte e Lingua) de Galicia, da que foi Presidenta María Alonso Salgueiro, sendo o Presidente actual Carlos Alonso Piñeiro.

Dende entón, e coa excepción de dous anos nos que non se celebrou, é outro dos acontecementos máis orixinais que se celebran non só na parroquia, senón no Concello.

No ano 1994, naceu o grupo de folk Retrincos, para animar a "Festa do socio" no Centro Cultural de Valladares. Ante a boa acollida do grupo decidiuse a formación permanente deste grupo. Como o seu nome indica, "Retrincos" é unha formación que se nutre das diversas actividades musicais que compoñen o Centro Veciñal e Cultural. É pois, a mestura das voces da coral, xunto con compoñentes dun grupo de música tradicional galega, con corda, percusión, vento, etc. En 1996, este grupo sacou ao mercado unha gravación titulada "O Son da Sega".

En deporte, o máis novidoso foi a popularización da patinaxe. Sendo Delio presidente xa se deran os primeiros pasos na configuración do "Clube de Patinaxe" da man de María, pero a súa creación definitiva deuse cando ela xa era presidenta do C.V.C.V., sendo por tanto a Primeira Presidenta do Clube de Patinaxe. Primeiro fixéronse as escolas de patinaxe, e a continuación o "Clube de Patinaxe", que aínda que se nutre das escolas dependentes do Centro Veciñal e Cultural, é independente do mesmo. A partir do segundo ano pasou a ser o mellor de Galiza ata a actualidade.

Actuación das Escolas de Patinaxe Artística.

Foi nesta etapa cando se comezou coa ampliación na instalación do colector que xa se iniciara na etapa de Isidro Barreiro Quintas sendo responsable da Area Veciñal na directiva de Delio. Neste aspecto destacou o traballo de Isidro Costas e os delegados de barrio que coordinaba él na Área Veciñal. Os planos traian moitas ramificacións pequenas, o que facía que o orzamento fose insuficiente para cubrir toda a parroquia. Por este motivo, Isidro deseñou un novo trazado, valéndose dos seus amplos coñecementos da xeografía da parroquia. Co novo esbozo quedaron instaladas todas as liñas xerais do sumidoiro.

Suliñar que o primeiro colector que se fixo na parroquia foi o do Teleclube ao río das Furnas pasando polo Covelo.

Na área veciñal, ademais do xa mencionado do colector, houbo varios problemas importantes aos que lles facer fronte. O primeiro deles foi o do Parque Tecnolóxico. Aínda que a venda dos terreos nos que se ía situar fora configurada e levada a cabo na época de Delio, había un amplo sector dos veciños que estaban preocupados polo que se ía montar alí realmente.

O Parque Tecnolóxico en teoría definíase como de Investigación, Desarrollo e Innovación (I+D+i) pero co paso do tempo, non deixa de ser un novo Polígono Industrial puro e duro e as promesas iniciais de melloras para as parroquias nas que está instalado foron difuminándose.

Desapareceu a Carretera da Moscaveira e como compensación dentro do propio perímetro do Parque se ia a acondicionar unha zoa de ocio para o barrio da Sobreira. Co cambio de Delegado da Zoa Franca, nas xuntanzas tidas con él, negou que iste feito fose certo e que non constaba nada escrito ao respecto.

Outro dos problemas foi o do trazado do segundo cinto que foi paralizado dende o Centro. Conseguiuse un cambio do trazado, aínda que o actual non é o que pretendían dende a directiva.

Deberíase decir tamén que houbo unha proposta formulada dende a parroquia de perforar o monte Sobreiro dende os niveis baixos da casa de Argimiro ata a vagoada da primeira casa de Ito e outra no lateral (ladeira norte)do mesmo monte. Ambas non perxudicaban a ningunha casa e técnicamente eran tan viables como o trazado final.

Pero quizais o problema máis importante pola súa gravidade foi o do peche do vertedoiro do Zondal, que tivo no medio tamén un importante conflicto. Houbo unha resposta esaxerada por parte da policía, que cargou contra a protesta pacífica que se deu. Houbo veciños que padeceron secuelas durante algún tempo despois desta desorbitada resposta policial.

A historia do Zondal é necesario escribilo con pelos e sinais dende o seu inicio. Estamos a principios do ano 2011 e aínda non coñecemos a súa actual situación despois da cantidade de cartos da Comunidade Europea invertidos na súa recuperación. Suliñar que a metade aproximada dos terreos do Zondal son propiedade da Comunidade de Montes de Valladares. É necesario transcribir íntegramente o contido do Pleno Municipal e os acordos acadados cos veciños, incumpríndose éstes reiteradamente.

O documento di o seguinte: Na Casa Consistorial da cidade de Vigo, a once de setembro de mil novecentos noventa e un:

REUNIDOS:

Dunha parte Carlos González Principe, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra parte Manuel Hermida Rodríguez e Rafael Alonso Davila en representación da Asociación de Veciños de Freixo; Orencio Ramilo Comesaña e Eugenio Fernández Davila en representación da Xunta de Montes en Man Común e Delio Guisande Alonso e Isidro Barreiro Quintas en representación do Centro Veciñal e Cultural de Valladares.

Ambalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade respectivamente, para formaliza-lo seguinte convenio.

Autoriza este documento José Ramón Rodríguez Sabugo Fernández, Secretario da Corporación, de conformidade co art. 113 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

ANTECEDENTES:

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 1991, acordou aproba-lo seguinte convenio coa Asociación de Veciños de Valladares.

Das 21 condicións recollidas no documento, faremos referencia a 7.- Unha vez producida a clausura e o selado da zoa afectada, o Concello porá en marcha un proxecto de investimento destinado á recuperación deses terreos de acordo cos usos decididos polos veciños, seguindo o proxecto técnico que decida a comisión de seguimento.

Ningún membro da Corporación Municipal nos derradeiros anos, se leva dirixido a ningún representante parroquial para clarificar a actual situación deste entorno. Parece ser que a única alternativa que nos queda é a de entablar unha reclamación xudicial. ¿Ata cando esta parroquia ten que seguir aportando terreo gratis a cidade de Vigo a cambio de nada?

Dende a época de Picher como Alcalde, o Zondal foi un punto permanente de conflicto, pasou exactamente e mesmo con Soto de Alcalde e fóronse tranpeando as cousas ata o conflicto das detencións. Non se pode obviar que sendo María Alonso Salgueiro Presidenta do C.V.C.V Isidro Costas Piñeiro Presidente da Comunidade de Montes de Valladares, Carlos Alberto González Príncipe, Alcalde da cidade de Vigo e Dona Dolores Villarino Santiso Tenente de Alcalde, ocorreron aqueles feitos. Naquelas datas Dolores Villarino (Expresidenta do Parlamento galego, exercía de Alcaldesa en funcións) sendo a que deu a orde ao Subdelegado do Goberno de carga aos Corpos e Forzas de Seguridade do estado. Aquelas datas están gravadas na chepa de varios veciños e veciñas.

Na carga policial mención especial a Tere Ramilo a que lle deron cunha pelota na cara, a Saladina Novoa cunha pelota no peito, e a detención de Fran Torres, Manuel Ucha e Elisardo Dacosta.

Pouco antes de rematar o seu mandato, a presidenta estivo coordinando as festas de San Campio. Nos estatutos destas celebracións está recollido que en ausencia de Comisión, o Centro Veciñal e Cultural farase cargo da organización das mesmas. Foi a única vez que ocorreu isto. María encargouse de buscar unha serie de persoas que non tiñan nada que ver coa Xunta Directiva para que as nosas festas parroquiais quedaran sen celebrarse.

Estivo como presidenta seis anos, e logo marchou como secretaria do Alcalde Lois Pérez Castrillo, por espazo de dous anos.

Dato destacable desta muller foi o de que sendo Alcalde de Vigo Manuel Pérez Alvarez, dende o día da Reconquista do ano 1999 é Viguesa Distinguida.

A HISTORIA DA VOGALÍA DA MULLER E A A.MM. PEDRA DA VELLA.

A historia do movemento das mulleres na nosa Parroquia, nace dende o momento no que xorden distintos grupos de mulleres que poñen en marcha temáticas de interese para o desenvolvemento das mesmas. Son varias as que comezan a conquistar un espazo a ocupar, coa finalidade de ter representatividade nun lugar onde ata ese tempo só había a presenza de homes, deste xeito Teresa Ramilo Comesaña, Blanca Davila Ramilo e Paz Barreiro Fernández son membras da primeira directiva que se forma no Centro Cultural. Esta primeira presenza e a súa implicación abre camiño ao traballo doutras mulleres.

Ainda que as mulleres sempre participaron nas distintas directivas do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, con pequenas tarefas, importantes pero invisibles como cobrar recibos, empaquetar agasallos para actividades,etc., nunca tiveran presenza en cargos de responsabilidade, é entón na década dos noventa cando se crea a **Vogalia da Muller**, baixo a directiva de Maria Alonso, a primeira muller ao cargo da organización. Esta posta en marcha coincide cun momento no que a política local estaba a apostar polo traballo coas mulleres dende os distintos eidos e dende o contexto das parroquias de Vigo, estando Ana Gandón na Concellería de Muller, poñendo en marcha o "1º Plan de igualdade de Oportunidades de Vigo 1994". Desenvólvese dentro deste marco de traballo o programa "As cidadáns, saen das súas casas".

Formalízase pois a Vogalía da Muller no ano 1992 con María Alonso Salgueiro, acompañada de Oliva Estévez Deaño, Ana Perez Dávila, Purificación Sánchez Calvar, Margarita Sánchez Pérez, Delfina Hermida Vila, Dolores Ramilo Iglesias, M Carmen Lima dos Santos,Marina Ramilo Rodríguez, Esther Alonso Rial, Paz Fernández Troncoso, Begoña Bastos Covelo,Luz Otero Fernández e Mª Elena Pérez Figueroa coa participación doutras mulleres que aportaban o seu traballo dun xeito activo e desinteresado, para

a posta en marcha de distintos cursos, obraoiros, charlas, clases de ximnasia…,etc., destinadas a outras mulleres.

Dende o ano 1994 ata o 2000 cóntase coa Presidencia de Cristina Vila Quintas, co equipo de Purificación Sánchez Calvar,Paz Fdez.Troncoso, Esther Alonso Rial, Marina Ramilo Rguez. Teresa Ramilo Alonso, MªCarmen Lima dos Santos, Begoña Bastos Covelo, Elena Pérez Figueroa, Fernanda Fernandez Troncoso e Beatriz Besada Ramilo, que desenvolven un papel moi importante durante estes 6 anos, nos que se incorporan novas actividades como os cursos de inglés tanto para maiores coma para a rapazada, cursos de galego, cursos de coiro, risoterapia, expresión corporal e comunicación, cursos de cociña mixto para que os homes se involucren nestas tarefas tan dirixidas na sociedade ás mulleres. Tamén se incorporan outras demandas das mulleres como saídas culturais, rutas de sendeirismo, recollida da herbas de S. Xoan, intercambios, e a organización de festas como o antroido para persoas maiores e rapazada.

Nesta época xurden outras necesidades como a posta en marcha de servizos de canguras para fillas e fillos de mulleres que acuden a realización de actividades.

2000-2003.- Montserrat Comesaña Alvarez,Marina Ramilo Rodriguez, Esther Alonso Rial, Eugenia Garcia Rodriguez,Manuela Rodriguez Amorin, MºCarmen Lima dos Santos, MªCarmen Pérez.

2004 ata 2007.- Manuela Rodríguez Amorín, Mercedes Vila Nieto, Marina Ramilo Rguez.Ester Alonso Rial,Eugenia Garcia Rguez.,

2007-2008.- Teresa Ramilo Alonso, Mercedes Comesaña Novoa,Marina Ramilo Rguez., Esther Alonso Rial, Eugenia Garcia Rguez.Mercedes Vila Nieto, Cristina Vila Quintas, Carmen López.

Con esta directiva nace o Banco do Tempo.

2008-2009.- Beatriz Besada Ramilo, Eugenia Garcia Rodriguez, Mercedes Comesaña Novoa, Marina Ramilo Rguez, Esther

Alonso Rial , Natividad Vila Costas,Cristina Vila Quintas, Maria Jose Liste, Mercedes Vila Nieto, Teresa Gonzalez Costas.
Nesta directiva a Marcha Mundial das Mulleres cedeu unha pancarta en contra da violencia de xénero, está colgada no miradoiro do Centro Cultural de Valladares.

2009-2011.- Rosa Vázquez Romay, Beatriz Besada Ramilo,Marina Ramilo Rguez.Esther Alonso Rial,Mercedes Comesaña Novoa, Cristina Vila Quintas, Mercedes Vila Nieto, Teresa Gonzalez Costas, Mª Jose Vila Estevez, Ana Pérez Davila e Maria José Liste.

Todas estas directivas traballan na mesma liña, siguese conservando cursos, talleres,activades porque as mulleres así o demandan.

O traballo na Vogalía da Muller abre camiño a posta en marcha da Asociación de Mulleres Pedra da Vella, que nace para mellorar atrancos da Vogalia e ampliar o traballo desta, achegándonos máis recursos xa non só dende o local senon dende outras administracións que apostan polas políticas de igualdade como a Deputacion e Xunta de Galiza. Estas administracións complementan outras áreas de traballo como a formación para o emprego, cubrindo así un eido determinante na conquista doutros espazos para as mulleres, deste xeito realizáronse cursos como de Carpinteiría, Encadernación de libros, Xardineiría e poda, Axuda a persoas dependentes, Loxística e textil..etc.

Queremos tamén destacar algunhas actividades, pola súa importancia para as nosas mulleres, como a de **"Recoñecemento as mulleres da parroquia",** co obxectivo de visibilizar o seu traballo e os seu saberes para a parroquia, deste xeito foron homenaxeadas mulleres como Dona Laura Davila Fernández, que neste momento ten 101 anos, Dona Herminia Alonso Quintas de 90 anos, Dona Palmira Costas Costas e Dona Pilar Figueroa Ucha.

Outra das actividades significativas a desenvolver son as exposicións relativas ó "25 de novembro dia internacional de

loita contra a violencia de xénero", ou o "8 de marzo dia internacional da muller traballadora", ou en novembro a celebración das xornadas de muller.

No relativo a sensiblización contra a violencia de xénero, a través da actividade de "reconto de mortes das mulleres en todo o Estado", visibilizandoo na silueta de muller na entrada do CVCV.

Outro eido de traballo actual é a participación na Federacion Veciñal Eduardo Chao, na Marcha Mundial das Mulleres(MMM), e no Proxecto Leader AGDR-18, o cal aporta riqueza na representatividade das mulleres en grupos de traballo para o desenvolvemento rural.

CONCLUSIÓNS:

Queremos concluir coa reflexión sobre o avance que suposo todo este traballo descrito, o gran salto para a **participación social** das mulleres que conleva a visibilidade noutros espazos que non son o espazo privado, do coidado da familia e do desenvolvemento de tarefas de agro-gandería. Unha presenza nos espazos públicos ben a través da asunción de postos de responsabilidade como xestoras, ou ben como participantes nos grupos de formación, de intercambio de experiencias vivenciais e de empoderamento para as propias mulleres.

A participación igualitaria é un camiño moi longo, e todo o traballo desenvolto reflíctese actualmente con máis de 300 mulleres en activo facendo cursos, e buscando un espazo de participación, a través de todas as actividades que organizan a Vogalía e a Asociación de Mulleres Pedra da Vella. Algúns obxectivos están acadados como é o de crear un espazo de participación das mulleres, onde non hai tanto tiña unha predominancia masculina, e onde por exemplo unha muller non era aceptada coa súa presenza en espazos como a cafetería.

Para seguir este camiño cara a igualdade de oportunidades é necesario a implicación de todas as mulleres e homes e dun cambio de valores, que facilite nun futuro máis facilidades para todas e todos.

Non podemos deixar atrás todas aquelas mulleres que antes, durante e ata agora, traballaron dende as distintas áreas do Centro Cultural, algunhas das que estiveron e están son:

- Tere Glez Costas,Herminia López Fraga, Nieves Lorenzo Vila, e Esther Alonso Ríal na terceira idade e bodas de ouro.
- Tere Ramilo Alonso, Mercedes Costas Costas e Ana Pérez Davila na Área de Saúde.
- Eugenia García na Ludoteca.
- Tere Ramilo Alonso en Bancos do Tempo.
- Cristina Vila Quintas, Isabel Gonzalez Lorenzo, Lucia Salgueiro Pérez na Área de Cultura.
- María Davila Fernández na Área de Deportes.
- Dona Emilia Alonso Costas madriña do CVCV, na directiva de Teodoro Piñeiro Alonso e Delio Guisande Alonso.
- Carmen Costas Vilaboa, (Mucha), coa sua colaboración se organízou o primer nacemento vivinte de nenas-os no nadal e o primer equipo de fútbol de mulleres na parroquia para arranxar fondos pois a ponte do Foxo un inverno desapareceu.
- Juanita Rodríguez Álvarez e Lidia Rodríguez Álvarez como madriñas do Club Deportivo de Valladares.
- Charito e todas as mulleres que a principios da década dos sesenta montaron elas soias a Festa do Neno Xesús.
- E outras moitas colaboradoras que a pesar de deixar o seu esforzo, non figuran aquí co nome e apelidos, para elas especialmente e para todas, moitas grazas por aportar o seu tempo e as gañas de construir outro mundo posible.

E dende a actual directiva da Asociación de Mulleres Pedra da Vella e a Vogalía da Muller, queremos dar as grazas pola súa colaboración nesta redacción a Carmen López.

ELISARDO DACOSTA TORRES.

O día 16 de abril do ano 2000 foi elixido como novo presidente Elisardo Dacosta Torres. Entre os seus colaboradores estiveron Rudesindo Vila Abalde, Florentino Piñeiro Ramilo, José Vázquez Alvarez, Herminia López Fraga, Alberto Costas Barreiro, Aquilino Cabezas Comesaña, Lucía Salgueiro Pérez, Manuel Pérez Fernández, Juan Manuel Vila Pérez, Adelino Alonso Rodríguez, Pablo Rodríguez Rodríguez, José Comesaña Fernández, Monserrat Comesaña Alvarez e Álvaro Valverde Alonso. Con posterioridade sumáronse tamén Gregorio Álvarez Pereira, Manuel Dasilva Díaz e Antero Rodríguez Davila.

Elisardo comenzara xa a traballar para a parroquia na directiva de María Alonso, baixo o mando de Isidro Costas na Área Veciñal, como representante do barrio da Garrida. Nesta primeira etapa colaborou en temas de saneamento, de abastecemento de auga, na estrada que leva á universidade, nos acondicionamentos da estrada xeral, os últimos problemas do Parque Tecnolóxico, etc.

Xa como presidente, este home caracterizouse por intentar estructurar as liñas de actuación do C.V.C. Consolidou tódalas iniciativas que anteriormente foran instituídas e maximizou o rendemento de cada actividade ou curso, por iso se decidiu cobrar cando fose preciso para que existira unha autofinanciación dos mesmos.

Traballou, sobre todo, na Área Veciñal, xunto a Rudesindo Vila “Tito” e, nunha segunda etapa, con Manolo “Cacha” (que xa levaba contribuíndo co Centro dende que se fundara, como delegado de barrio, conserxe, conductor e, presidente das

“Escolas de Fútbol” durante quince anos) e a Antero Rodríguez Davila.

Os principais problemas aos que tiveron que facer fronte foron: o segundo cinto, o Parque Tecnolóxico e as obras do sumidoiro. Nesta área buscouse a subvención privada por parte das empresas que facían algún traballo na parroquia, sempre intentando que as obras fosen algo mellores do que se planeara nun primeiro momento.

Unha preocupación de Elisardo foron sempre as infraestructuras da parroquia, por iso se afanou en pedir varias delas como a piscina e o material para arranxar o campo das Gándaras, o céspede artificial para o campo de fútbol do C.D. Valladares ou a rehabilitación da casa rectoral. Tamén loitou por conseguir melloras no Plan Xeral... Pero, sen lugar a dúbidas, o maior éxito desde presidente tivo que ver co novo local do C.V.C.V.

En materia de cultura houbo tamén importantes esforzos. De feito, traballouse moito nas montaxes das comparsas de Entroido, conseguiuse o equipamento da Ciberteca mediante un convenio coa “Fundación Esplai” de Barcelona, púxose en marcha o “Festival do Humor”, etc.

Con respecto a isto último, no ano 2000 celebrouse o Primeiro Certame do Humor, por iniciativa de Alberto Costas Barreiro, o responsable de publicidade do Centro Veciñal e Cultural, que anteriormente participara no primeiro, e único, certame que houbera no Porriño e, organizara o do C.C.R. de Beade. A idea foi sempre a de darlle a oportunidade aos artistas noveis para que puxesen a proba as súas habilidades. Co tempo intentase mellorar a calidade do festival contratando a algúns humoristas coñecidos.

Desgraciadamente, este presidente non puido rematar a súa obra, debido ao seu falecemento nun fatal accidente de automóbil ocurrido en Pontevedra, nunha data festiva para a parroquia (estábanse celebrando as Festas de San Campio) o día 30 de

Agosto do ano 2005 a idade de 59 anos. Quizais unha das mellores probas do profundo respecto que sentían os demais por él, estivo no amplo número de familiares, amigos, veciños e autoridades, que o despediron.

Os Presidentes Elisardo e Gregorio

GREGORIO ÁLVAREZ PEREIRA

Pasou a facerse cargo do C.V.C.V. ao ser o vicepresidente, dende o día do pasamento de Elisardo e logo foi ratificado na seguinte Asemblea Xeral

Ata este momento se viña encargando da Área Cultural , pero xa levaba anos traballando na parroquia en iniciativas como a do Cemiterio Particular, a Comunidade de Augas da Garrida, nas ANPAS dos colexios Igrexa e Sobreira, na Xunta Parroquial, na comisión de festas de San Campio ou sendo Alcalde de Barrio da Garrida.

Comezou a súa etapa dando continuidade as actividades e proxectos que estaban en marcha e afrontando os retos pendentes tanto no Centro como na parroquia.

Contou dende aquela coa compaña neste labor de numerosas persoas en distintas labores directivas como foron:

Antero Rodríguez Davila, Manuel Pérez Fernández, Alvaro Valverde Alonso, Manuel Dasilva Díaz, José Vázquez Alvarez, María Isabel González Lorenzo,Teresa Ramilo Alonso, Herminia López Fraga,

Adelino Alonso Rodríguez, Teodoro Davila Rial, Vanesa Silva-Fernández Vila, Rubén Darío Otero Salgueiro, Alberto Costas Barreiro, Manuel Posada González, Gonzalo Alonso Costas, Antonio Giráldez Planes, Carlos Pérez Figueiras, Orencio Vila González, Luís Almuiña Estévez, Manuel Rodríguez Rodríguez, Dionisio Figueroa Fernández, Pablo Rodríguez Rodríguez, Enrique Parra Piñeiro, Beatriz Besada Ramilo, Esther Alonso Rial, Nieves Lorenzo Vila, Eladio Bastos Rodríguez, Mercedes Costas Costas, Carlos Monroy Cerqueira, David Quintas Alonso, Manuel Piñeiro Alvarez, Rodrigo Salgueiro Rial, Norberto Otero Pérez, Julio Guisande Alonso, Manuel Pérez Alonso, Rosa Vázquez Romay, Eugenia García Rodríguez, Ana Pérez Davila, María Davila Fernández, Alberto Villarroel Vila, José Manuel Dacosta Comesaña, Ramiro Alonso, Alfonso Pérez Quintas, Emilio Rodríguez Rodríguez.

Moitas delas xa viñan de anteriores directivas e outras fóronse incorporando como relevo daquelas que o foron deixando por diferentes circunstancias.

O NOVO EDIFICIO

A pesar de que foi inaugurado oficialmente o día 27 de xullo de 2005, debido a unha serie de deficiencias, faltaba a cafetería, as butacas do auditorio, non había mobiliario nin equipos informáticos, non comezou a actividade ata que foi re - inaugurado ,o día 7 de xullo de 2007, nun acto organizado conxuntamente polas dúas entidades que impulsaron o proxecto.

Neste evento ocupouse todo o aforo e houbo moitas persoas que tiveron que seguilo dende os corredores.

Deron comezo unha serie de actos, protagonizados polas actividades propias do Centro e outras dun alto nivel artístico e popular que se desenvolveron ao longo de todo o mes de xullo.

De tódolos xeitos a actividade nas novas instalacións foi esporádica durante o ano 2007 xa que a dotación non estaba completa.

Porén xa se comezou a tirar proveito das posibilidades que ofrecía en canto a espazos logo de ter desenvolvido actos como o concerto reivindicativo, “Á luz das candeas” da Unión Musical de

Valladares, para conseguir a chegada da potencia eléctrica necesaria ao Centro.

Por exemplo, as amplas dimensións do auditorio permitiron acoller grandes eventos culturais como o Circuíto de Teatro "Vigo a Escena" e o Festival Folclórico Internacional, ambos patrocinados polo Concello de Vigo.

Tamén puidemos organizar o Festival Folclórico Interparroquial, o I Certame Escolar de Regueifas, o I Ciclo de Teatro Afeccionado "Valladares Teatral" e darlle maior relevancia ao Festival do Humor.

Houbo outros grandes actos como foron a entrega da Medalla de Ouro de Valladares a Ignacio Costas Piñeiro ou a homenaxe tributada a María Alonso Salgueiro.

Cabe mencionar tamén que o novo auditorio foi utilizado por outras entidades para levar a cabo actividades de marcado carácter social coma o Festival da Asociación "Proyecto Hombre".

No tocante á área veciñal houbo que estar vixiantes con novos asuntos urbanísticos relativos ao Novo Hospital, aos proxectos da Cidade do Deporte, da Cidade do Frío, da Cidade Deportiva do Celta, que ocuparon moitas horas de negociación e reivindicación.

O PXOM provocou numerosos desacordos na súa redacción e na súa aprobación pola Xunta de Galiza o que levou a que a veciñanza da parroquia asistira a manifestación para que se aprobara canto antes.

Outra preocupación importante foron as antenas de telefonía móbil, cuxa instalación ilegal, provocou, grande desgusto e tensión á veciñanza.

Nestas alturas comezouse a reivindicar un parque infantil e outro para a terceira idade nos arredores da cafetería e anunciouse o inicio das obras da piscina municipal.

Canto a noticias positivas cabe destacar que salvo pequenos detalles este foi o ano da finalización do saneamento da parroquia.

E que se aliviou en parte o problema de seguridade vial ao paso polo Polígono de A Pasaxe coa apertura dunha circunvalación.

O eido social, outro piar da actividade do Centro tamén achegou importantes novidades.

Cabe salientar a posta en funcionamento dun proxecto innovador como o do Banco do Tempo do CVCV, que foi presentado publicamente nun acto celebrado o 19 de outubro.

Púxose en marcha un servizo longamente desexado polos pais e nais da parroquia, a ludoteca, na que os pequenos dende os 4 aos 12 anos poden aprender divertíndose.

Os rapaces un pouco máis grandiños tiveron a oportunidade de pasar un verán cheo de actividades grazas o campamento de verán que se organizou por primeira vez.

Comezaron a darse cursos de Formación Ocupacional nas dependencias da nova cociña, subvencionados pola Xunta de Galiza

No ámbito deportivo hai que salientar a inauguración do campo de herba artificial na Gándara, unha antiga petición conxunta co Clube Deportivo Valladares.

Asemade, nesta tempada, comezaron a funcionar as categorías de base no fútbol sala e a correspondente escola na que se incluíron nenos, e por primeira vez, nenas de todas as idades.

No ano 2008 ademais de continuar coa programación das actividades comezadas houbo dúas grandes novidades.

En homenaxe ao mestre de gaitas Nazario Gonzalez “Moxenas” organizouse o I concurso de Gaitas co seu nome, no que

particparon grupos de toda Galicia e que acadou un altísimo nivel interpretativo e de éxito de público.

De moita repercusión tanto a nivel local, nacional como internacional foi a celebración do Simposio Europeo escultura ao Aire Libre “Arte e Tecnoloxía”

Dende o 16 ata o 30 de agosto 8 escultores europeos estiveron a traballar nas súas creacións na explanada superior do Centro Veciñal.

Contouse con artistas procedentes de Italia, Turquía, Alemania, Francia, Estonia, Portugal, Bélxica e o artista local Remixio Davila.

A oferta cultural seguiu a medrar levaronse a cabo concertos de corais coa subvención da Xunta de Galiza, Deputación Provincial e Concello de Vigo, houbo obradoiros de Animación á lectura, sesións de contacontos, Certame de Cómic e o Festival de Danza pola Non Violencia entre outras moitas propostas.

No ano 2009 produciuse unha novidade no que respecta ao Entroido, posto que se pasou de participar no concurso de comparsas a colaborar na organización da programación dada a ampla experiencia que ten a comparsa.

No aspecto deportivo ou de lecer ao aire libre xurdiu a iniciativa conxunta coa Comunidade de Montes da Andaina. Unha marcha polos montes de Valladares para todas as persoas que lles gusta ese tipo de actividade física.

No tocante ao social a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo decidiu organizar o acto de fin de curso das súas actividades anuais no auditorio do Centro acadando unha asitencia masiva.

O aspecto máis triste deste ano foi o falecemento de Alvaro Valverde Alonso (Chicho), persoa dende moitos anos atrás vencellada ao traballo parroquial.

O 2010 volveu contar coas respectivas edicións dos eventos que se puxeron en marcha dende a inauguración e ademais ampliouse coa celebración da Festa Veciñal da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo “Eduardo Chao”.

O Banco do Tempo entre as moitas actividades que programa deu un paso adiante importante grazas á experiencia adquirida nos tres anos que leva funcionando e organizou as “ I Xornadas dos Bancos do Tempo en Galiza”.

O crecemento contínuo e a afluencia de persoas interesadas en participar nas múltiples actividades que se levan a cabo deu como resultado a necesidade de reformar a antiga sede do Centro para convertila na sede da Escola de Música de Valladares e nun prazo non moi longo nun espazo para a actividade física cun ximnasio.

Por outra banda foi un ano de tristura para a asociación posto que o 17 de xuño falecía Ignacio Costas Piñeiro, o primeiro presidente.

Para rematar dicir que se está a celebrar neste ano 2011 o XL Aniversario da fundación do Centro.

Ao longo do mesmo vanse celebrar numerosos actos para darlle a relevancia que tal efeméride require.

O actual Presidente e outros expresidentes nos inicios do Pedregal.

Cando abordemos o tema da Comunidade de Montes falaremos dos 500 metros de falso túnel que se acordaran facer na Sobreira, e como só se levaron a cabo 250. Os restantes quedaran para máis tarde, pero vendo a Comunidade de Montes que xa non se ía construír o que lle restaba ao túnel, decidiron asinar un Protocolo de Intencións, polo cal se comprometían a destinar eses cartos para a construcción dun novo centro veciñal.

Protocolo asinado o día 15 de setembro de 1997 por D. Emilio García Gallego, Director Xeral de Obras Públicas e Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galiza, D. Manuel Pérez Alvarez, Alcalde de Vigo, D. Andrés Muntaner Pedrosa en representación de Autoestradas de Galiza e Isidro Costas Piñeiro en nome da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Valladares

Novo edificio do Centro Veciñal e Cultural.

De todos é sabido que os terreos empezáronse a mercar por parte do Concello e a Xunta de Montes cando presidía Delio o Centro Veciñal na súa segunda etapa e os seus compañeiros e o Centro foi quen levou o peso das compras nomeando catro persoas que foron David Comesaña Vila, Sergio Estévez Davila "Bernabeu", Alfonso Pérez Quintas "Vincios" e Jorge Barreiro Alonso. Estas persoas fixeron un traballo moi duro e neste documento ten que facerse mención de agradecemento ás persoas que non se opuxeron á venda dos seus terreos si non que se brindaron a facelo para a obra social que era. Por outra parte, houbo persoas que defedendo o seu lexítimo dereito a non facelo, non poden ter a mesma consideración que os primeiros e é de xustiza que este documento diga a verdade.

A XUNTA PARROQUIAL E A COMUNIDADE DE MONTES DE VALLADARES.

Na historia más recente desta parroquia está constatado que cando no **ano 1812**, os montes veciñais pasan a ser rexidos polos concellos, os de Valladares seguirían nas mans do Marquesado.

Os nativos escoitamos nas nosas casas despois da Guerra Civil (1936-1939) e implantada a Dictadura ata a morte de Franco (20-11-1975), na década dos corenta, como nosos pais e nais, nosos avós e avoas, nosos tíos e tías , incluso nosos irmáns, en definitiva os nosos antergos, foran **obrigados gratuitamente** a facer a repoboación da inmensa mayoría dos montes que nos rodean.

A Administración xurdida desta situación tanto a nivel local como provincial e estatal van dando pasos e marcando pautas, sendo A Gardería Rural e o Instituto para a conservación da Natureza (ICONA) institucións que empezan a ser coñecidas e familiares para os vecinos/as.

As caras dos Gardas Forestais Faustino do Foxo, O Parrandas ou Bigotes de Bembrive, Jenaro de Beade, o Sarxento Héctor de Beade, Auxilio o Fiera, o Peitos ou Marcelino da Sobreira, forman parte do día a día e a eles había que acudir para poder

pastar o gando no monte, conquerir leña e incluso pedir permiso para pequenos arranxos nas casas.

Para a Administración Forestal o Monte Cepudo era un punto estratéxico na vixiancia do entorno, motivo polo que ICONA instala a finais da década dos anos cincuenta a caseta de vixiancia. Aproveitando este feito o Instituto Nacional Xeográfico, instala na terraza da caseta, un punto xeodésico. Punto máis alto da parroquia situado aproximadamente a 525 metros.

Cando Radio Popular se instala en Vigo, a principios da década dos sesenta, os seus primeiros equipos tamén se intalan no Monte Cepudo, lugar dende o que escomenzan as súas primeiras emisións radiofónicas. Caseta e antena cos seus ventos, foron elementos da nosa paisaxe diaria un bon número de anos. Para o subministro eléctrico FENOSA instala unha liña eléctrica dende o Souto, da que con posterioridade o merendeiro “Sanatorio do Alba” deriva a súa conducción. Aproveitando a conxuntura FENOSA tamén instala un mastro repetidor para ter cobertura coa zoa da Península do Morrazo.

Coñecido por ser veciño, aínda que nativo de Chandebrito, era o vixiante responsable das instalacións, Enrique home de Sabiniña que ademais exercía de satre e gustábanlle os coenllos pois o Cepudo sempre estaba cheo deles.

Nesta época eran famosos os partidos de fútbol que se organizaban nos barrios da parroquia: Rápido do Portal, O Feiriña, O Paloma, Carregal....., que deron pé ao rexurdimento do Clube Deportivo Valladares fundado no ano 1924, facendo Sabino Piñeiro Pérez, neste tempo, as primeiras xestións para conquerir os terreos para construir o Campo de Fútbol nas Gándaras.

Montes Altos e Montes Baixos sempre foi un dilema na parroquia. Evencio Costas Salgueiro e o seu equipo de traballo na década dos setenta trataban de conquerir a propiedade dos montes baixos, tralos litixios mantidos coas administracións e despois da Redención dos Foros, outorgada en escritura pública o día 1 de marzo de 1928 na Notaría de Vigo de D. Casimiro Velo de la Viña, 97 Has. de terra foron descatalogados dos de Utilidade

Púbica. Os Plenos do Excmo. Concello de Vigo de datas 30 de setembro de 1970, 30 de abril de 1976 e 30 de xuño de 1981, recollen tódolos pormenores destes feitos, pasando estas 97 Has. a formar parte da propiedade dos vecinos/as que viñan traballando estas terras e que se foran asentando neste lugar.

O movimento asociativo máis importante ocurrido na parroquia escomenza a finais da década dos sesenta liderado por Ignacio Costas Piñeiro, reclamando diante do Alcalde Rafael Portanet a creación dunha Biblioteca no edificio da Sociedade de Gandeiros e Labradores que quedara baleira de nenos e nenas da Escola Unitaria, a raiz da creación do Colexio de EXB no ano 1968. Houbera outros intentos como éste no pasado, en concreto no ano 1948, documentado e do que quizáis bebeu Ignacio, pero non tivo consistencia por dúas razóns fundamentais; a primeira polo medo e a rixidez imposta pola Falanxe e a segunda porque a xuventude para espabilar a fame ou as necesidades existentes en cada casa, non tiña outra saída que a emigración. O edificio contaba de baixo e piso, no baixo os nenos comandados por un mestre nativo de Zamáns, asentado e casado en Valladares D. Hermindo Pérez Serodio e no piso as nenas coa súa mestra nativa de Cerdedo, parroquia de Pedre (PO) Dª. Asunción Fernández Hermida muller do barbeiro Sr. Gonzalo que tiña a barbeiría nos baixos da casa onde hoxe se ubica a Ferretería Camba.

A insistencia de Ignacio, arroupado por un extraordinario e fenomenal equipo de traballo, da os seus froitos e así o día 20 de xaneiro de 1971, acolléndose a Rede Nacional de Teleclubes do Ministerio de información e Turismo, nace en Valladares o seu Teleclube.

Esta directiva crea na parroquia unha marea de solidariedade impresionante. Valladares escomenza a ser un referente tanto a nivel local como galego. O cambio social estaba en marcha e nel participaban todos os estamentos parroquiais.

No Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 143 de 23 de xuño de 1973, publicouse a aprobación do deslinde do Monte

560, traballo feito na parroquia dende o ano 1971 (Actas de Deslinde).

O Monte 560 do Catálogo dos de Utilidade Pública, denominado “Fontefría Zondal e Outros”, o Edicto dí:

“Aprobar el deslinde del Monte de Utilidad Pública nº 560 del Catálogo denominado Fuente Fría, Zondal y Otros”.

Lo que se hace público para general conocimiento, pudiendo los interesados que no estén conformes con la resolución, entablar recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos mes, con el requisito previo del de reposición en el plazo de un mes, a tenor de lo preceptuado en la vigente Ley Reguladora de la Jurisdición Contencioso-Administrativa de 27 de Diciembre de 1956.

Sinaba este Edicto en Pontevedra o día 13 de xuño de 1973 o Enxeñeiro Xefe do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza do Servizo Provincial D. Ricardo García Borregón.

O Monte de Valladares ao non presentarse ningún tipo de recurso queda definido do seguinte xeito:

PARCELA I ALBA

Superficie total 206.35.00 Has.

Nesta parcela existen 16 enclavados definidos e delimitados con unha superficie total de 30.97.95 Has. Polo que a superficie pública queda en ***173.37.05 Has.***

PARCELA II POZOS

Superficie total 45.32.61 Has.

Nesta parcela existen 4 enclavados definidos e delimitados con unha superficie total de 0.53.30 has. Polo que a superficie pública queda en ***44.79.31 Has.***

PARCELA III SOBREIRA

Superficie total e pública ***73.60.10 Has.***

Nesta parcela non existe ningún enclavado pero dentro dela fixéronse casas e viven familias que se descoñece como legalizaron as mesmas.

A superficie pública total queda por tanto en 291.76.46 Has.

No trancorrir do ano 1977, na parroquia de Matamá os seus veciños estiveron mobilizándose porque o vertedeiro do lixo de Vigo, sito na súa parroquia, en concreto no lugar denominado Balsa, estaba sobresaturado. Mentras isto acontecía, en Valladares houbera un relevo na Directiva do Teleclube, Guillermo Alvarez Pérez suplira a Ignacio Costas Piñeiro. A finais deste ano pola nosa parroquia empeza a notarse un movimento excesivo de camións do servizo de limpeza que depositan a súa carga no monte da Sobreira e na Subida ao Monte do Alba (Madeiras Cerne). Varios directivos empezan a preocuparse por estes feitos, escomenzando unha mobilización o día 25 de xaneiro de 1978, pois na Sobreira as empresa madeireiras Finsa e Tafinsa estaban facendo unha corta de piñeiros a matarrasa e os camións do lixo seguían a depositar todo tipo de desperdicios. Varios directivos e veciños se opoñen e estes feitos, paralizando as talas e cortando o tráfico, sendo todos identificados pola Garda Civil e denunciados diante do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº Tres dos de Vigo ao que lle corresponden os casos da parroquia de Valladares.

Mentras o Concello trataba de buscarlle solucións ao problema do vertedeiro, solventa como pode a recollida diaria do lixo das rúas da cidade. Existe constancia de que concellos limítrofes e outros (Ourense entre eles) que recibiron lixo do Concello de Vigo.

Ante a situación prantexada sendo Alcalde Joaquín García Picher e Secretario Xeral Francisco Suárez Morán, sinan o Decreto da creación do vertedeiro do Zondal a principios do ano 1978.

Dentro da estructura do Teleclube o día 30 de xuño de 1978, iníciansе as xestións para a devolución dos montes veciñais en man común, tendo un primeiro contacto co abogado Matías García Movilla, abogado de sona que estaba levando a cabo reclamacións de montes por Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, etc. Este contacto trasládase a unha Asemblea Parroquial celebrada o **día 6 de outubro de 1978** nos locais do Teleclube para informar a tódolos veciños/as da reclamación posta en marcha, asistindo a mesma o abogado o cal despois de expor os pasos a seguir, fala de **legalizar e constituir unha Comisión Representativa** a cal por abrumadora maioría dos presentes queda constituída como segue:

Presidente.- Florentino Ramilo Costas

Secretario.- Isidro Piñeiro Pérez

Tesoureiro.- Aquilino Cabezas Comesaña

Vogais.- Modesto Novoa Novoa

Evencio Fernández Costas

Alvaro Figueroa Alonso

Julio Cabezas Alonso

Faustino Comesaña Figueroa.

- Matías fixo fincapé en que sería fundamental localizar nas escrituras de propiedades dos veciños/as, atisvos que fixeran constar que as súas fincas lindaban co monte comunal. Alentou aos veciños/as a recopilar toda esta documentación pois, a Historia estaba a favor da parroquia, neste senso citou:

- Catastro do Marqúes da Ensenada da Vila de Valladares do ano 1753.

- Manuel María Alonso contra o Marqués. Exención de Prestacións Señoriais de data 28-12-1867.

- Real Cédula de Exención de Incorporación e Reversión de 25-01-1748 a favor da Duquesa de Atrisco 1746-47-48. Solicitou libertaren do Decreto de Incorporación a Xurisdición de Valladares, Saxamonde e Meira.

- Victoriano Salgueiro contra o Marqués sobre Exención de pago de Ración ano 1850. O Marqués presentou 28 escrituras outorgadas polos seus antecesores dende o ano 1552 ata 1780, dando en foro a varios veciños diversas fincas no Coto de Valladares. La Corona dí o Marqués: "Concedeulle o Señorío Xurisdicional posto que o territorio era propio".

- Redencións de foros de 01-03-1928.

Con todas estas premisas a Comisión ponse a traballar. Convén suliñar que dende a directiva do Teleclube presidida por Guillermo, antes e con data 15 de xullo de 1987, remitiúselle ao Concello de Vigo o primeiro comunicado para que **evite actos de disposición ou gravame sobre o monte**, amparándose na Lei Especial 52/68 de data 27-07-1970. Tamén nesta mesma data envíaselle Oficio ao Gobernador Civil da Provincia de Pontevedra para que inicie o expediente previsto polo Lei para a Clasificación do Monte como Veciñal en Man Común. A estas Institucións se lle comunica asi mesmo oficialmente a elección da Comisión Representativa.

Con data 01 de abril de 1979, celébranse as primeiras eleccións en democracia aos concelllos. O sistema empregada ata esta data era o do Tercio Familiar e consta que na primeira etapa de Ignacio como Presidente do Teleclube, presentouse para ser concellal pero os apoios cos que contaba de partida, falláronlle e non conqueriu o seu obxectivo.

Nesta data histórica varios veciños da nosa parroquia preséntanse en varias condidaturas das que concorren ao proceso e de todos eles sae elexido Concellal Teodoro Piñeiro Alonso, representando a coalición Unidade Galega polo P.S.G.

Unha vez elexido Concellal, preside unha Asemblea conxunnta das distintas Comisións de Barrio o día 4 de maio de 1979, nela Florentino Ramilo Costas expón aos presentes as denuncias de Finsa e Tafinsa, facendo constar que Doro era un dos directivos do Teleclube denuciados no Xulgado. Doro ofrécese a todos a traballar conxuntamente polo ben da parroquia.

Para formalizala primeira Corporación democrática na que saira elexido para Alcalde Manoel Soto Ferreiro representado ao PSOE, dende o Concello de Vigo, reclaman unha Comisión Representativa de non máis de cinco persoas para negociar as denuncias feitas por Finsa e Tafinsa.

Varias foron as reunións tida no Concello para tratar esta cuestión. Convén facer mención que o inverno 78-79, fora desvastador nos nosos montes e cantidade inmensa de árbores permanecían tiradas en espera da súa subasta, e a Ponte do Foxo, que unía as parroquias de Valladares e Beade, por moor das enchentas fora asulagada e esnaquizada, quedando incomunicadas neste punto.

A representación parroquial encabezada por Delio Guisande Alonso que substituira a Guillermo Alvarez Pérez na Asemblea do día 7 de abril de 1979, por casamento e tralado deste a vivir para o concello de Salvaterra de Miño, conquire diante da representación municipal composta por José Martínez Torea, Francisco González Amadiós (Panchulo) e José Manuel Castedo Villar, homes fortes da Corporación en cernes, en varias sesións maratonianas, reconvertir as barricadas en negociacións, lógrase que sexa a parroquia quen subaste a madeira tirada no monte, lógrase a retirada das denuncias no Xulgado e como non podía ser doutro xeito, Doro proclámase Concelllal Electo, sendo un dos fitos históricos para a parroquia. A Ponte do Foxo, diante da falta de recursos económicos do Concello arranxouse organizando

un partido de fútbol feminino entre unha Selección Valladares-Beade contra unha Selección de Vigo no Campo das Gándaras. Eligio Fernández Davila, que substituira de alcalde de barrio do Portal a Sergio Bernabeu, participou nesta movida que argallara o Animador Cultural Isidro Piñeiro Pérez sendo un dos éxitos da época pois poucas veces o campo de fútbol, presentou na súa longa historia un cheo tan impresionante. O éxito como non, foi todo das rapazas que se brindaron encantadas a participar.

O compromiso municipal de inversións na parroquia (a pesar de non contar con fondos), leva consigo poñer a funcionar a Xunta Parroquial, entidade que nace formando parte dela o CCAR., as Alcaldías de barrio existentes ata que desapareceron e tódalas Comisións que funcionaban na parroquia, conquerindo despois de varias negociacións poñer en marcha o Primeiro Plan de Inversións Parroquiais a desenrrolar nos anos 81-82 e 83. Neste Plan de Inversións parroquiais, asfáltanse os Camiños da Igrexa, o da Gándara e o Camiño do Regueiro ata a Pena, camiño que para o seu ensanche iniciado no ano 1977 con Guillermo de Presidente, houbo que soportar varias denuncias de propietarios de fincas colindantes, en especial de Albino Abalde Alonso, tendo que acudir o Presidente e o Secretario varias veces a consulta do abogado Lucas Irisarri.

Formalizada a Xunta Parroquial e en marcha o Plan de Inversións parroquiais, a Comisión de Montes deixa clara dúas cuestións:

a).- Que tódolos barrios da parroquia participen nas inversións en igualdade de condicións.

b).- Diante da falta de recursos para invertir en tódolos barrios a vez, facer unha orde de prioridades e a medida que se executen os diverso Plans ir facendo obras en tódolos barrios.

Existiron dificultades de interpretación porque nun principio o Presidente da Comisión de Montes e mailo da Xunta Parroquial eran a mesma persoa, e decir, Florentino Ramilo

Costas e tiña a virtude en vida, de chamarlle as cousas polo seu nome.

Mentras no Concello, a nova situación política, leva a tódolos concellais, sobre todo aos das Areas Económicas a ir dando pasos, así José Martínez Torea con data 29-02-1980, presenta unha Moción ao Pleno para que o 80% dos rendementos forestais sexan invertidos na zoa de donde procedan.

No Pleno Municipal do Concello de Vigo de 30-06-1981, recoñécese ao Clube Deportivo Valladares como posuidor da finca de 9574 m2 nas Gándaras, condicionado a:

a).- Que se manteña o actual destino.

b).- Que o Clube Deportivo Valladares non poderá enaxenar, gravar nin dispoñer en modo algún de dito terreo.

c).- En caso de desaparición do C.D. Valladares o terreo revertirá ao Concello quedando éste obrigado a destinalo a actividades deportivas.

Con esta mesma data, recoñecemento da propiedade dos Montes Baixos (As Gándaras) a favor dos veciños, condicionado a renunciar a reclamación dos Montes Altos. **Doro é un dos concellais que defende que esta condición non debe ser vinculante, solicitando un informe xurídico.**

Na Asemblea Xeral de Socios do CCAR. Celebrada o día 1 de marzo de 1980, presidida por Delio, Florentino e Isidro en representación da Comisión de Montes fan mención aos contactos mantidos co Sr. Borregón, Xefe Provincial e membro do Xurado Provincial da Xunta de Clasificación de Montes sobre o estado e situación da reclamación feita pola parroquia de Valladares.

No Boletín Oficial da provincia de Pontevedra do día 13-01-1982, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en sesión celebrada o 26-11-1981, acordou inicialos trámites para a devolución.

En Asemblea Xeral de Socios do CCAR celebrada o día 07-03-1981, Delio cédellela Dirección a Ignacio Costas Piñeiro, repetindo o mesmo ao non presentarse ningunha candidatura na Asemblea do día 15-04-1983.

O día 21 de abril de 1983 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común falla a favor da devolución a parroquia de Valladares, recoñecendo os Montes Veciñais en Man Común como de propiedade dos veciños/as.

Coñecido o fallo do Xurado Provincial, o Concello de Vigo, entabla os correspondentes recursos diante das instancias pertinentes ata chegar ao Tribunal Supremo, non tendo nada que facer, pois a documentación aportada pola Comisión de Montes era tan contundente que o Concello non tivo argumentos, Téñase en conta que o Marqués de Valladares D. Fernando Quiñones de León i Elduayen IX Marqués de Valladares, sen descendencia directa da súa dona Dª. Mariana de White, falecido en 1918, pasando o Marquesado a mans do seu pai D. Fernando Quiñones de León, Marqúes de Alcedo, legaran para a parroquia os Montes Veciñais, ao igual que fixeran co Concello de Vigo doando o Pazo e finca do Parque de Castrelos ou o que é o mesmo do Pazo ou finca Quiñones de León. A doazón ao pobo de Vigo fíxose o día 12 de decembro de 1924 coa condición de que fora utilizado como museo e parque público. A doazón non se puido materializar ata o día 15 de novembro de 1931 ao mercar o Concello de Vigo o usufructo de Dª. Mariana de White. Na entrada do Pazo existen senllas placas en recoñecemento a doazón efectuada a cidade.

Na actualidade o Marquesado está en mans de D. Jorge Pérez Crespo ¿XV? Marqués de Valladares o cal reside fora de Galicia (a historia simplemente estivera aletargada non morta).

O día 6 de abril de 1984, celébrase unha Asemblea Extraordinaria para a renovación da Xunta Parroquial, pasando a presidir a Comisión de Montes Orencio Ramilo Comesaña o cal diante dos recursos feitos polo Concello, co seu equipo dan os pasos necesarios para poder legalizala Comunidade de Montes,

feito que se acada na Asemblea Xeral celebrada o día 24 de xullo de 1987, tratando na mesma a seguinte:

ORDE DO DÍA:

1º.- Informe da Comisión de Montes 86-87.

2º.- Presentación de candidaturas para a Xunta de Montes.

3º.- Elección da Xunta de Montes.

4º.- Pregos e inquéritos.

Punto 1.- Legalización da Comunidade de Montes

Campo de fútbol da Sobreira.

Antena de TV. No Monte dos Pozos.

LEGALIZACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES.

Censo parroquial de comuneiros.

Proxecto de Estatutos.

Presentación documentación no Xulgado.

Publicación no BOP do expediente.

Entrega de citacións pola parroquia.

Aprobación por maioría reforzada dos Estatutos.

FENOSA

Diante da expropiación pola liña de alta tensión VIGO-GONDOMAR, a Consellería de Industria notifica para presentar unha tasación. O técnico contratado faino en 4.950.000 Ptas, Fenosa en 948.000 Ptas. Preséntase recurso.

CAMPO DE FÚTBOL DA SOBREIRA

No BOP do día 4 de agosto de 1986 publícase a información pública a petición do Consello Superior de Deportes para

construir un campo de fútbol, no Monte da Sobreira. Preséntase recurso por estar situada a súa ubicación en terreo comunal e non ter información ningunha entidade da parroquia ademais de non ter atribucións ao non estar legalizados.

ANTENA TV.

Apróbase a colocación dunha antena de TV. Para o barrio de Freixo no Monte dos Pozos.

A candidatura presentada por **Orencio Ramilo Comesaña** é aprobada por unanimidade, sendo o primeiro Presidente da Comunidade de Montes de Valladares. **Orencio preside a Comunidade de Montes dende o día 24-07-1987 ata o 18-04-1993**, producíndose no seu mandato os seguintes feitos:

- En Asemblea Xeral celebrada o día 05-06-1988, acórdase a cesión de terreos no Monte dos Pozos para a construcción do novo Cemiterio Parroquial.

- Colocación dunha antena no Monte Cepudo a petición de Transportes Taboada S.A. Oito metros cadrados a 30 anos e canon de 10.000 Ptas + IPC anual.

- Cesión de terreos **a EMAVISA-SERAGUA-AQUALIA** para ocupación do depósito de abastecemento de auga **Na Cha do Cagalleiro nos Pozos**. Esta cesión aprobase condiconada ás contrapartidas de colocar varios puntos de auga na parroquia (Concellal responsable David Hortas). O proxecto consiste en bombear a auga dende a Estación Depuradora do Portal ata o Depósito a construir nos Pozos para abastecer a parroquia. Polas características técnicas **un pequeno grupo de casas da Cacheira**, quedaría fora de cobertura por estar as casas máis altas que a cota do depósito.

Orencio defende a idea de ter conversas con tódolos grupos políticos do Concello para convencelos de que retiren os recursos diante do fallo do Xurado Povincial.

En Asemblea Xeral celebrada o día 23-07-1989, apróbase a cesión ao Concello de Vigo do terreo necesario para os **Parques Forestais dos Pozos e do Cepudo**. **O Concellal Agustín Arca Fernández é o promotor** desta idea consistente en crear áreas de lecer para a cidadanía en xeral contando con servizos públicos, con casetas bares, asadores e parques infantís, correndo a limpeza e o mantenimento a cargo do Concello.

Lago Pozos.

Apróbase así mesmo legalizala situación do merendeiro "Sanatorio do Alba", denegando a petición de Ignacio Piñeiro Álvarez para instalar no Cepudo un Restaurante por ter que ser estas concesións por concurso público aberto a tódolos/as comuneiros/as.

Dáselle luz verde a idea de mercar, a medida das posibilidades económicas, **terreos en cada barrio para uso e disfrute dos residentes en cada un deles.**

Dase conta do contido da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre a titularidade dos Montes de Valladares, diante do Recurso presentado polo Concello.

Tamén se da conta da tala a matarrasa efectuada no monte comunal en Fontefría por Evencio Costas Salgueiro sen consentimento da Comunidade.

Acórdase entablar negociacións coa Sociedade de Caza e Pesca San Andrés de Valladares para tratar de lelagizala caseta cinexética, anterior a constitución da Comunidade de Montes.

Na Asemblea Xeral celebrada o día 25-02-1990 e diante dos graves incendios ocurridos a partir do día 02-09-1989, tómase o acordo de invertir na creación e acondicionamento de varias pistas forestais para poder talar a madeira queimada e ir preparando o terreo para repoboar tódala superficie degradada, que foi moita, abarcando dende o Zondal ate as Eiras. A pesar do ano seco, a orixe deste incendio quedou demostrado que foi no vertedeiro do Zondal. Na nosa parroquia tivemos que acostumarnos tódolos veráns, e sobor de todo, cando os ventos viñan do oeste, a soportar as cinzas de cada incendio. Houbo días en que a roupa nas nosas casas non podía estar nos tendedeiros. E tódolos veráns dende os inicios do Zondal, coa mesma película.

Nesta mesma Asemblea acórdase a cesión ao Concello de Vigo de 50 Has. no Monte Sobreira para instalar o Parque Botánico, acordo ratificado en Asemblea Extraordinaria celebrada o día 21-04-1990, consistente nun contrato de arrendamento por tempo non superior aos cen anos de cincuenta héctareas de terreo no monte da Sobreira a cambio de cincuenta millóns de pesetas e un canon anual de máis de dous millóns de pesetas e IPC anual. O concellal responsable deste proxecto Agustín Arca Fernández tiña pensado levalo a cabo en colaboración co Clube dos Leóns sendo os seus responsables Jaime Pino Botana e Gerardo Acosta Santos, os cales en varias roldas de prensa deron o seu visto e prace. No contrato figuraba un apartado no que se recollía que si aos 10 anos non se iniciaban as obras o contrato quedaba sen vigor, Na actualidade a figura do Parque Botánico segue aparecendo en cada Plan Xeral que se vai aprobando.

Nas Asembleas Xerais celebradas os días 24-02-1991 e 09-06-1991, autorízase a colocación dunha antena no Cepudo para os Bombeiros de Vigo.

A petición do Clube Deportivo Valladares presidido por Carlos González Davila, cédese nas Cans os terreos necesarios para crear unha nova infraestructura deportiva dada a saturación que sofren as instalacións do campo das Gándaras polo aumento de equipos que fan uso das súas instalacións. Esta nova zoa deportiva consistiría nun novo campo de fútbol cos seus correspondentes vestiarios. A financiación pediríase as diversas administracións públicas.

Diante do traballo burocrático xenerado por CCAR e a propia Comunidade de Montes, dase luz verde a contratar a tempo parcial un xestor que libere aos directivos de cargas de traballo para non ter éstes que pedir horas e días nas súas empresas. Por ser un cargo novo e remunerado, a persoa proposta polas dúas directivas é Isidro Piñeiro Pérez que escomenza de forma experimental no mes de setembro, sen ataduras de ningún tipo ata valorar resultados.

Na Asemblea Ordinaria do día 15-03-1992, refréndase o acordo de iniciar un pleito contra Celia-Amelia Davila Bastos, irmáns que reclaman unhas propiedades no Monte da Sobreira en concreto en Fontefría. Como son varios os afectados reclamantes nesta paraxe, entablaranse conversacións cos mesmos ou ben con algunha representación.

As parroquias de Vigo que xestionan os seus montes, decidiron constituirse en Mancomunidade. Tómase o acordo de formar parte desta Mancomunidade.

Dase luz verde ao ensanche da Estrada do Monte Alba. Todo o xabre que saia do mesmo será empregado no afirmado das pistas postas en marcha. A empresa responsable será Construcciónes Dios S.L. e na súa ausencia Expano.

Apróbase o Convenio a catro bandas sobre o Zondal entre o Cencello, Comunidade de Montes, CCAR e Asociación de Veciños de Freixo.

Unha das frustacións de Orencio na súa dilatada experiencia ao fronte da Comunidade de Montes, quizais fora a de non ver realizado un dos seus sonos, tal era o da Escola Taller no Pedregal, no que os rapaces/rapazas e parados da parroquia tiveran un sitio no que aprender un oficio.

O día 18-04-1993, acórdase adecualos Estatutos a nova Lei sendo rechazada a candidatura presentada por Ramón Quintas González por non estar rexistrado como comuneiro, tendo que celebrar **Asemblea Extraordinaria o día 17-07-1993 na que sae elexido novo Presidente Isidro Costas Piñeiro**, o cal xa viña desempeñando dende moi novo, funcións nas directivas de Orencio primeiro como vogal do barrio da Igrexa e de seguido como vicepresidente. Nesta Asemblea Extraordinaria dase luz verde a construcción no **Monte dos Pozos dun Lago Navegable.** O Concello será o responsable da súa construcción e mantenimento, consistindo o proxecto: "Na parte baixa do Monte dos Pozos, arredor do piricoto, nivelar o terreo, facelo Lago circular ao seu arredor, pasarela de madeira para o acceso ás vistas a Ría de Vigo e cascada de auga, que será traladada ou ben do pozo de barrena horizontal ubicado na cima ou ben do depósito de abastecemento sito no mesmo lugar**. Despois da súa construcción e inauguracióm, o día 7 de decembro do ano 2000 derrúbase non causando desgrazas persoais,pero sí cuantiosos danos materiais**

Na Asemblea ordinaria celebrada o día 06-03-1994 e diante das permanentes queixas dos comuneiros e veciños/as, respecto do gando incontrolado que nos derradeiros anos prolifera no monte, e ao andar sen control, cando escasea a comida, sobor de todo no verán, baixan ás propiedades particulares e causan infinidade de estragos, tómase o acordo de levar a cabo unha experiencia piloto no Monte Alba, consistente en cercar o monte e que o gando non traspase o mesmo. Farase de acordo cos propietarios do gando, correndo os gastos a cargo da Comunidad, Conqueriríanse

dous obxectivos, manter o monte limpo de vexetación e evitaríase que o gando baixase ás propiedade particulares.

Diante da petición da Asociación de Veciños de Freixo acórdase a cesión dos terreos necesarios no Pinal do Rei para a Biblioteca.

O día 28 de xullo de 1994, celébrase unha reunión conxunta entre o CVCV presidido por María Alonso Salgueiro e a Comunidade de Montes, para valorar a sobrecarga no vertedeiro do Zondal, tomando o acordo de celebrar unha Asemblea Informativa no Adro Parroquial o día 05-08-1994, na que se toma o acordo de paralizalos verquidos. Na noite do día 19 para o día 20 de agosto en pleno Zondal, escríbese un dos episodios máis tristes e graves na historia desta parroquia, os antidisturbios cargan contra os veciños/as comuneiros/as concentrados en terreos da **"súa propiedade"**. Tres veciños/as son detidos e acusados no Xulgado. Diante das cargas indiscriminadas da policía bastantes veciños e veciñas resultaron contusionados e lesionados. Convén suliñar que nestes incidentes, era Alcaldesa accidental Dolores Villarino por ausencia da cidade do titular Carlos Alberto González Príncipe.

Na Asemblea Ordinaria do día 14-05-1995 dase a información coa que se conta sobor do trazado da Autoestrada ao Val Miñor que nos dividiría o Monte da Sobreira. Acórdase presentar un trazado alternativo a menos danos.

Diante do PAU Barrocas ponse en marcha a idea de que se algún día a Comunidade de Montes logra convencer aos propietarios dos foros para permutar propiedades, éstes se ubicarían na Lengüeta das Cans, chegando a poder edificar nun futuro.

Tómase o acordo de arranxala Casa das Novenas e o contrato nantido con Transportes Taboada, pasárllello a Electrónica D.M.R. Comunicacións.

Na Asemblea Ordinaria do día 10-03-1996, acórdase unha nova modificación dos Estatutos para poder inscribir a nosa Comunidade no Rexistro de Montes en Man común. Dase conta así mesmo do relevo de xestor sendo Carlos Alonso Piñeiro o que susbstitúe ao anterior.

Tamén é informada a Asemblea do xuízo polos acontecementos do Zondal e das negociacións con Autoestradas de Galicia polo trazado da Autoestrada ao Val Miñor. Trazado que volve a ser noticia na Asemblea do día 27-04—1997, informando tamén do impás do PAU das Barrocas e do desenrrolo da Zoa Deportiva das Cans no que a Deputación de Pontevedra por mediación do seu Presidente Sr. Mera e o Deputado Provincial Sr. Herrera invertirán dous millóns de pesetas.

Nesta mesma asemblea tómase o acordo de presentar un Contencioso-Administrativo contra o Concello de Vigo por danos patrimoniais polo vertedeiro do Zondal. Tamén se acorda que os ingresos que reciba a Comunidade polas expropiacións da Autoestrada, se invirtan nos enclaves co obxecto de perder o menor patrimonio posible. O prezo que paguen o metro cadrado será pagado aos donos de enclaves que queiran venderllelo a Comunidade.

Ramón Rodríguez Rodríguez a título persoal e en representación doa afectados de Fontefría fai referencia ás súas propiedades non recoñecidas.

A directiva do Cemiterio Particular solicitou unha nova cesión de terreo para unha futura ampliación, tomando a asemblea o acordo de cedérllelos metros necesarios para a ampliación proxectada.

Diante da Asemblea fundacional da Organización Galega de Comunidades de Montes, acéptase acudir a mesma e formar parte dela.

O día 31-05-1998, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria debatindo a conveniencia de mercar un edificio emblemático na

parroquia “O Baile”. Acórdase adquirilo por 16 millóns de pesetas e cedérllelo ao CVCV, cesión condicionada a formalización dunhas normas de uso adecuadas e a unha serie de reformas imprescindibles para a súa habitabilidade.

Ponse en marcha a convocatoria de Bases para conceder e construir un Restaurante no Monte Cepudo.

Obras Hidráulicas e Infraestructuras da Xunta de Galicia proxecta un Depóito de Augas no Cepudo. O proxecto consistiría en bombear a auga dende a zoa deportiva de Cans ata este depósito que por decantación iría a outro máis pequeno a construir na cima do Monte dos Pozos o cal daría servizo as casas da Cacheira que carecen de abastecemento por falta de al tura do depósito dos Pozos. Esta obra completaríase con alcantarillado dende a cima do Cepudo e Capela do Alba ata a Estrada de Freixo (Casa Segunda ou Piruletes) e a colocación de varios puntos de auga no propio monte para posibles incendios forestais. Apróbase este proxecto así como a cesión ao Concello de Vigo dos terreos necesarios para construir no Monte da Sobreira un Instituto da ESO (Ensino Secundario Obrigatorio). Facer mención que neste mesmo lugar ben funcionado dende tempos anteriores a devolución dos montes a parroquia, un Centro de EXB (Ensino Xeral Básico), que abarcaría ás parroquias de Valladres, Matamá e Zamáns.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 09-05-1999, acéptanse como comuneiros aos fillos/as de comuneiros/as con licenciaturas, tratando de darlle a directiva un carácter técnico: Juan Francisco Montáns Piñeiro, Francisco Comesaña Diego, Margarita Montáns Piñeiro, Víctor Comesaña Diego e Margarita Alonso Martínez. Todos eles ocuparon cargos de responsabilidade tanto técnicos como de directivos.

Acórdase adecuala Contabilidade a nova Lei de Fiscalidade así como por iniciativa do Concellal da parroquia de Valladares polo PP, Carlos González Davila iluminar o entorno da Capela do Alba e a Estrada de Freixo ata o cruce coa Subida ao Alba.

Acéptase e financiarase o Simposio de Esculturas que se levará a cabo no mes de agosto en pleno monte Alba. Dito evento consistirá en traer a varios escultores de talla mundial que perante quince días, esculpirán as súas obras a plena luz do día e unha vez rematadas, se distribuirían por varios puntos do monte, tratando de facer unha ruta para poder contemplalas. O impulsor desta iniciativa é o escultor da nosa parroquia Remigio Davila Fernández.

Apróbase o convenio do Falso Túnel da Autoestrada do Val Miñor na Sobreira.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día **28-05-2000, Isidro Costas Piñeiro cédellela testemuña a Florentino Ramilo Costas,** aprobándose a Primeira Fase de acondicionamento da zoa recreativa do monte Alba, que consistirá en adecentar os taludes sitos a altura do merendeiro "Adegas do Alba", completar o recheo de Río Seco, construir varios humidais e fontes, distribuir as esculturas unha vez rematado o Simposio e crear un Auditorio ao Aire Libre.

Dase conta da sinatura do convenio para constuir o novo Centro Cultural no Pedregal por importe de 250 millóns de pesetas a raíz do acordo do Falso Túnel da Sobreira. Acordo asinado por Xosé Cuiña Crespo Conselleiro de Política Territorial, Lois Pérez Castrillo Alcalde de Vigo, Florentino Ramilo Costas Presidente da Comunidade de Montes e Elisardo Dacosta Torres Presidente do Centro Veciñal.

Convenio ratificado e presupostado o día 30 de outubro de 2003 por Alberto Núñez Feijoo Conselleiro de Política Territorial, Ventura Pérez Mariño Alcalde de Vigo, Isidro Piñeiro Pérez Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común e Elisardo Dacosta Torres Presidente do C.V.C.V.

Ponse en coñecemento dos comuneiros/as, a denuncia interposta por SEPRONA contra o restaurante do Cepudo o o seu concesionario Carlos Rial Guisande o cal permañeceu detido unhas horas ata que a xuíza puso cordura no asunto.

Apróbase instalar no campo de fútbol das Gándaras un ximnasio por importe de 3 millóns de pesetas. A xestión correrá a cargo do Clube Deportivo Valladares, podendo facer uso do mesmo calisquer veciño/a que o desexe tendo que aclimatarse aos horarios que se establezan.

Na Asemblea Xeral ordinaria do día 20-05-2001, ratifícase a modificación do Convenio dos Parques Forestais, aprobado polo Pleno Municipal do día 21-12-2000, quedando redactado do seguinte xeito:

6º.- Tanto o Concello de Vigo como a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Valladares, previo e de mutuo acordo, poderán levar a cabo a construcción, modificación ou substitución de obras ou establecemento de servizos directamente relacionados co obxecto específico e finalidade da cesión feita por acordo do día 04-05-1993.

7º.- Ademais dos aproveitamentos forestais referidos no apartado 4 de dito acordo, que corresponden a Comunidade, o establecemento de servizos e equipamentos, que se establezan polas Comunidade e con cargo a ésta, a explotación destes e os seus rendementos correspóndenlle a Comunidade de Montes sen que ao Concello lle afecte obriga ningunha nin de conservación, mantenimento nin calquiera outro gasto derivado dos servizos que se establezan.

8º.- Os servizos, instalacións ou equipamentos estarán directamente vencellados ás finalidades e obxectivos a cumprir polos parques forestais.

9º.- En todo caso as obras, instalacións ou servizos recollidos no punto 7, deberán suxeitarse a normativa urbanística de aplicación e medio ambiente, segundo en cada caso proceda.

Con estas modificacións o que se pretende por parte da Xunta Rectora é darlle cobertura legal ás actuacións anteriores.

Tramitación de compromiso de compra e intercambio de fincas en Río Seco e preparación das entradas de tomadas particulares desfeitas ou obstruídas.

Dase conta das obras hidráulicas que se están a executar para o depósito do Monte Cepudo.

Denegar a petición económica feita pola Asociación de Veciños de Freixo para a zoa deportiva do Pinal do Rei, explanada feita por Expano.

Na Asemblea Xeral ordinaria do día 16-06-2002, apróbanse as reformas a efectuar no Baile. Así mesmo se informa do acordo acadado con Expano para rematar o recheo de Río Seco. Acordo polo que a empresa Expano a cambio de verter terras en Río Seco procedentes do 2º Cinturón, Parque Tecnolóxio e Finca do Conde, de acordo co Concello de Vigo, comprométese a pagar tódalas fincas encadradas dentro do recheo, modificar, planficar e exectuar o trazado do novo vial, así como elaborar un proxecto para a recuperación e adecetamento da superficie resultante. O Concello por mediación do seu concellleiro de Medio Ambiente Amador Fernández Fernández, comprométese a facilitar ou conquerir os pertinentes permisos a cambio de poder tamén verter cando o necesiten.

Os veciños da Garrida piden que mentras duren estes traballos, os camións eviten facelo os sábados e que non soio se use a Estrada do Monte da Alba senón que se use a alternativa do Camiño dos Mancales.

Denégase a petición feita pola Sociedade de Caza de Bembrive para formar un TECOR (Terreos Cinexeticamente Ordenados), aprobando pedirlle a Xunta de Galiza que os nosos montes sexan declarados **Reserva de Fauna.**

Iniciáronse tres demandas xudiciais diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, contra Fenosa, Hermindo Pérez Leirós e Diamantino Iglesias Figueroa, a primeira pola liña de

media tensión a Freixo, e as outras dúas por ocupacións de terreos de monte comunal nos Pozos e na Bandeira.

Foi o derradeiro ano en que as contas se leron en pesetas. Para o ano 2003 a contabilidade tense que adaptar ao euro.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 29-06-2003, apróbase redactar un documento de cesión de 3869 m2 para zoa deportiva no Pinal do Rei en Freixo.

Limpeza da parcela colindante co Instituto da ESO na Sobreira para a Alameda no barrio. A este respecto saen a relocir as negociacións levadas a cabo con Zoa Franca para situar esta Alameda dentro do propio Polígono Industrial.

Denégase a petición feita pola Irmandade de Festas de San Campio para o arranxo de baños na casa sita no Adro Parroquial.

Apróbase a concesión dun préstamo de 36 mil euros para mercar o terreo denominado "Mato" de 1013 m2, sito a carón do tranformador, petición feita polas Comisións de Festas de Valladares. Unha comisión representativa viña traballando esta alternativa dende facía tempo formada por María Alonso Salgueiro, Manuel Costas Piñeiro, Manuel Pérez Fernández, David Comesaña Vila.

Apróbase a elaboración dun Plan de Ordenación do Monte Comunal.

Dase conta da solicitude e concesión dunha brigada contra incendios para a parroquia que funcionará perante todo o verán ata outubro.

Diante da presentación de dúas candidaturas sae elexida a presentada por Florentino Ramilo Costas encabezada para Presidente por Isidro Piñeiro Pérez diante da liderada por Emilio Iglesias Martínez.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 28 de setembro de 2003, infórmase do primeiro acto oficial da nova Xunta Rectora,

dándolle o nome de Xosé Ramón Seoane Rosende a Fonte das Cunchas como homenaxe no seu terceiro cabodano. Seoane faleceu o día 20 de setembro de 2000.

Catro dos Expresidentes da Comunidade na homenaxe a Seoane.

Diante da modificación dos Estatutos, dase lectura de todos aqueles artigos que sofren cambios, facendo constar que serán dúas as asembleas anuais, a división horizontal e a posibilidade de que nunha mesma edificación poida haber varios comuneiros/as, a creación da mesa electoral, sendo aprobadas ditas modificacións por unanimidade.

Apróbase a demolición da Caseta do Cepudo (Radio Popular) polo perigo inminente de algún accidente e porque xa non ten razón de ser unha vez iniciadas as obras do restaurante.

Dase conta da permuta efectuada con Augas do Souto, cesión para uso deportivo a Asociación de Veciños de Freixo no Pinal do Rei e préstamo ás Comisión de Festas para adquirr a Finca do Mato.

Sinatura co Alcalde Ventura Pérez Mariño, CVCV e Comunidade de Montes do Convenio para levar a cabo a construcción do novo Centro Cultural no Pedregal.

Presentar alegacións ao nó de comunicacións que figura no novo PXOU a altura do Instituto da Sobreira.

Na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 20-06-2004, apróbase que a lengüeta das Cans de 25 mil metros cadrados desapareza do PXOU como zoa edificable, pasando ao seu estado orixinal (monte comunal).

Apróbase a reversión da xestión do Baile para que pase a mans da Comunidade de Montes. O CVCV terá preferencia no uso das súas instalacións.

Por resolución da Consellería de Medio Ambiente de data 06-04-2004, declárase o Monte de Valladares zoa de seguridade, pohibindo o exercicio da actividade cinexética na súa totalidade.

A brigada contraincendios para o presente ano solicitouse mancomunada con Zamáns e Coruxo ao ser necesario xuntar 500 Has.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 03-11-2004, apróbase definitivamente levar a cabo o Plan de Ordenación do Monte 2004-2008 e a inclusión no Plan Interreg III a levar a cabo pola Mancomunidade de Montes de Vigo dentro do programa "Natureza Viva" (NAVI).

Na Asemblea Ordinaria do día 11-03-2005, dase conta da auditoría e inspección de Facenda, acordando presentar todo tipo de recursos ao alcance da Comunidade.

Apróbase o Plan da Universidade para a recuperación do recheo de Río Seco (CEDITRE).

Apróbase mercar a finca do Mato ao non poder asumir o préstamo as comisións de festas.

Presentaranse alegacións dentro do PXOU para que as propiedades adquiridas por Montes sexan declaradas de uso social e recreativo.

Dase conta da relación contractual finiquitada con Expano.

Convenio coa empresa Excavacións e Transportes Guimarey S.L. para o paso de camións pola pista das Eiras, condicionado a

que cando rematen as obras, deixarán a pista no estado orixinal. Esta empresa fai acopio de terras para a Comunidade de Montes de Vincios.

Dase conta do fallo da Audiencia Provincial de Pontevedra sobre o recurso de Apelación interposto por esta Comunidade contra a Resolución do Xulgado de Instrucción de Vigo sobor do pleito entablado contra Celia-Amelia Davila Bastos, liberando mandamento ao Rexistro da Propiedade numero 2 para que proceda a cancelar a inscripción rexistral da finca 34690 propiedade da Comunidade de Montes.

Apróbase por en marcha a páxina Web da Comunidade de Montes.

Dase conta do traspaso dos depósitos de auga do Cepudo a Aqualia por parte de Augas de Galiza.

Ponse en coñecemento da Asemblea do accidente de tráfico sofrido por José Luís Comesaña Carrera na Estrada de Freixo ao cruzárselle un cabalo incontrolado e cairlle enriba do seu vehículo o cal sofre danos de consideración.

Dase conta dos contactos tido con Retegal para que esta empresa pública se poida facer cargo da xestión do Mastro Único de Comunicacións no Cepudo.

Ponse en coñecemento dos comuneiros/as das negociacións tidas con Benigno Alonso Novoa (infructuosas) para poder adecentar as entradas de varias fincas que quedan soterradas unha vez rematadas os obras do novo vial ao Zondal.

Diante do movemento de terras para a construcción do novo Centro Veciñal, a levar a cabo pola empresa Aldín, e diante da petición do CVCV de que se efectúe nos terreos que a Comunidadde de Montes ten no Pedregal, a Xunta Rectora propón que como dende hai tempo unha finca propiedade de Campio Pérez Alonso está soterrada e sen pagar, os ingresos que se acaden se adiquen a adquirir esa propiedade.

Marta Alonso Posada no nome da súa nai pide unha aclaración respecto dun recibo do IBI que recibiron dunha finca sita no Camiño de Vales entre os moxóns 7,8 e 9.

As diversas Xuntas Rectoras sempre estiveron dispostas a buscarlle unha solución definitiva a este problema, valorando que a solución podería ser a de unha permuta, sempre e cando ésta a legalice a Xunta de Galiza por mediación da Consellería de Medio Rural.

Na Asemblea Xeral ordinaria celebrada o día 25-09-2005, apróbase a subrogación do contrato do Sanatorio do Alba a favor dun soio herdeiro de Justo Comesaña Davila ata o remate da concesión no ano 2019 e actualización do canón.

Dáselle luz verde a unha actuación a levar a cabo no entorno da Capela do Alba consistente en levantar o muro circundante a mesma e acondicionar as escaleiras levantando os rasantes. Asi mesmo en Río Seco pecharase todo o perímetro. Acometerase a instalación de auga, levantarase un invernadoiro e farase unha balsa de augua nun dos socalcos para por decantación poder regar futuras plantacións que se efectúen dentro da zoa pechada.

Fonte do Peimallo.

Dase conta do asfaltado do Camiño da Santa feito polo Concello a pesar do compromiso adquirido pola empresa Taboada e Ramos.

Infórmase do roubo perpetrado na Casa das Novenas e os danos causados na súa estructura.

Na Asemblea Xeral ordinaria celebrada o día 12-03-2006 gárdase un minuto de silenzo poo pasamento de Florentino Ramilo Costas feito acaecido o día 28-12-2006.

Infórmase da recuperación das Fontes Alba, San Bartolomeu e a do Demo.

Denéganse as peticións de Trial e Reciclaxe de restos de obras na Canteira de Cubiles.

O Real Clube Celta de Vigo lanza un globo sonda para facer nas inmediacións do Zondal e Lapela a súa Cidade Deportiva, necesitarían 200.00 m2. Representantes da entidade co seu Presidente Horacio Gómez e Xerente Sabino López, contactaron coa Comunidade de Montes para analizar que posiblilidades terían, sendo informados e trasladados ao lugar, e cando presenten un proxeto definido, sería estudiado pola Xunta Rectora e trasladado a unha Asemblea Xeral. Este Globo sonda sae a relocir diante da controversia social creada a raiz de que o Celta-Concello, queren trasladar o seu estadio de fútbol de Balaídos para a futura Cidade do Deporte a contruir nun futuro na Zoa da Costa en Valladares ou na futura Cidade do Frío.

Na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 06-10-2006, acórdase a cesión dunha parcela no monte da Sobreira a carón do Instituro da ESO para actividades do barrio con dotación presupostaria tal e como xa se acordou na Asemblea Xeral do día 29-06-2003.

No mes da agosto se produciron unha vaga de lumes en toda a comunidade autónoma sendo unha experiencia enriquecedora o

Voluntariado posto en marcha na nosa parroquia para facer roldas de vixiancia.

Nas Asembleas Xerais Ordinarias dos días 25 de marzo e 7 de outubro de 2007 dase conta do Plan de Inversións parroquiais posto en marcha de acordo con tódalas entidades parroquiais, plan que terá unha vixencia de 3 anos rematando no ano 2009.

Infórmase das axudas recibidas dos Fondos Proder II a favor da Comunidade de 4 ordenadores e unha impresora.

O restaurante Cepudo abriu as súas instalacións no mes de febreiro quedando as mesmas moi dignas e acordes co entorno a pesares das críticas recibidas.

Autorízase aos veciños comuneiros da comunidade de augas da Sobreira a facer unha toma de captación de augas no monte público.

Nas Asembleas Ordinaria de día 2 de marzo e Extraordinaria do 28 de xuño de 2008, dáselle luz verde ao Proxecto do Mastro Unico de Comunicacións que liderará a empresa Autronic, consistindo a actuación prevista en:

- Eliminación mastros actuais.
- Eliminación Caseta Icona.
- Nova obra civil a cargo da Comunidade.
- Control da Comunidade sobre Operadores.
- Xestión a cargo de Autronic, canon anual revisado anualmente sobre IPC.
- Servizo Wifi e posiblilidade de emisora local para CVCV.

Novo mastro de comunicacións

Ao longo de todo o ano 2008 celébranse 25 actos institucionais en conmemoración do 25 aniversario da Clasificación dos nosos montes.

Aprobouse darnos de alta de socios na Planta de Biomasa da Mancomunidade de Montes do Val Miñor a instalar en Vincios con unha inversión de 12 mil euros.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 05-10-2008, dase conta da remodelación levada a cabo na Chan das Esculturas e Capela do Alba dotándoas de varandas nun proxecto conxunto coa Consellería de Medio Rural sendo inauguradas o día 15 de agosto na Romería da Nosa Señora polo Delegado da Consellería Gonzalo Fontenla.

Dase conta dos proxectos para o Zondal da Axencia para a enerxía de plantas de enerxía fotovoltaica.

Infórmase do proxecto de nova Lei de Montes Veciñais en Man Común de Galiza en fase de elaboración e presentación de enmendas e alegacións.

Dase conta dos contactos tidos con entidades de Matamá e San Andrés de Comesaña sobre os lindeiros en Freixo a altura do lugar das casas do Salgueiro.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do día 29 de marzo de 2009 sae elexida a candidatura presentada por Teodoro Piñeiro Alonso pasando por tanto a presidir a Comunidade de Montes, acordando o incremento do IPC a proposta dos comuneiros Leonardo Costas Prado e Benigno Comesaña Davila das fincas a mercar no futuro, incremento salarial que tamén afectará ao xestor sobre o IPC do ano 2008.

Diante dos problemas tidos no emprazamento do Circuíto de Mountan Bike, acórdase aprobar o traslado para a finca situada fronte o colexio da Sobreira unha vez quede definido o proxecto definitivo e a súa financiación.

Acórdase de forma provisional autorizar que Zamáns poida instalar a súa TDT no Cepudo sempre e de acordo con Autronic.

Levouse a cabo a Andaina 2009 promovida polos marchadores da parroquia con grande éxito de participantes.

Diante da xubilación do xestor económico acórdase trasladar a xestión para a Asesoría Tepima.

Dase conta da definición do deslinde en Fontefría con Beade, da finca sita a altura da casa de Rogelio e de varios baldíos na Garrida.

Despois de máis de sete anos loitando por conquerir darlle auga a Fonte das Barrocas, as longas xestións efectuadas polo CVCV. e a Comunidade de Montes deron o seu froito. E necesario agradecer a tódolos regantes das Cans sen os cales non sería posible que a auga mane de novo na Fonte.

Tamén se recuperaron as Fontes de Caride no Carregal e a Fonte do Arroio nas Barrocas.

Nenos nunha prantación.

Na corta vida da Comunidade de Montes de Valladares (25 anos non é nada), todas as súas Xuntas Rectoras traballaron, en maior ou menor medida e sempre dependendo dos recursos económicos de cada época, en poñer en valor o noso monte dentro do esquema de tres das súas funcións fundamentais que debe cumprir: productiva, social e medioambiental. Nestes anos transcorridos fixéronse cousas para millorar a súa accesibilidade, leváronse a cabo unha boa morea de prantacións de árbores autóctonas, asináronse convenios de colaboración e cesións con Institucións Públicas para usos educativos,

deportivos e recreativos, recuperáronse boa parte dos mananciais de auga existentes e a pesar das dificultades, recentemente se elaborou e executou un Plan de Inversións Parroquiais.

Ningunha das Xuntas Rectoras, a pesar das gañas e do empeño postas, foron capaces de conquerir unha solución definitiva para a Bomba Ecolóxica do Zondal.

Estamos a principios do ano 2011 e o Mastro Único de Comunicacións parece que definitivamente chega a bon porto.

Somos a única parroquia que logrou dotar a unha parte importante do seu monte de alcantarillado e abastecemento de auga coa dificultade engadida de ter a cota máis alta (525 metros).

Posuimos un tesouro incalculable nas vistas panorámicas máis completas de todo o término municipal de Vigo e temos unha Virxe Protectora (a Virxe do Alba) que se comunica co resto das Santas da Comarca. ¡E a pesar de todo somos inconformistas!.

OS COLEXIOS E AS ANPAS

Se os inicios do movemento asociativo estiveron ligados a reclamación do edificio que fora sede dunha das escolas unitarias da parroquia, coa posta en marcha do grupo escolar da Igrexa no curso 1968, paralelamente nace na parroquia un asociacionismo ligado as etapas escolares dos fillos e fillas dos habitantes da parroquia.

Na actualidade funcionan en Valladares os seguintes colexios e institutos públicos:

- EEI Monte do Alba no que se imparte o 2º ciclo de educación infantil de 3 a 6 anos.
- CEP Igrexa no que se imparte a educación primaria de 6 a 12 anos.

- CEIP Sobreira no que se imparte o 2º ciclo de educación infantil de 3 a 6 anos e educación primaria de 6 a 12 anos.
- IES Sobreira no que se imparte o ciclo de educación secundaria de 12 a 16 anos.

Funcionan asi mesmo dous colexios o Andersen e o Barreiro que son colexios privados e concertados aos que tamén acuden nenos e nenas da parroquia.

Centrados nos colexios públicos a continuación expóñense unha serie de pincelados de cada un deles:

CEP Igrexa, sito no Camiño do Caseiro funciona ininterrumpidamente dende o ano 1968 tendo tres directores ata hoxe: D. Hermindo Pérez Serodio que era mestre na Escola Unitaria, Dª. Guadalupe López Díaz e dende hai 28 anos D. José Luís Araujo Santalices.

O centro ten xornada escolar contínua con horario de 9,15 a 14,15 horas, funcionando o transporte escolar con dúas liñas dende Freixo e dende o Carregal pasando pola Costa e a Garrida ata o Colexio.

Nos seus equipamentos e instalacións podemos contar: Comedor con capacidade para 225 persoas, Biblioteca con máis de 5000 volumens, Salón de actos, Dúas pistas polideportivas unha delas cuberta e pechada, aulas de música, informática, psicomotricidade, apoio, integración escolar, consumo e debuxo e dous patios un cuberto e outro pechado cunha superficie de 1500 m/2.

Na actualidade reciben ensino neste colexio 140 nenos e nenas.

A ANPA presidea Mª. Maximina Fernández Troncoso acompanándoa de Secretaria Helene Poyet e de Tesoureira Amparo Otero Alonso, destacando as seguintes actividades organizadas extraescolarmente: natación, debuxo e pintura, actividades deportivas, informática, teatro e manualidades.

EEI Monte do Alba, sito no Camiño da Igrexa 133, funciona dende a súa inauguración no ano 1979 tamén sen interrupción, tendo o mesmo horario e transporte que o Colexio Igrexa ao que está adscrito. A súa actual Directora é Dª. Ramona Fernández Seoane. Este centro foi experimental na reforma de Educación Infantil, contando cun orientador e mestra de audición e linguaxe, participando no Proxecto Europeo Comenius.

70 nenos e nenas están matriculados no curso 2010-2011.

A Anpa deste colexio presidea a Tesoureira do da Igrexa Amparo Otero Alonso acompañándoa de vogais Silvia Gabriela Brito e Roberto Fernández Gómez.

CEIP Sobreira, sito na Estrada da Escola da Sobreira 89 tamén funciona de seguido dende a súa inauguración en setembro de 1981,tendo os seguintes Directores: Javier Nogueira, Gregorio Bartolomé, José A. Conde, Ignacio Gómez e na actualidade Félix Alvarez.

Este é un colexio de ensino público e por tanto debe prestar un servizo a sociedade e a comunidade mais achegada na que nos atopamos. O centro esfórzase sempre por dar un ensino de calidade que responda as necesidades do noso alumnado, do noso entorno e da nosa sociedade.

Conta con transporte escolar dende Zamáns, Universidade, Garrida e Sobreira, contando con comedor, biblioteca, aula de música, aula de educación artística e plástica, aula de informática, aula de medios AV, 2 aulas de inglés infantil e primaria, aula de psicomotricidade para infantil, sala de usos múltiples, horta escolar e invernadoiro, instalacións deportivas con campo de fútbol de herba, pista polideportiva, pavillón con calefacción, patios cubertos e espazos de arboredo e herba e patio específico para educación infantil con areeiros e xogos.

Colexio plurilingüe (inglés, galego e castelán) no que están matrículados 142 nenos e nenas

A Anpa presidea Mª. Carmen Salgueiro Figueiras acompañándoa de vicepresidenta Mª. Carmen Garrido, de Secretaria Concepción Rodríguez e de Tesoureiro Angel Tellado Bugarín, organizando as seguintes actividades: informática, inglés, Bicicleta de montaña, natación, manualidades, cross, baile moderno, béisbol e sofball.

IES SOBREIRA.

O Instituto de Educación Secundaria situado a carón do Colexio de infantil e primaria funciona dende setembro do ano 1999, nel están matriculados 311 nenos e nenas sobre todo das parroquias de Valladares, Matamá e Zamáns, conta con transporte escolar e ata a actualidade tivo tres Directores: Jesús Alvarez Otero, Angel Culebras Pérez e Antonio Andujar Matalobos.

A ANPA presidea Teodoro Davila Rial.

COLEXIO ANDERSEN.

O Colexio Andersen está situado no barrio da Garrida é un colexio privado concertado que na actualidade conta con 290 alumnos e alumnas, que reciben a súa formación ata rematar o ciclo da ESO. O Colexio nace no ano 1969 e na actualidade está dirixido por María del Pilar Alonso García, estando a ANPA presidida por Manuel López Carballal.

COLEXIO BARREIRO.

O Colexio Barreiro funciona en Valladares dende o ano 1999 sendo un dos colexios con máis tradición na cidade de Vigo pois funciona ininterrumpidamente dende o ano 1959 (Pereiró, Camelias, Fragoso). Está situado no barrio do Carregal na Estrada Xeral de Valladares nº 78, sendo o seu Director Enrique Barreiro Alonso o decano de tódolos/as directores tanto de colexios públicos como privados. Suliñar que este director é nativo da parroquia de Valladares.

E un colexio privado concertado no que reciben formación 330 alumnas e alumnos en infantil, primaria ata rematar o ciclo da ESO. Centro bilingue, sendo o actual curso o segundo ano consecutivo en impartir ciencias sociais en inglés.

A ANPA presídea Miguel Soto Cameselle.

AS COMUNIDADES DE AUGAS

A necesidade de dispor de auga potable nos fogares xurdiu xa a finais dos anos sesenta e principios dos setenta. Pero o abastecemento de auga municipal tardou en chegar ás parroquias. Este foi o detonante da construcción de diferentes comunidades particulares de augas.

En Valladares constituíronse cinco entidades deste tipo nos barrios do Carregal, do Souto, da Sobreira, das Barrocas, e da Garrida.

A COMUNIDADE DE AUGAS DO SOUTO

As comunidades de augas do Souto e das Barrocas datan case do mesmo ano. A finais dos anos sesenta e principios dos setenta, o Ministerio de Agricultura, a través do Servizo de Extensión Agraria de Porriño, enviou unha circular, firmada polo xefe da axencia comarcal, José Fernández Paz, aos veciños do barrio das Barrocas para unha reunión que tivo lugar en “Casa Coello”. Nela se tratou a posibilidade de construír unha traída de augas que, pola propia xeografía do terreo se dividiu en dúas zonas: a do Souto e a das Barrocas.

Con posterioridade, en outra reunión, que se celebrou no grupo escolar de Valladares, se fixo entrega de unha serie de subvencións. 26.000 pesetas para a comunidade das Barrocas e, 18.000 pesetas para Cacheira (que é a mesma que a do Souto). Aínda que non se pode calcular cal foi o gasto total da construcción das infraestructuras, está claro que as subvencións non chegaron nin para pagar a metade dos materiais empregados.

Xa no ano 1970, os veciños do Souto estiveron a procurar mananciais pola zoa para abastecer os seus fogares, limpando as minas e dándolles máis profundidade. A continuación construíuse o depósito, instalouse o sistema de tubarías, etc. De feito, hai unha factura do ano 71, na que consta o pago do permiso para realiza-las canalizacións.

Con data de 18 de abril de 1972, fíxose ante notario a escritura de constitución da primeira xunta directiva desta Comunidade de Augas. O primeiro presidente foi Adolfo Otero Freiría, que ocupou o cargo ata o ano 1982. A continuación estiveron Enrique Alonso Costas ata 1988, Perfecto Iglesias Fernández ata 1991 e, volveu Enrique ata 1999. Dende entón e ata a actualidade o presidente é José Luis Fernández, recentemente subtituído por Rodriguez Salgueiro Rial.

Nun primeiro momento eran oito comuneiros, pero o día 20 de febreiro de 1982, fíxose a escritura de admisión de cinco novos. Coa posterior inserción doutro membro, na actualidade son catorce os beneficiarios desta entidade. Aproveitando que son poucos comuneiros, intentan pasar todos pola directiva e traballar xuntos.

Con Enrique Alonso como presidente, producíronse unha serie de melloras como a posta por escrito de todo o que atinxía á Comunidade. Deste xeito, en 1982, comezouse a utilizar o libro de actas e a deixar tódalas contas rexistradas. Nese mesmo ano, mercouse un terreo no que nacía auga para solucionar posibles problemas de abastecemento no verán. Pero, pola lonxitude con respecto ao núcleo de casas, o proxecto non foi viable. Así que, se iniciaron os trámites coa Comunidade de Montes, para permutar esta nova tomada polo terreo no que se atopa o manancial. A condición que puxeron os responsables de Montes foi que non perdesen terreo e, así foi como aínda o incrementaron. O proceso de permuta durou varios anos e se fixo oficial no ano 2003.

Na etapa de José Luis Fernández, comezouse o proceso de tramitación a través de Augas de Galiza de todo o relacionado coa Comunidade de Augas, pois nesa altura aínda se rexían polos

estatutos do Ministerio de Agricultura. Este proceso levou catro anos, ata que, con data de 11 de novembro de 2003, se lles deu o número de expediente DH.A36.5003. Durante este proceso tiveron que facer fronte aos intereses de Seragua que, premía para non deixarlles legalizarse, dado que naquela altura estaban xa estendendo o sistema de traída do Concello polas parroquias.

Na zona do Souto hai algunhas casas que non poden ter abastecemento de auga pola Comunidade debido á orografía do terreo. Dado que a traída do Concello tampouco chega ata alí, a Comunidade de Montes, mediante o depósito que se construíu no Monte do Cepudo ten previsto solucionar este problema, aínda que non se concretou este tema.

Con respecto ás acometidas, hai que decir que os entubados seguen sendo os mesmos do momento da fundación e, salvo pequenas reformas nalgúns tramos e na arqueta de división, se conserva todo no seu estado orixinal.

A COMUNIDADE DE AUGAS DAS BARROCAS

Como xa foi dito, dende o Servicio de Extensión Agraria de Porriño, enviaron unha subvención de 26.000 pesetas para a construcción deste servizo. Novamente esta cantidade non chegou para cubrir tódolos gastos, aínda que xa foi superior á do Souto.

Foron oito os fundadores que traballaron os domingos buscando mananciais e levando a cabo toda a instalación de entubados e a construcción do depósito. En total, existen oito mananciais (aínda que algúns deles nos últimos veráns están a secarse xa que o número de comuneiros incrementouse ata os catorce).

O día 5 de xullo de 1970, xuntáronse os veciños do barrio das Barrocas para constituír a directiva. O primeiro presidente foi Xosé Ramón Seoane Rosende e o vicepresidente Sabino Pérez Salgueiro. Aínda que xa no 1970 houbo unha proposta para que entrase Andrés Pérez Simón como presidente, o feito foi que

Seoane estivo traballando nesta entidade ata 1986. Nese ano, a día 19 de abril, Auxilio Costas Costas saíu como presidente, ata o 12 de setembro de 1992 en que entrou Arturo Beiro Bastos.



Fonte dedicada a San Bartolomeu pola Comunidade de Augas das Barrocas.

O actual presidente é Enrique Pérez Vila, que dende o 17 de novembro de 2000, traballa en todo o relativo á comunidade coa axuda de Tomás.

Un dos problemas máis importante cos que se enfrontaron foi o cambio de toda a instalación de entubados, xa que os anteriores estaban a romper continuamente.

O local de reunións foi ao principio a casa de Sabino Pérez, ata que se construíu o Teleclube e pasaron a celebrar nel as súas asembleas.

A COMUNIDADE DE AUGAS DA GARRIDA

Foi fundada a finais do ano 1972 e principios do 1973. Tratouse dunha necesidade urxente, debido ao rápido incremento de veciños que se estaba a dar nese momento no barrio da Garrida.

A primeira directiva estivo formada por Manuel Fernández Cabezas que foi o seu presidente, Florentino Ramilo Costas, Cándido Abalde Couñago, Cándido Álvarez Otero, Julio Agra Costas, Ignacio Costas Piñeiro, Antolín Filgueiras Troncoso e Serafín Salgueiro, aínda que contaron tamén co apoio de outros veciños.

Traballos de construcción da Comunidade de Augas da Garrida.

Esta primeira directiva foi a que buscou o primeiro manancial e se encargou de levar a cabo toda a instalación, que se precisou para abastecer os oitenta e cinco socios fundadores.

Despois duns oito anos traballando, cambiou a directiva e, pasou a ser presidente da mesma Belarmino González Alonso. Algúns dos que estaban na anterior directiva seguiron traballando ao seu carón.

Cando se fala de Belarmino González estamos falando dunha persoa pequena en estatura pero moi grande en valores. Belarmino foi coñecido na vida sindical en todo Vigo e España e mestre de moitos compañeiros que loitaron na vida sindical polas liberdades e pola democracia e que pagou con cárcere, despidos e moitas torturas. ¡Todo un exemplo de loita por uns ideais!.

O rápido incremento do número de peticións de traídas, fixo que nos primeiros anos da década dos oitenta, houbese que buscar unha solución para o mellor abastecemento dos comuneiros. Foi entón cando se chegou a un acordo co Concello. A Comunidade de Augas construíu un depósito na Sobreira que se abastecía duns

mananciais sitos nese barrio. Como estes non chegan para atender a toda a Garrida cando é preciso se recolle auga do embalse de Zamáns, de xeito que non haxa que pasar nunca por restriccións de auga.

Ignacio Costas Piñeiro preside esta Comunidade de Augas once anos,durante os primeiros anos do seu mandato tivo como vicepresidente a Belarmino González Alonso. Esta directiva traballou na substitución das vellas tubarías por unha instalación moderna. Pero o certo é que se trata dun traballo difícil e que vai moi lento, pois cando hai unha ruptura inesperada se atrasa a obra de renovación porque se gasta o presuposto. Ademais a cota que pagan os socios non é demasiado alta e todo son dificultades para que este traballo avance.

Na actualidade preside esta Comunidade Antonio Almuiña Dominguez centrando o seu traballo en adecentar os depósitos e seguir coa renovación das tubarías en toda a rede.

A COMUNIDADE DE AUGAS DO CARREGAL

Ante a progresiva constitución de comunidades de augas na parroquia, tamén os veciños dos barrios do Carregal e dos Seixos sentiron esa necesidade. Deste xeito comezaron a procurar unha serie de mananciais situados nos montes dos Pozos, Faixas, Abriñeiros, Martices e Pirrela.

A escritura de constitución da Comunidade é do día 4 de maio de 1974. Ante o notario Teodoro Azaustre Torrecilla, compareceron en Porriño setenta veciños destes lugares. O número de tomas de auga que se estableceron foron setenta e oito, xa que cinco comuneiros foron representados polos seus veciños e tres colleron dúas tomas. Na actualidade, hai un total de setenta e sete tomas de auga e, aínda que son moitos máis os veciños que solicitaron entrar, non é posible acoller a todos.

Decidiuse que a Comisión de Augas estivera composta por once membros: un presidente, un vicepresidente, un secretario, sete vocais e un tesoureiro. Esta comisión debía de estar

establecida pola maioría de dous tercios dos constituíntes da Comunidade.

A primeira directiva tivo como presidente a Antonio Rodríguez Abalde e vicepresidente a Nonito Rodríguez Freiría. O secretario foi Eligio Barreiro Quintas, o tesoureiro Ramón Rodríguez Rodríguez e os vocais: Luciano Rodríguez González, Antonio Fernández González, Laureano Comesaña Rodríguez, Carlos González Davila, Alfredo Comesaña Pérez, Emilio Fernández Abalde e Justo Comesaña Comesaña. Estes foron ademais os impulsores da idea e, os que máis colaboraron nos inicios, nos traballos de busca de mananciais e de instalación de entubados.

No momento en que esta comisión quixo deixar o seu cargo non había veciños para facerse cargo dela, polo cal se estableceu un sistema de rotación. Deste xeito, e por orde, van pasando dous anos cada comuneiro, constituíndo directivas de oito membros nas que sempre hai novos e veteranos no asunto.

Nos estatutos establecese que os comuneiros deben pagar cotas para levar a cabo as diferentes acometidas, xa que sería moi complicado reuni-los a todos cada vez que houbese un problema e se precisasen cartos. O local de reunión é “Adegas do Alba”.

Tras unha serie de problemas coa construcción do segundo cinto, agora pensan na posibilidade da ampliación dos mananciais para darlles a posibilidade a tódolos veciños de ter unha toma de auga. Ademais do problema da seca que fai preciso buscar novas fontes de auga para abastecer aos xa comuneiros.

A COMUNIDADE DE AUGAS DA SOBREIRA

Foi fundada arredor do ano 1975, porque os veciños deste barrio, ao igual que os do Carregal, vían que noutras zoas da parroquia xa tiñan auga nos seus fogares.

Neste caso non houbo a necesidade de buscar os mananciais, dado que xa existía un que producía moita auga. Dito manancial xa abastecera parte da cidade de Vigo varias décadas atrás. Debido a que nese momento o subministro de Vigo se facía a través do Oitavén, a Comunidade de Augas solicitoulle á empresa que levaba o abastecemento de Vigo que llelo cedesen e, non tendo ningún problema pasou ás súas mans.

A continuación, os veciños contrataron un fontaneiro que lles colocou toda a instalación, deixando un aparato que en caso de que sobrase auga, esta fose enviada a Vigo, para non estragala.

O primeiro presidente desta comunidade foi Ricardo Martínez Costas, que tiña entre os seus colaboradores a Jaime González, Ramón Costas e Olivio Pérez. A continuación, houbo outros presidentes como Faustino Pérez ou Benigno Pérez. Pero o certo é que o número de presidente é maior que noutras comunidades da parroquia porque nesta, como na do Carregal, se implantou tamén un sistema de acceso á presidencia polo cal van pasando tódolos comuneiros. Neste caso é diferente ao do Carregal: entran en grupos de nove todos xuntos e o deixan tamén todos á vez, non quedando ningún con experiencia no seo da nova directiva.

En calquera destas comunidades de augas o traballo dos veciños foi fundamental tanto no momento da súa construcción como na actualidade para o seu sostemento fronte á empresa que leva actualmente o subministro da traída de augas do Concello.

A auga do Concello está moi tratada e ten moito cloro, por iso quen xa ten auga de calidade dunha traída privada, non desexa o abastecemento do Concello.

A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE FREIXO.

A Asociación de Veciños de Freixo naceu polas necesidades dese barrio. A Comisión de Festas de San Xoán pretendía mercar un local, pero daquela aínda non estaba constituída con personalidade legal para ter propiedades. A isto hai que

engadirlle que é o barrio máis afastado do centro neurálxico da parroquia. Este foi o motivo polo que xurdiu a Asociación de Veciños. Nestes primeiros momentos, o vertedoiro do Zondal non foi aínda un problema real, senón latente.

A constitución desta Asociación data do 4 de maio de 1987. O primeiro presidente foi Herminio Fernández Comesaña e con el estiveron: Alberto Comesaña Costas, Luis Martínez Portela, J. Ramón Silveira Rodríguez, Justo Figueroa Figueroa, Eduardo Alonso Figueroa, Enrique Comesaña Freiría, Cándido Costas González, Antonio Fernández Alonso, Emilio Ucha Figueroa, Salvador Comesaña Alonso, Valentín Comesaña Salgueiro e Jorge Comesaña Freiría. Todos eles, foran xa con anterioridade os membros da xunta xestora que elaborara os estatutos e acadara a constitución da propia Asociación.

Nun primeiro momento, os membros desta nova Asociación reuníronse debaixo do palco, local que aínda teñen en propiedade, a pesar de ser mercado pola Comisión de Festas. A primeira directiva estivo só catro anos, pero neles traballouse moi intensamente. Botáronlle a cuberta ao palco, asfaltaron varios camiños e conseguiron melloras no tendido da iluminación pública. Para todo isto, a achega dos veciños foi o puntal máis importante, pois en ocasións só houbo presuposto para os materiais, pero non para a man de obra.

A continuación, entrou unha nova xunta que estivo no poder tanto tempo como durou o problema do Zondal. O día 23 de setembro de 1990, fíxose a transferencia da asociación ao novo presidente Manuel Hermida Rodríguez e á vicepresidenta Esther Alfonso García. Con eles estiveron: Rafael Alonso Davila, Edelmiro Davila Fernández, Bernardo Figueroa García e José García Lago, entre outros. Aínda que no ano 1994 se modificaron algúns cargos, a maioría destas persoas continuaron ata un ano despois.

Foi entón, cando pasou a ser presidente o xa mencionado José García. Aínda que a maior parte dos seus colaboradores foron os mesmos que os do anterior presidente, nas varias

remodelacións que sufriron as súas directivas entraron tamén outras persoas como: Mónica Fernández Pérez, Paula Hermida Alonso ou Víctor Costas Comesaña.

Precisamente durante o tempo no que estiveron estes dous presidentes, foi cando comezou todo o movemento en contra do vertedoiro do Zondal. Grazas a unha serie de convenios co Concello, cos que non estiveron de acordo a maior parte dos veciños, acadáronse para o barrio diversas partidas para a mellora das súas infraestructuras. Foi cando se construíu a "Biblioteca", a traída de augas en Valladares empezouse a instalar por Freixo, empezáronse a organizar actividades e cursos, etc.

Edificio cultural: "Biblioteca" de Freixo.

No ano 2000 entrou unha directiva moito máis vinculada á fundadora que á que estivera nos últimos dez anos. Dende entón e ata a actualidade, aínda que se produciron algunhas variacións, o presidente é Enrique Parra Piñeiro e, algúns dos que traballaron ou traballan con el son: Herminio Fernández, Mª Beatriz Fernández, Ángeles Freiría, Adriana Costas, Cipriano Freiría, Luisa Dabarca, J. Carlos Freiría, David Costas, Isaac Comesaña, Patricia Comesaña, Enriqueta Fernández, Justo Figueroa, Begoña Comesaña, Enrique Comesaña, Cristóbal

Fernández, Emilio Costas, Higinio Pérez, Luis Martínez, César Freiría, Rocío Rial, Mª Carmen Carballo, Abel Fernández, César Davila, Purificación Correa e Sergia Davila.

En todos estes anos de funcionamento desta asociación, fóronse desenrolando varias actividades, algunhas das cais aínda están en funcionamento na actualidade. Delas destacamos: o grupo de gaiteiros (“Os Tabáns”), a agrupación folclórica “Os Jamusinos”, o conxunto de folk “Ciprián e mailo can”, a banda de rock “RIF: República Independente de Freixo”, o grupo de playback “Operación Karuncho”, as pandeireteiras (“Ledaiña”, que foi fundado en 1995), a “Peña Freixo”, no ano 2000 a asociación cultural folclórica “Bouzacoba” e o seu “Outono do folclóre”, os bailes de Fin de Ano, os magostos, gran número de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías, manualidades, tai-chi, aeróbic, patronaxe, masaxes, etc.

O grupo folclórico “Os Jamusinos” foi creado no ano 1998 e nutriuse dos alumnos da escola de gaitas de César Freiría. Os instrumentos básicos que teñen son a gaita, o tambor, o bombo e as pandeiretas. En canto aos estilos de música tocados, hai un pouco de todo: ritmos tradicionais, rumbas, etc.

A “Peña Freixo” quizais foi un dos focos de maior actividade, xa que dende a súa formación no ano 1993, saíron do seu seo os festivais “Freixo-Rock”, a Rondalla, as “baixadas en carros de bolas” (a primeira no ano 1996)...

A idea de planear un festival de Rock, xurdiu despois de organizar un concerto no edificio do Baile Vello no ano 1993, aínda que a data real da estrea do Freixo-Rock é posterior. Despois de ter que suspender o concerto do ano 1994 por problemas co local, e de inserir o Freixo-Rock no Revoltallo en 1995; ao ano seguinte proxectaron un festival de dous días, do que houbo que suspender o segundo día pola chuvia. Para 1997 o festival realizouse no propio barrio de Freixo e foron tres días de éxito rotundo, sen dúbida algunha o mellor deles. Non houbo tanta sorte ao ano a seguir, cando pola chuvia houbo que trasladar o festival a un local do centro da cidade. Todo isto

levou a adiantar as datas no ano 1999 ao mes de agosto, tendo a mala sorte de que estas coincidisen coas do Revoltallo, co Félix Rock e co concerto en Castrelos de Luis E. Aute e Silvio Rodríguez. Este feito deixou endebedados aos seus organizadores e significou ata o de agora o último Freixo-Rock.

No tocante á Rondalla de Freixo, foi incentivada por Iván "Tirabolas", Sidro "Trancallas", Cipri e Xoán "Pichiretes". En 1995, decidiron colocar carteis polo barrio e convocar aos que quixesen participar a unha reunión. Apareceron máis dos que contaban e aínda que a maioría non sabían nada de música, pouco a pouco conseguiron leva-lo ritmo. Ó principio as capas fóronlles cedidas pola "Rondalla de Beirán", na que comezara a tocar o seu director: Juan C. Freiría e o seu irmán César Freiría. Trátase dunha actividade que ten bastante tirón no barrio.

Unha das máis recentes conquistas para o barrio é a construcción dun campo de xogos para os máis novos, para o que se contou coa axuda da Comunidade de Montes. Tamén foi importante a reforma do local social, no que se acondicionou unha sala de informática na planta baixa para persoas discapacitadas, unha reforma da biblioteca e dos seus fondos, etc. Son ademais méritos da actual directiva: a xestión da instalación do colector, a construcción de beirarrúas, a reforma de alumeados insuficientes e asfaltados, e a web da Asociación.

CEMITERIO PARTICULAR.

Os primeiros pasos para a construcción desta obra déronse dende a Comunidade de Montes, presidida nese momento por Orencio Ramilo Comesaña. Nunha Asemblea Xeral aprobouse polos comuneiros a intención de reunir un grupo de xente cualificada, así como ceder os terreos para emprazar o cemiterio e unha achega económica inicial.

No grupo de persoas coas que contactou Orencio estiveron Ignacio Costas, Jorge Barreiro Alonso e Orencio Vila Iglesias entre outros. Así foi como, poucos días despois de saír da

directiva do centro cultural, Ignacio se fixo cargo dunha nova iniciativa, e ao seu mérito se lle debe por enteiro.

Neste caso, estamos ante unha necesidade latente que tiña a parroquia, dende bastante tempo atrás, de enterrar aos seus mortos nun recinto digno. A pesar das continuas queixas dos veciños, a Igrexa non arranxou nada. De feito, ata os inspectores de Sanidade dixeran con anterioridade que de non arranxarse o cemiterio parroquial, éste debería pechar. Quizais foi por este motivo que se fixo a posterior remodelación.

Antes de comezar con toda a obra houbo que acudir a toda a documentación específica sobre a lexislación dos cemiterios. Ata entón o máis normal foran os cemiterios parroquiais ou en menor medida municipais. Neste caso, propuxéronse facer algo diferente. No ano 1989, comezaron as negociación seguindo o regulamento. Inicialmente acolléronse ao Decreto do ano 1982 da Xunta de Galiza.

Foi o primeiro cemiterio destas características que se creou en Galiza. Existen outros en Valladolid, Bilbao, Barcelona, Valencia, etc.; pero todos eles foron construídos como negocios. Neste caso, estamos ante o primeiro e único cemiterio particular de España creado por unha asociación de veciños sen ánimo de lucro.

Outra vez estamos ante unha iniciativa que ocupou os esforzos de numerosos veciños. Só se votou en falta a colaboración dunha persoa, o cura da parroquia. Este non estivo de acordo coa construcción dun cemiterio independente da Igrexa, aínda que estivese dentro da lei.

Cemiterio particular de Valladares.

Este feito levou a unha ardua polémica entre os veciños e a Igrexa. O propio bispado mostrouse nun principio pouco receptivo a que se dixesen misas na capela, que estaba bendicida, no recinto do cemiterio. Non obstante, houbo sectores eclesiásticos que se mostraron favorables a que se celebrasen oficios neste cemiterio, e incluso hai algunha anécdota.

Fíxose unha manifestación ao bispado de Vigo, á que acudiron oito autobuses completos, para protestar pola situación, e a prensa estivo a diario no cemiterio para coñecer as novas que ían xurdindo.

Os datos numéricos son reveladores da idea dos veciños, pois máis do noventa por cen das persoas que tiñan no cemiterio parroquial o panteón, ou ben o venderon ou o abandoaron por completo.

En Valladares estivo o arcebispo de Sevilla de incógnito, para saber o que acontecía de primeira man. Examinou toda a obra e os papeis, e interveu para que todo se solucionase.

Foi coa chegada de José Diéguez, o novo bispo, que cambiou esta situación. O cura da parroquia marchou e o novo tivo a ben comezar a dicir misa na capela deste cemiterio.

A construcción deste complexo iniciouse en 1991 e, incluíu non só a creación de panteóns, senón que tamén se instauraron unha serie de servizos como son as salas de velatorio, amplas zoas de xardíns e aparcamento, capela, servizos, floristería, cafetería, etc. Dende logo, algo non habitual nun cemiterio. A inauguración foi o día dezanove de abril de 1994.

O orzamento inicial da obra foi de trescentos quince millóns de pesetas todo o complexo. Aínda que hoxe este prezo xa supera con creces os setecentos millóns. O Concello de Vigo axudou nos traballos de explanación do terreo que era monte, acondicionou o acceso principal ao recinto e doou a cruz que está na parte superior.

Xa dixemos que a Comunidade de Montes cedeu para comezar as obras tres millóns das antigas pesetas, e o resto conseguiuse mediante a implantación dunha serie de cotas semestrais a cada socio de cincuenta mil pesetas. De feito, a maior parte dos cartos saíron das achegas dos propios socios.

En total custoulle a cada socio de número arredor de trescentas corenta e oito mil pesetas, custo realmente barato se o comparamos con outros cemiterios parroquiais da zoa, que non contan nin coa metade dos servizos. Esta cantidade deu a oportunidade de acceder a catro nichos, é dicir, unha columna completa ou, con menos, se puido acceder a dous. Parte desta cota foi o IVA, porque Facenda non tiña tipificado ese tipo de sociedade; con este aspecto non estiveron de acordo tódolos veciños, dado que elevou considerablemente o presuposto inicial.

Os socios tiveron acceso a un fraccionamento de pago da cota total, en prazos de 50.000 pesetas cada semestre ata adquirir a propiedade por completo. Daquela os ingresos obtidos das cotas dos socios púñanse a prazo fixo e, xogábase cos intereses que estaban ao catorce por cen. En total recadáronse arredor de quince millóns de pesetas de intereses.

Co recargo das multas que se puxeron aos que non pagaron dentro dos prazos tamén se fixo negocio, todo serviu para acadar a cantidade precisa para levar a cabo tamaña obra. Neste proxecto hai polo medio títulos de propiedade, e os trámites foron moito máis complexos que na creación do Teleclube.

Na actualidade, existen dúas formas de ser socios: os que teñen tódolos servizos fúnebres incluídos e os que non. En total son arredor duns cinco mil beneficiarios. Os socios de número

poden facer uso das instalacións, así como tódolos familiares ata o terceiro grao. Para todos eles, o primeiro requisito para pertencer a este cemiterio, é ser residente na parroquia ou ter nacido nela, aínda que agora se more noutro lugar.

O número de nichos, despois da ampliación fixouse en catro mil trescentos vinte, e só dous están sen mercar. Estas sepulturas están distribuídas en columnas de catro e en diferentes pavillóns. O deseño deste últimos fíxose de forma moi pensada, para que non houbese desperdicio ningún do espazo.

Os socios pagan unha cota de trinta euros ao ano para mantemento das instalacións. Os que queren dispor de servizo funerario teñen que pagalo en relación ao número de persoas da familia que se inclúan. A sociedade funciona segundo uns estatutos aprobados en asemblea polos socios. Estes non permiten a venda dos nichos, sen obter previo consentimento da sociedade.

Con todo isto, vemos que a relación calidade-custo é favorable para os socios deste único cemiterio particular sen ánimo de lucro de España.

Sobre o Cemiterio Particular, a aportación do Centro foi conseguir por parte do Concello que quedara plasmado no Plan Xeral para poder contruilo e todo o conseguimos o último día xa que por parte do Concello non había moita disposición.

ACTIVIDADES CON MAIOR TRADICIÓN DA PARROQUIA.

A UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES.

A Banda de Música “Airiños da Terra de Valladares” foi fundada no ano 1902 por un tal Mestre Aragonés, que reuniu un grupo de dezaseis homes e rapaces inquietos e os converteu en músicos. Entre estes fundadores contábanse Benito Iglesias, Evaristo Piñeiro Salgueiro (que tocou o bombo ata os oitenta e nove anos) e, Rogelio Piñeiro. Despois se lles uniron outros músicos como: Juanito, Generoso, Darío, Saladino, etc.

A Unión Musical de Valladares sempre estivo moi nutrida polos veciños do barrio do Portal e arredores, polo simple feito de que lles era máis sinxelo poder desprazarse a diario para ensaiar. Na actualidade, esta eiva xa non existe e hai tamén algúns compoñentes de fora de Valladares: Cabral, Vincios, Zamáns, Beade... Dentro destes veciños houbo algunhas familias que destacaron máis á hora de aportar músicos, como a de Benito Iglesias.

Fotografía máis antiga que se conserva da Unión Musical de arredor de 1910.

Da familia de Benito Iglesias participaron na Unión Musical: o seu irmán, os curmáns (como Antero que estivo tocando ata os setenta e sete anos de idade), varios sobriños, tres dos seus fillos (nomeadamente Héctor, Maximino e Justo), os seus netos e bisnetos.

Benito tocou o baixo, instrumento que herdou despois o seu fillo Maximino Iglesias Alonso, quizais un dos músicos que máis anos estivo na Banda, sen deixalo en ningún momento, nin tan sequera durante a Guerra Civil ou a Dictadura. Precisamente, durante a Guerra Civil houbo un pequeno parón e baixou o número dos compoñentes da Banda, porque moitos tiveron que ir ao frónte e outros andaron escapados ou se viron obrigados ao exilio, pero en todo caso, isto supuxo unha baixada do número de compoñentes e non un parón total.

Pasaron varios directores pola Banda, os primeiros deles foron o propio Mestre Aragonés, Faustino “Bandullo”, Vilas, Camilo e Juan Tomar.

Xa durante o tempo en que estivo Maximino Iglesias os directores foron Xosé Pena, don Luis, o fillo de Camilo que se chamaba Demetrio (que reorganizou a Banda despois da Guerra Civil e evitou que se perdese), Montañés (un mestre moi coñecido en Galiza, que dirixiu varias bandas importantes, como a de Cambados), Álvaro Barco, Julián Doallo Méndez, Hernán Cortés, Antonio Delgado, Manuel Vázquez Gregorio, Plácido Lorenzo, Alfonso Méndez, José Oro Val, novamente Alfonso Méndez e, finalmente, José Iglesias (excepto tres meses que estivo en Lleida facendo uns cursos).

Maximino empezou a tocar no ano 1940, cando contaba con dezanove primaveiras. Despois de tres anos, en 1943, foi ao Servizo Militar ao Arenal e se integrou na Banda Militar. Con todo, neste tempo non abandonou de todo a Unión Musical de Valladares.

Aínda que lle houbese gustado tocar o clarinete, o elevado prezo dos instrumentos musicais fixo que tivese que herdar a tuba, e o destino fixo que ese fose o instrumento que o acompañou toda a súa vida.

Como o seu pai e algúns dos seus irmáns, este músico tivo que compatibilizar a súa tarefa na Unión Musical co seu traballo como canteiro, ao que lle dedicou toda a súa vida, construíndo casas polas parroquias de Vigo e mesmo noutros municipios, nunha época na que a construcción non tiña nada que ver coa actualidade.

Maximino lembra que viaxou moito por toda Galiza, e aínda por fora dela, coa Banda. Ten recordos da época de posguerra na que tivo que coidar moito as palabras. Polo xeral, cos músicos non se meteron moito, porque era case o único xeito de distracción que existiu.

Estivo ata o ano 2001, cando tiña setenta e oito anos, aínda que tiña corda para algún tempo máis. Varios dos fillos, fillas e netos de Maximino estiveron e están vinculados tanto á Unión Musical como á Coral. Dun deles, José Iglesias Ramilo, falaremos máis adiante.

Outro músico que dedicou gran parte da súa vida á Unión Musical, e que aínda non ten en vista deixalo, é Saladino Costas. Este home, que naceu en 1934, deu os seus primeiros pasos como músico cando tiña dezanove anos, en 1953. Estivo a piques de desistir nun par de ocasións, ao ver o alto grao de dificultade que implicaba ser músico. Pero o director Julián Doallo animouno moito, entre outros motivos porque o instrumento que tocaba, a tuba, era tocada por poucos músicos.

Con vinteún anos foi ao Servizo Militar a África, onde non tiñan Banda. Á volta do Servizo, o director era xa Hernán Cortés, que foi quen lle deu un empuxe moi importante á "Unión Musical". Ensinou a moitos músicos pero despois non foi quen de levalos adiante e dirixilos en concertos. Foi un mestre moi estricto cos horarios e cos ensaios. Segundo os músicos do momento foi unha mágoa que tivese que emigrar ao Brasil, porque constituíu un puntal fundamental para o desenrolo da Banda.

Saladino lembra que despois de Doallo e só durante un verán estivo ao frónte da Banda un director estremeño, Antonio Delgado. Tra-la súa marcha ocupou o posto de director Manuel Vázquez, o cal se negaba a ensinar novos músicos para que logo estes se fosen da Banda ás orquestras. Este foi o motivo polo cal se marchou, pois a Banda necesitaba ter unha canteira de músicos propios para non ter que pagar altas cantidades aos músicos foráneos.

A continuación chegou Alfonso Méndez, que estivo en dúas ocasións. Con este mestre o número de rapaces incrementouse vertixinosamente, pois daba caramelos para que fosen ás súas clases.

Despois do seguinte mestre, José Oro Val, chegouse á conclusión de que era preciso poñer a frónte da Banda a un músico local, que non se fose co tempo. O encargado da Banda, Julio, perante algún tempo foi alternando varios rapaces ata que, quedou definitivamente un fillo de Maximino Iglesias: José Iglesias Ramilo.

José comezou na Banda de Música de Valladares con once anos, tocando o clarinete, e aos catorce anos, despois de algo máis dun ano como subdirector e recibindo clases no conservatorio, converteuse no seu director. Con dezaoito anos marchou ao exército voluntario, opositou para entrar como músico de terceira e, tras sacar a praza, ingresou na Banda Militar do cuartel de Barreiro, en Cabral. Uns meses despois de estar nesta banda cambiou de instrumento e colleu o óboe.

Formación da Unión Musical con José Iglesias como director.

Ata os vintenove anos, José Iglesias, compaxinou o seu traballo como suboficial coa dirección da Banda de Valladares. Neste momento, disolvéronse varias Bandas, entre elas a de Barreiro, feito que obrigaba a José a trasladarse a Barcelona. Pero en Valladares ofrecéuselle a posibilidade de quedarse mediante un convenio entre a Unión Musical e o Teleclube.

Foi nos anos setenta cando a Banda de Música Unión Musical "Airiños da Terra de Valladares" mudou a súa designación, para pasar a chamarse simplemente: "Unión Musical de Valladares". Isto foi motivado polo desconcerto ao que as verbas "Airiños da Terra" levaban, confundindo a banda de música cun conxunto folclórico.

Aínda que a Unión Musical sempre foi unha institución autónoma, estableceuse un convenio co C.C.A.R.. A partir da reforma de ampliación inaugurada no ano 1976, pasou a ensaiar no soto, sen ter que pagar os gastos de mantemento do local. A cambio, debería dar unha serie de concertos e prestar axuda para a formación anual da rondalla. Antes disto, estiveran ensaiando en diversos locais, como por exemplo a casa do cura, onde está agora o Bar Guillermo (porque él tamén era músico), na mercería Mariglé (o encargado da banda naqueles momentos era Victorino), nun local na Barreira que pertenceu a Héctor Iglesias, no forno, etc.

Economicamente, esta Banda sempre subsistiu por si mesma. Na actualidade, establecen acordos co Concello, algunha actuación en convenio coa Deputación de Pontevedra e coa Xunta, e tamén unha serie de concertos a fondo perdido. Outro modo de recadar fondos e grazas aos "Amigos de la Música", un grupo de persoas que pagan unhas cotas anuais de apoio á Banda, dende o ano 1974.

Na maior parte das actuacións os músicos non cobran, senón que tocan por amor á música. Os intérpretes están sometidos a

unha vida moi dura, actuando días enteiros coas súas noites e sen descansar antes de ter que ir a traballar. Hai instrumentos que son moi caros e que os músicos non poden chegar a comprar, por este motivo a propia Banda faise con algúns deles.

O ascenso de José Iglesias á Banda de Música supuxo unha renovación desta agrupación. O tipo de música tamén variou substancialmente. Hai unha serie de pezas que son de toda a vida, son as bailables, xotas, muiñeiras, etc.

Pasouse dun director que ensinaba a todos e cada un dos músicos a unha Escola de Música na que hai diferentes profesionais. Todo isto unido ao maior número de prazas do conservatorio, levou a unha mellora substancial da calidade da Unión Musical e a poder tocar cada vez pezas de maior complexidade.

Ademais, na actualidade hai concertos e certames de bandas populares que, requiren un tipo de composicións diferentes das que acostumaban tocar.

Podemos dicir que na “Unión Musical de Valladares” hai cabida para case tódolos tipos de pezas que se poidan interpretar cos instrumentos cos que contan. Aínda que o número de verbenas teña diminuído, na actualidade organízanse outro tipo de concertos. Por este motivo, a Banda tense desprazado a numerosos certames a Valencia ou Alicante, a diversos puntos de Galiza, etc. Gañaron numerosos premios, sempre nas mellores categorías.

Exemplo destes galardóns son o Segundo Premio no Certame de Valencia en 1997, o Segundo Premio no Certame de Altea (Alicante) no ano 2000, o Segundo Premio no Certame Provincial de Pontevedra en 2001 ou o Primeiro Premio no Certame de Pontevedra do 2004. Quizais nos últimos vinte anos se está a vivir o momento máis álxido da Unión Musical, incluso con algunhas participacións en programas da T.V.G. como foron: “Ruada”, “Aturuxo” e “Palco da Música”.

Aínda que cando comezou a Unión Musical o número de compoñentes oscilou entre os vinte e os trinta, co tempo foise incrementando con diversos altibaixos.

Nos últimos anos, o cadro de persoal está sobre setenta compoñentes e a Escola de Música ten uns cincuenta alumnos, que forman unha Banda de Músicos principiantes. O número de homes é superior ao de mulleres, e só dende hai uns vinte anos se permitiu que músicos do sexo feminino entrasen a formar parte da Unión Musical.

Os rapaces da Escola de Música teñen que pasar polo Centro Veciñal e Cultural case tódolos días, mentres que os máis veteranos asisten a dous ou tres ensaios semanais de arredor de dúas horas.

José Iglesias Ramilo tamén se dedica a compoñer diversas pezas (pasodobres, xotas, muiñeiras...), que logo son tocadas incluso por outras bandas de música de Galiza.

Sendo alcalde de Vigo Manuel Pérez Alvarez recibe o premio de vigués distinguido no ano 1998.

Mostra do amplo traballo da Banda é o feito de que no seu seo xurdisen o grupo de metais “Ars Metal” e o de vento-madeira “Amadeus”.

Ademais, da Unión Musical saíron varios directores doutras bandas de música de Galiza, profesionais de bandas militares, profesores que dan clases no conservatorio ou que traballan en orquestras. Algúns deles colaboran dando clases na Escola de Música.

Estando Santomé de Concelleiro de Cultura, encargoulle a José Iglesias Ramilo a formación da Banda da Mancomunidade de Municipios de Vigo. Organizáronse tres ou catro concertos. Máis tarde, sendo xa Maite Fernández a concelleira, no ano 1999, coordinouse unha con menos compoñentes, pero esta experiencia durou pouco tempo.

Para concluír, basta recordar que, se antigamente as bandas de música máis famosas de Galiza foron as de Lantaño, Ribadavia e Alongos; dende hai uns anos as mellores son a da Estrada, Lalín, O Rosal e, por suposto, Valladares.

O ano 2010, será recordado como un ano fantástico para os premios da Banda, conquire os primeiros premios no Certame Zonal de Vigo patrocinado pola Deputación de Pontevedra, no IV Certame de Bandas de Galiza celebrado en Santiago de Compostela organizado pola Xunta de Galiza e no mes de xullo, conquire o Primeiro Premio no 124 Certame de Bandas de Música de Valencia.

A RONDALLA DE VALLADARES

A Rondalla de Valladares ten tamén moita antigüidade. Lembremos que antes da Guerra Civil xa existiu unha, que fora retomada da man de Regino Figueroa e os seus compañeiros. Nesas antigas orixes a agrupación saía da Escola e, dende logo, non tiña nada que ver coa actual, cos seus abandeirados e as súas "majorettes".

Despois desta Rondalla houbo varios intentos por crear outras formacións, pero todas elas foron efímeras. Nunha ocasión o preparador foi Juan Figueroa "Juanito", o acordeonista. Os ensaios realizábanse daquela no Salón de Baile de Barreiro e, máis tarde, no baixo da casa de Guillermo Davila.

Pero foi esta unha actividade sen demasiada continuación e, logo, durante bastantes anos, non se constituíu ningunha agrupación. A partir dos anos setenta esta actividade pasou a ser organizada polo antigo Teleclube coa colaboración dalgúns músicos da Banda, sendo Antero Piñeiro o seu director, durante algúns anos.

O percorrido partía por aquel entón das Barrocas, subía pola Cacheira, bordeaba a Igrexa Parroquial e baixaban ata o Teleclube.

Sendo director Cándido Piñeiro Davila “Caseiro” percorreuse Vigo, cos Reis Magos montados a cabalo (Manolo “O Ferrador”, Darío “O Zapateiro” e Rogelio Cabezas). En todos estes anos pasaron varios directores, entre os que merecen figurar Antero, Carlos (neto de don Hermindo), Antonio Costas Pérez (Lero), Marga e na actualidade Diego.

No tocante aos abandeirados, un dos máis antigos foi Manolo “O Bugallal”. Os que inauguraron esta tradición na parroquia de desfilar con bandeiras, representando ao Teleclub foron: Eduardo Monroy, Sergio Davila e Alfonso Lorenzo. Nesta actividade houbo un punto álxido, onde se creou escola da man de Marcelino “O Ferreiro”.

As “majorettes” que se introduciron por iniciativa de Delio Guisande, aínda que nun principio foron moi criticadas, na actualidade son imitadas tamén noutras rondallas, e constitúen un atractivo das mesmas. A primeira capitana foi Paula Fontán, despois seguiríanlle Marta Figueroa, Rosana Figueiras e Débora Davila, entre outras.

Por seguir dando algúns nomes máis, que foron facendo historia na Rondalla, poderiamos citar a Paulino “dos Bértolos”,

Eugenio “do Souto” e Amador “da Cacheira”, que se retirou moi recentemente. Poderíamos seguir con Manolo “O Necha” en pandeiretas, e un longo etc.

Co tempo, os músicos da “Unión Musical” fóronse facendo co groso dos instrumentos. Entre eles estiveron Maximino Iglesias e Saladino Costas coas súas tubas, que xa participaran con anterioridade en outras formacións deste tipo. A tuba é un dos instrumentos máis duros para unha rondalla, xa que o seu peso é moi elevado, por iso ambos se retiraron antes da Rondalla que da Banda.

Aínda que a Unión reforza moito a composición da Rondalla, hai bastantes persoas que só participan nesta última, e que acoden a tódolos ensaios que se fan dende novembro para ser os mellores do Concurso, que se celebra na propia parroquia.

O GRUPO DE TEATRO “ESCOITADE”.

O día 30 de marzo de 1973, segundo as actas do Teleclube, contemplouse por primeira vez a posibilidade de crear un grupo de teatro. Case un mes despois, o 28 de abril do mesmo ano, reuníronse algúns rapaces co fin de fundar dito grupo dentro da sociedade e, co interese de realizar un intercambio de tipo cultural con outras entidades.

Entre os primeiros compoñentes de “Escoitade” estiveron Teodoro Piñeiro, Jaime Freiría, Manuel Piñeiro, Blanca Davila, etc. Foron na súa maioría xente traballadora, que pouco contacto tiveran anteriormente co teatro, salvo un par deles. Isidro Piñeiro Pérez foi o representante do grupo de cara ao Centro Cultural.

O primeiro director foi Fernando Garrido Figueiras. Logo, Teodoro Piñeiro converteuse no conductor do grupo ata o ano 1989.

A primeira obra que representou “Escoitade” foi “Hoy es fiesta” de Buero Vallejo , montada nese mesmo ano de creación. Foi unha das poucas obras que se fixo en castelán. Despois

disto, pasaron a representar maioritariamente obras en galego, con excepción do “Edipo Rey” de Sófocles en 1975. Esta última obra contou con máis de trinta actores e, debido a gran dificultade de convocatoria, unicamente se representou unha vez, no “Cine Mary”, tamén chamado “Cine do Crego”. Hai que ter en conta tamén que, poucos locais estaban daquela acondicionados para acoller unha representación tan ampla e complexa tecnicamente.

En xeral, sempre representaron obras con algún tipo de crítica social. Así, en 1984, Teodoro Piñeiro dirixiu a adaptación da obra de Ibsen “Un enemigo del pueblo”, que titularon “Un home, un pobo”. Outro exemplo claro foi en 1988 “O Cobizoso”.

Algunhas destas obras foron creación do propio grupo, como as creadas por Teodoro Piñeiro (“Historia dunha reconquista contada á miña maneira”, 1976; “O derradeiro xuízo”, 1979; “Queda terminantemente prohibido o suicidio”, 1881; “3,2,1 todo para un”, 1983; “O milagre do torreiro de Quintián”, 1985 ou polo grupo “Programa 2000, non máis fumos” en 1993 e “Operación Nécora” de 1995, entre outras, que acadaron bastante repercusión, ata o punto de que foron cedidas a outras parroquias e concellos.

O número de actores variou e varía moito dunhas montaxes a outras, debido a que supón moito tempo de ensaios. Polo xeral, cando un actor contaba cunha boa preparación, despois de varias montaxes, tiña que deixalo para marchar a estudar fóra, por motivos profesionais ou familiares. En cada montaxe buscábanse actores que tivesen o perfil dos personaxes que se tiñan que representar. Houbo obras como “Historia dunha reconquista contada á miña maneira” que precisaban moitos actores, mentres que outras tiñan un número reducido deles. De feito, nos anos 1982-1983, na obra “Nemigos” eran só o director, un técnico e tres actores.

Ademais das representacións no Teleclub e nos arredores, “Escoitade” estivo presente nas tres primeiras mostras de teatro

de Vigo, así como na segunda, terceira, cuarta e quinta de Ribadavia. Tamén foron á Mostra Paralela da Coruña no ano 1974 e, dous anos máis tarde, percorreron os barrios de dita cidade. En 1977 representaron no ciclo de teatro que se organizou en Lugo. Nos anos a seguir tamén estiveron no Colexio Universitario de Vigo, na Aula de Cultura da Universidade de Santiago, na mostra "Cidade de Vigo", no auditorio do Concello de Vigo, no auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas, no cine Campos de Lalín, no Colexio "Lasalle" de Santiago de Compostela, no Teatro Principal de Santiago dentro do VIII Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, Na VII Edición de TEATROFILIA, en Vedra, na Semana de Teatro Afeccionado, no Auditorio do Concello de Vigo, etc.

Houbo anos de moita actividade para este grupo, sobre todo ao principio, cando non había demasiada competencia. Hai unha anécdota que amosa que ían a todas partes, porque lles gustaba o que facían, pois chegaron a representar enriba de dous carros de bois. Este volume de traballo fixo que durante bastante tempo se autofinanciasen.

"Escoitade" sempre foi moi reivindicativo. Así, cando o festival de Ribadavia pasou a ser profesional, fixeron unha representación paralela a modo de protesta. Noutra ocasión e, en colaboración cos outros grupos de Platea (Plataforma de Teatro Afeccionado), organizaron unha "performance" pedindo esmola polas rúas de Vigo, como alegoría da miseria pola que estaba a pasar o teatro afeccionado. Actualmente, "Escoitade" é membro fundador da Federación Galega de Teatro Afeccionado, porque son conscientes da necesidade que existe no teatro galego de apoiarse mutuamente.

Non só se quedaron no teatro, senón que se meteron tamén no mundo do cine. Participaron na producción e realización de curtametraxes en S/8. A primeira curta na que participaron foi "Manoeliño" de Tonio Caeiro en 1982 e, un ano despois, en "Livia", unha curtametraxe escrita e dirixida por Teodoro Piñeiro.

Despois da marcha de Teodoro, e tras uns anos nos que foi director Raúl Alonso, Manolo Dasilva pasou a encargarse desta tarefa. Estes dous directores estiveron en varias ocasións moi vinculados á área de cultura do Centro Veciñal.

Representación da obra "O velorio", por "Escoitade".

Lembremos que Raúl estivera participando nos consellos de redacción de dúas das publicación que se lanzaran na parroquia. Algunhas das obras que dirixiu foron: "Un refaixo para Celestina" de Eduardo Blanco Amor en 1990, "O velorio" de Francisco Taxes en 1992 ou, un ano máis tarde, "Antígona" de Sófocles.

Pola súa parte, Manolo Dasilva comezou con doce anos no grupo "Valverde" e con dezaseis entrou en "Escoitade". Leva 30 anos no grupo, primeiro como técnico de luces e son, logo como actor e, a continuación, como axudante de dirección e director.

Na súa faceta de director de "Escoitade" dirixiu tres grandes obras: "Os peixes vermellos" de Jean Anouilh en 1996, un ano máis tarde o "Romance de Micomicón e Adhelala" de Blanco Amor, e a "Comedia do emprego" en 1998.

Durante a etapa na que non se fixeron montaxes de envergadura, continuose a traballar levando cada ano obras de curta duración para representar na Festa do Socio (como "50x10", 2000; "Entrega dos premio Patadón de ouro", 2001 ou,

“Diluvio de estrelas”, 2002),”NO-DO”, 2004,” “2,005.Olimpiadas no Monte dos Pozos”,2005, ”O día internacional da Paz”,2006,”Avance telexornal tarde”,2007, ”Crise, que crise?”, 2008, “Cumio je, je-8”, 2009, “A taza do Mundo”,2010.

Tamén participaron, dende 2002 a 2004, na Festa da Arribada en Baiona, representando na Praza do Concello obras como “A queima da bruxa” ou “A voda do conde”, con tarefas de animación na rúa e na teatralización dunha xusta de cabaleiros na praia.

Escoitade durante a súa actuación na Festa da Arribada do ano 2004.

Logo desta temporada de traballo reducido volveuse á actividade no ano 2008 coa preparación da montaxe “Longa vida a Martiño de Güimil”, escrita e dirixida por Teodoro Piñeiro. A peza estreouse en outubro de 2009 con grande éxito.

.

A partir da estrea comezaron unha longa serie de representacións durante o ano 2009 e todo o 2010 que levou ao grupo a percorrer de novo toda a xeografía galega.

Esta nova etapa de vizosa actividade levou ao grupo a organizar un Curso de Teatro para Afeccionados, que dende marzo ata setembro do 2010 serviu de plataforma para que unha serie de novas actrices se incorporaran ao grupo e facilitase a posibilidade dunha nova montaxe.

Foi estreada o 18 de decembro de 2010. “Cousiña, o gato que tornou ao país de seu”, tamén creada e dirixida por Teodoro Piñeiro, conseguiu grande éxito de público e crítica.

MONTAXES DO GRUPO DE TEATRO ESCOITADE.

1973.- "HOY ES FIESTA", de Buero Vallejo, e "ESTEBIÑO" de Xavier Prado Lameiro.
1974.- "A TIA LAMBIDA" e "O CANTAR DOS CANTARES" de Blanco Amor.
1975.- "EDIPO", de Sofocles.
1976.- "HISTORIA DE UNHA RECONQUISTA CONTADA A MIÑA MANEIRA" de Teodoro Piñeiro.
1977.- "AS PORTAS PECHADAS", de Fernando Dicenta.
1978.- "O CABODANO", de Euloxio Ruibal.
1979.- "O DERRADEIRO XUICIO", de Teodoro Piñeiro.
1979.- En Setembro deste ano unificación dos grupos "XIADA" e "ESCOITADE" dando lugar a un novo grupo denominado "ESPANTALLO".
1980.- "A CASA DE BERNARDA ALBA" de Federico Garcia Lorca.
A unificación sufre un duro golpe, voltando os grupos a traballar por separado.
1981.- "QUEDA TERMINANTEMENTE PROHIBIDO O SUICIDIO", de Teodoro Piñeiro.
1982.- "CARLOS GARDEL, ESE HOMBRE", Colectivo do propio grupo e "TEATRO NA RUA", Colectivo do propio grupo.
1983.- "NEMIGOS", de Xosé de Xesús Martínez e "3, 2, 1 TODO PARA UN", de Teodoro Piñeiro.
1984.- "MANOLIÑO", película en 8 mm. de Tonio Caeiro.
1985.- "O MIRAGRE DO TORREIRO DE QUINTIÁN", de Doro Piñeiro.
1986.- "UN HOME UN POBO", baseada na obra de Ibsen, "Un Enemigo del pueblo", tradución e adaptación de Doro Piñeiro.
1987.- "O CEGO DE FORNELOS", adaptación de Raúl Alonso.
1988.- "O COBIZOSO", baseada no "Avaro", de Moliere. Tradución e adaptación de Doro Piñeiro.
1990.- "UN REFAIXO PARA CELESTINA", de Eduardo Blanco Amor.
1991.- "O AUTOBUS", Colectivo do propio grupo.
1992.- "CUMPREANOS FELIZ", Colectivo do propio grupo e "O VELORIO" de Francisco Taxes, adaptada por Raúl Alonso.
1993.- "PROGRAMA 2000, NON MAIS FUMOS", Colectivo.

1993.- "ANTÍGONA" de Sófocles. Adaptación de Raúl Alonso.
1994.- "A INAUGURACIÓN". Colectivo.
1995.- "OPERACIÓN NECORA". Colectivo.
1996.- "OS PEIXES VERMELLOS". Jean Anouilh. Tradución e adaptación de Manuel Dasilva.
1996.- "O DERRADEIRO COMBATE".Colectivo.
1997.-" ROMANCE DE MICOMICÓN E ADHELALA"de Blanco Amor e adaptación de Manuel Dasilva
1998.- "A COMEDIA DO EMPREGO", dirixida por Manuel Dasilva
1999.- "O GRANDE CIRCO DO MUNDO", Colectivo.
2000.- "50 X 15" , Colectivo.
2001.- "ENTREGA DOS PREMIOS PATADÓN DE OURO", Colectivo.
2002.- "A QUEIMA DA BRUXA", Manuel Dasilva e Raúl Alonso
2002.- "DILUVIO DE ESTRELAS", Colectivo.
2003.- "A VODA DO CONDE", Colectivo.
2004.- "A POXA" , Colectivo.
2004.- "NO-DO", Colectivo.
2005.- "2,005 OLIMPIADAS NO MONTE DOS POZOS",Manuel Dasilva
2006.- "O DÍA INTERNACIONAL DA PAZ", Manuel Dasilva
2007.- "AVANCE TELEXORNAL TARDE", Manuel Dasilva
2008.- "CRISE? QUE CRISE?, Manuel Dasilva
2009.- "CUMIO,JE,JE-8", Raúl Alonso, Manuel Dasilva
2009.- "LONGA VIDA A MARTIÑO DE GÜIMIL", Doro Piñeiro
2010.- "A COPA DO MUNDO" Raúl Alonso, Manuel Dasilva
2010.- "COUSIÑA, O GATO QUE TORNOU AO PAÍS DE SEU", Doro Piñeiro

A CORAL POLIFÓNICA

Só un ano despois da formación do grupo de teatro, o día vinte de abril de 1974, creouse a Coral Polifónica, segundo as actas do Teleclube. A pesar disto, a estrea oficial foi o día 25 de agosto dese mesmo ano, nas festas parroquiais de San Campio, cantando a misa e dando un pequeno concerto no adro parroquial.

Justo Comesaña fixo de intermediario entre a Xunta Directiva do Teleclube e a Coral Polifónica e, converteuse no delegado desta última. Despois, mudouse o modo de elección destes representantes e, de xeito anónimo, os compoñentes da

Coral elixían cada dous anos aos seus delegados, dous homes e dúas mulleres. José Carlos Estévez Alonso leva a parte máis traballosa, como é o control de ensaios, organización de saídas a concertos, etc.

Os tres primeiros directores da Coral foron Antonio Piñeiro Fernández, José Iglesias Ramilo e Francisco Rey Rivero (unha das persoas máis relevantes en Vigo no tocante ás masas corais). Este último foi, precisamente, quen sabía deste tipo de agrupacións no momento da fundación. Ensinoulles aos dous primeiros (que eran instrumentistas) a dirixir unha coral e, deixounos a súa frónte. Co tempo, Antonio Piñeiro, que é músico militar foi destinado á Coruña e, quedou a frónte da Coral unicamente José Iglesias (que comezara nela con só dezasete anos).

Un ano despois da súa fundación, en 1975, gañou o primeiro premio do "Primeiro Certame Provincial de Masas Corais", que organizou a emisora "Radio Vigo". No ano 1977, despois de varios concursos de panxoliñas, acadaron outro premio no Certame Rexional. Dende ese momento, foi invitada por tódolos centros veciñais dos arredores, e incluso algúns máis afastados, acadando numerosos galardóns.

Podemos dicir que Valladares foi unha das primeiras parroquias en ter Coral, o que significou un punto de referencia para varios centros veciñais, que máis tarde tamén pasaron a incorporar unha entre as súas actividades.

En 1983, obtivo o Premio VIPS, patrocinado por "Radio Vigo" e a empresa "Edigal". Nese mesmo ano, xunto á Banda "Unión Musical de Valladares", gravou o seu disco inicial de Música Coral Galega. A primeira remesa de casetes esgotouse en pouco tempo, debido ao amplo apoio do público. Quizais o motivo deste respaldo foi que se tratou dunha gravación diferente ás xa existentes. Isto levou a que se gravase un segundo disco no ano 1995, neste caso coa "Unión Musical de Valladares" e coa "Coral do Real Club Náutico de Vigo".

Inicialmente, a Coral contaba xa cun número bastante elevado de compoñentes, cincuenta e sete voces. Dende entón, con momentos de altibaixos, o número de persoas está sempre entre as corenta ou cincuenta. Polo xeral, a agrupación ten un número de mulleres aproximado ao dos homes, aínda que os rapaces máis novos levan algún tempo evitando esta actividade.

Este grupo de afeccionados é moi raro que cobren algo, senón que normalmente cantan a cambio de subvencións da Administración, por intercambios con outros centros ou en actividades da propia parroquia. Normalmente, os ensaios son unha vez á semana e duran unhas dúas horas. Cando hai algún concerto próximo, o número de días e horas é aumentado.

Dende sempre, os repertorios da Coral foron moi amplos e teñen temas de diferentes estilos, para contentar a todo o público: habaneiras, muiñeiras, xotas, panxoliñas, clásicas, temas moito máis actuais... e son varios os idiomas que abarcan nos seus temas.

Algunhas das actuacións da Coral Polifónica de Valladares foron os concertos en Portugal, mesmo nas Azores, e en case toda Galicia (exceptuando Lugo). Dende hai xa uns anos os concertos

máis destacables son os que se realizan anualmente polo Nadal no Teatro García Barbón.

O CLUBE DEPORTIVO VALLADARES

O “Clube Deportivo Valladares” fundouse no mesmo ano que o Celta de Vigo en 1923, momento no cal Valladares aínda pertencía ao termo municipal de Lavadores.

A primeira acta de constitución data do día 18 de febreiro de 1923, figurando como primeiro presidente Auxilio Davila Piñeiro e vicepresidente Cesáreo Alonso González. Con eles colaboraron: Manuel Alonso Prado, Evaristo Davila Guisande, Sabino Piñeiro Pérez “Caseiro”, Jesús Barreiro Martínez, Eugenio Troncoso Vila, Venancio Davila Piñeiro, José Salgueiro Pérez e Faustino Davila Vila. A primeira formación tivo nas súas filas a José Vila Davila, Generoso Álvarez Troncoso, Eugenio Alonso, Sabino “Caseiro”, Cesáreo Alonso, José e Alfredo (de San Andrés), Auxilio Davila Piñeiro (que foi presidente e capitán), Venancio Davila Piñeiro, Faustino Davila Davila, Ángel Davila Costas e, Lino Figueroa Guisande. Pero este equipo non conseguiu estabilizarse, debido á gran tendencia migratoria cara ao Río da Plata que se viviu neses anos.

Arredor do ano 1933, acadouse unha nova formación, da que Amadeo Vila Iglesias foi presidente, rodeado de: Cándido Piñeiro, Mario Piñeiro, Serafín Barreiro, Darío do Cavadón, Manolo da Feira, Julián “o Pataco”, Román “o Pisco”, Manolo Bogallal, Bernardo “o Troio”, Doro Rial, Álvaro de Freixo, Justo Alonso, Cesáreo da Cacheira, Tato Gavilán, Venancio Otero, etc. Aínda que o equipo non estaba federado, xa se desprazaron a Petelos, Lourido, Santa Comba, Tui, Guillarei, Goián, A Guarda, Sampaio de Navia, Matamá, Alcabre...

Estalou entón a Guerra Civil e, con ela un novo parón, ata que pasada a mesma, se recuperou a actividade. Nesta etapa algúns xogadores de Valladares pasaron a federarse noutros

equipos e, Amadeo introduciu xogadores de outras parroquias de Vigo. Esgotado Amadeo, relevouno Teófilo.

Daquela os equipos proliferaban por todas partes, e en Valladares naceron: o de Orencio das Barrocas, o de Auxilio “o Fiera”, o de Alfredo “o Bolas” e, un equipo de Saa. Nesta situación, a circulación de xogadores dun equipo a outro foi habitual e sinxela.

Despois de Teófilo non houbo ninguén que se fixese cargo do equipo. Así foi que, durante catro ou cinco anos non se conseguiu unha formación, ata a súa reorganización, en 1948. Foi entón, cando asumiu a presidencia Edelmiro Barreiro Alonso, que contou coa colaboración de Julián Alonso, Manuel Barreiro, Luciano Rodríguez, Anselmo Davila e Lino Rodríguez. O traballo desta Xunta Directiva estivo encamiñado a federar o equipo e a ampliar o campo de xogo.

O equipo federouse na Delegación de Vigo na tempada 1950-1951, participando na competición con Clubes Vigueses da Entidade de: RENFE, Santa Mariña, San Lourenzo...

A continuación, Enrique Barreiro foi o máis efémero dos que ocuparon o cargo, dado que dous meses despois de comezar, emigrou para a Arxentina.

Na seguinte tempada asumiu a presidencia Manuel Barreiro Álvarez, que estivo no cargo dende a temporada 1951-1952 ata 1955-1956. Xunto a el traballaron Manolo Hervillés, Manolo Chavo, Jorge Barreiro, Hermindo Pérez, Evaristo Rodríguez, Orencio Costas e Albino Comesaña. Nesta época inscribiuse o Clube na Federación Galega de Fútbol, concretamente o día 31 de xaneiro de 1953. Tamén traballaron en temas como o escudo ou o local social.

O renovo veu da man de Albino Comesaña, acompañado por Lino Vila, Laureano Barreiro, Nilo Davila... Foi neste momento cando se inscribiu o equipo na Subdelegación do Val Miñor. Daquela participouse contra equipos como: Tui, Erizana, Goian, Rivera,

Miño, San Lourenzo de Salcidos, Guardés, Español da Guarda, Caldelas e Val Miñor. Consolidáronse cuestións como as do escudo, que tivo moitos problemas, porque perante o franquismo non deixaban poñerlle a coroa que o cubre.

Escudo que figura na fachada do campo deportivo do C.D.Valladares.

Foi unha época de bos xogadores e bonanza deste deporte, motivo polo que xurdiu un bo equipo de xuvenís: Quico, Curtas, Chito, Joaquín, Guillermo, Telmo, Antonio, Justo, Chicho, Pepe de Vales, Antero, Queimadelos, Berto, Novas, Víctor... e outros. Quedaron campións de liga no tempada do 1959-1960. De todos estes xuvenís, Víctor Davila foi o máximo expoñente a nivel estatal: Gran Peña, Ferrol, Indauchu, Cádiz, Burgos, etc. Foi o único xogador de Valladares que estivo en Primeira División Nacional.

Mentres o equipo Xuvenil acadaba éxitos, o dos adultos non chegaba a bo porto. Despois de Jandreiro, na tempada de 1960-1961 púxose como presidente a Hipólito Alonso, aínda que o peso real levárono : Servando Vila Davila, Eusebio García Iglesias e Isidro Barreiro Quintas. Pero coa maioría dos gastos pagados dos seus petos, decidiron non seguir, desaparecendo o equipo ata que, en 1965-1966 asumiu a presidencia Luciano Rodríguez Piñeiro

e, con él: Justo Costas Álvarez, Justo Comesaña Costas, Manuel Fernández Nieto, Florentino Fernández Cabezas, Segundo Estévez Comesaña, Adolfo Costas Piñeiro e Eusebio García Iglesias.

Configurouse un conxunto competitivo recalando nel Pahíño, home ligado ao fútbol da parroquia dende entón, como xogador, adestrador e director das Escolas de Fútbol.

Este equipo participou na Liga e Copa Comarcal, contra equipos como o Louro, Gondomar, Porriño Industrial, Rianxo, Arenas de Alcabre, Sabarís, Tyde, etc. Comezaron a ser respectados no entorno e, nisto tivo que ver o seu adestrador: Mariano.

Tanto nesta etapa como na anterior destacou tamén o labor dunha muller que, desempeñou a función de lavandeira de tódolos equipamentos dos xogadores: Juana Rodríguez Álvarez a cal na etapa de Delio foi nomeada madriña do equipo.

Na seguinte tempada renovouse a directiva: Sergio Estévez (presidente), Sergio Davila, Lino Álvarez, Luis Vila, José Vázquez, Prudencio Vila, Manuel Rodríguez, Generoso Alonso e, algúns veteranos como: Luciano e Justo Comesaña. Os éxitos do equipo (Julio, Manolo, Pedro, Carlos, Tito “Molas”, Brea, Artos, “Neno”, Chito, Alfredo, Curtas, Julio “Portugués”, Juan Manuel, Jaime, “Torniqueta”…), fixeron que esta directiva continuase dúas tempadas máis, entrando como novo directivo David Davila. Pola súa parte, a bonanza económica levou á restauración dos xuvenís na tempada do 1967-1968.

En 1969-1970 iniciouse a nova directiva composta por Guillermo Davila, Ignacio Costas, Nonito Rodríguez, Justo Figueroa, Isidro Barreiro e Benito Abalde. Pasou a ser o adestrador do equipo Rafael Alonso, que foi substituído por Carbajal antes de rematar a tempada.

Despois de 1970-1971, Ignacio deixou a directiva, para mergullarse no proxecto do Teleclube. Asumiu entón a presidencia Justo Filgueiras Troncoso, que estivo ao mando seis tempadas.

Tivo varios directivos con él: con anterior presencia nestes cargos (Justo Comesaña, Guillermo Álvarez, Sergio Estévez, Sergio Comesaña...) ou sen ela (Alfonso Lorenzo, Roberto Filgueiras, Antonio e Bernardo Almuíña, Aquilino Cabezas, Florentino Ramilo, Antolín Filgueiras, Carlos González, Faustino Pérez, José Piñeiro, Basilio Fernández...). Foi unha etapa moi importante que, todos na parroquia, recordan polo bo equipo que se formou, polas agrupacións infantís e, polo adestrador: Antón Las Heras.

O ciclo de Justo rematouse na tempada 1976-1977, quedando o equipo en mal estado. Durante dúas tempadas fixéronse cargo da directiva: David Comesaña, Fernando Alonso, Eligio Barreiro, Justo Figueroa, Remigio Alonso, Juan José Davila, Juan Lorenzo, Ramón Fernández, Jorge Alonso e José Piñeiro. Pasaron entón demasiados adestradores: Pitís, Julián, Ernesto, Domínguez e, Pahíño. Na tempada do 1978-79 creouse a Primeira Rexional e o Valladares participou nela.

Unha nova etapa comezou cando Almuíña se fixo co cargo de presidente, xunto a José Víctor, Julián Comesaña, Aquilino, José Piñeiro, Sergio Davila, José Cabezas e outros. En 1981 conseguiron o ascenso á Serie A Rexional, o que hoxe é Rexional Preferente.

Despois dunha reunión no C.C.A.R. o 8 de xaneiro de 1983, e tras de analiza-la situación do fútbol na parroquia, formouse unha Xunta Xestora, na que saiu elexido Presidente Delio Guisande Alonso, formada por José Vila, Cándido Otero, Alfonso Pérez, Carlos González,Sergio Estévez pai e fillo etc. Esta directiva foi remodelada no ano 1987, cando co mesmo presidente e algúns directivos, entraron outros novos, como Jaime González, José Julio Jario ou José Cabezas.

Fixéronse daquela algúns fichaxes para soluciona-lo problema existente. Acudiuse tamén á Coruña para arranxar definitivamente a situación legal do equipo. Foi a partir de entón, cando os xogadores e o adestrador pasaron a contar con tódalas garantías.

Despois de facer un pedido pola parroquia e de varias solucións para recadar cartos, mercouse un terreo limítrofe co campo de xogo. Modificouse o firme do campo en todo o seu contorno e construíuse unha nova grada, novos vestiarios, nova cantina con unha placa de grandes dimensións que permitiron ao público facer uso da cantina sen mollarse ainda que chovera.

Pagáronse tódalas deudas, tanto a xogadores como a proveedores.

No segundo ano ascendeuse a preferente e no 88/89 militamos na 3ª división, facendo unha campaña moi digna, e que soio puideron facernos descender a connivencia de dous equipos que no derradeiro partido buscaron "un empate" co cal e por un punto voltamos a preferente.

Nesta etapa recuperáronse tódolos xogadores nacidos na parroquia espallados por unha morea de equipos e cando se ascendeu a terceira división creouse o equipo B.

Mención especial nesta etapa a un xogador "Felipe", impresionante tempada na terceira división. Hector Rial fixo posible que fora a probar polo Pontevedra pero Tomé cerroulle o paso.

Nunha asemblea do día 2 de setembro de 1982 as categorías inferiores pasaron a formar parte do C.C.A.R., como filiais do C.D. Valladares. Este profundo traballo correspondeulle a Isidro Piñeiro Pérez como Director da Escola ao que se uniron dous baluartes Evaristo Rodríguez Figueroa (Tito Molas) no aspecto técnico e José Piñeiro Barreiro (José de Orindina) como Delegado Federativo. Tras eles, presidiron a Escola de Fútbol Manolo "Cacha", Juan Vila Pérez e na actualidade Teodoro Davila Rial. Moitos foron tamén os Coordinadiores Deportivos que servian de enlace entre a directiva e adestradores mais xogadores. O primeiro foi Jorge Luis Gonzalez, para todos "Pahiño", o "Mestre Pahiño" que ainda hoxe en día segue o pé do canón adestrando os mais pequenos da Escola de Fútbol. Posiblemente sen Pahiño, non se podería explicar o que hoxe en día é a Escola de Fútbol e o

que significa para a nosa parroquia. Tras él durante a presidencia de Juan Vila o coordinador da Escola de Fútbol foi Enrique Comesaña “Paxuriño” modernizando a Escola de Fútbol e a forma de traballar cos rapaces. Con Teodoro Davila na presidencia, o relevo colleouno un dos millores adestradores que pasou pola Escola de Fútbol e mais tarde polo C.D. Valladares, Rubén García “Almuiña”. Juan Davila Fernández “Juanote” está na actualidade neste cargo, na coordinación dos arredor de 150 rapaces que a día de hoxe practican o seu deporte favorito “gratuitamente” no Campo da Gándara. Creando ademais as Escolas Deportivas para darlle cabida os mais rapaces mais pequenos (de catro a oito anos) e facer que estes poidan competir ante outros equipos o fin de semana. Ademais, podemos falar da creación dun equipo femenino senior dentro da Escola Fútbol promovido por María Davila, unha das poucas “xogadoras” que pasou pola Escola de Fútbol.

Mención especial, merecen todos aqueles adestradores que de forma desinteresada formaron parte da Escola, adestrando por mera afición sen recibir ningúnha contraprestación a cambio mais ca de disfrutar cos rapaces e o ver como crecen e melloran tempada a tempada. Entre eles debemos destacar a “Kubala”, Juan Manuel,Rodrigo Alonso, Pablo “Jamonero”, Guillermo, Chamorro, Panucci,. “Edu Curta” e “Lolo Pichón” son parte da historia da Escola de Fútbol por ser, tras “Pahiño”, dous dos adestradores que mais tempadas botaron o servizo dos rapaces. Pero o mais destacado sen dubida debe ser Jorge, o fillo do “Mestre Pahiño” que logrou o ascenso a Liga Nacional Xuvenil a mediados da década dos noventa e que revolucionou por completo a forma de adestrar ata entonces en Valladares supondo a entrada do fútbol moderno na parroquia.

Ademais de canteria de xogadores para o C.D. Valladares, a Escola de Fútbol tamén serviu de trampolín para moitos adestradores que acabaron sendoo do primeiro equipo da parroquia, o C.D. Valladares entre eles Moncho, Fran Comesaña e Oscar Vila “Viliña”, ademais do anteriormente nombrado “Rubén Almuiña”.

Despois de varias tempadas acadando postos importantes nas clasificacións de Primeira Rexional e Rexional preferente, en 1986-87, conseguiuse o histórico ascenso á Terceira División, sendo Garea o adestrador, e solo nesa tempada. Neses momentos Fran do Deportivo estaba en Terceira División do filial do Deportivo e xogou no campo de fútbol do Valladares.

O C.D.Valladares tiña daquela entre os seus xogadores a José Carlos Comesaña, Laureano Rodríguez, Julio Ceide, Francisco Almuíña, Eusebio Comesaña, Roberto Alonso, Agustín Fernández, Lino Vila, Manuel Lago, Víctor Barreiro, Francisco J. Álvarez, Antonio Paz, Julio Davila, José R. Miguélez, José Pichel e Enrique Álvarez.

Na tempada 1988-1989 a Xunta Directiva quedou formada por: Carlos G. Davila, Manuel Pérez, Manuel Guisande, Basilio Costas, Adolfo Costas, J. Ramón Costas e Campio Comesaña. Esta directiva, con algún pequeno cambio na súa formación, estivo traballando ata a tempada do 1992-1993, cando pasou a se-lo presidente Emilio Portela Bouzas. Nos episodios máis recentes con José Pérez Figueiras “Jose Gancho”, Enrique Comesaña Freiría “Chasquete” e Teodoro Davila Rial “Doro”, apostouse pola canteira, e por facer que o C.D. Valladares estivese composto na súa inmensa maioría por xogadores que creceron na Escola de Fútbol do C.C.A.R. Valladares, voltando a crearse durante catro anos o C.D. Valladares “B” Ca presidencia de “Chasquete” ignaugurouse o 06 de Xaneiro do 2007 (Día de Reis) a instalación do novo terreo de xogo de céspede artificial a cargo da Deputación Provincial de Pontevedra.

No tocante aos colaboradores destacan, entre outros: Isidro Piñeiro Pérez, que foi xogador deste equipo dende moi novo e tamén adestrador do mesmo, e Manolo “Cacha” que, como vicepresidente en varias ocasións, percorreu a parroquia cobrando os recibos. Outro deles é José Cabezas “Piño” que estivo xogando nos xuvenís e participou nas directivas con

Delio, Justo, Carlos González e Antonio Almuíña, sempre como delegado de campo. “Piño” lembra que sendo moi neno os xogadores cambiábanse de roupa nunha casa na Garrida e subían polo medio dos campos porque estaba máis limpo que o camiño; pero mentres estivo de colaborador veu como se arranxou o camiño de acceso ao campo e se construíron os vestiarios, entre outras cousas.

Nun primeiro momento o terreo de xogo estivo situado na estrada da Paloma, na parroquia da Garrida. Dende o ano 1924 xógase ininterrompidamente no Campo da Gándara. Co tempo é evidente que as reformas foron bastantes: ademais das xa mencionadas tamén se cerrou o campo, aínda que unhas das máis significativas foi a instalación do céspede artificial, a cargo da Deputación Provincial de Pontevedra.

EQUIPOS DE FÚTBOL VETERANOS

O equipo de “Veteranos C.C.A.R.” foi fundado no ano 1975 e está federado dende a temporada do 76-77. O seu nome cambiou polo de “Veteranos C.V.C.V.”, no momento en que se produciu a fusión entre o Cetro Cultural Artístico e Recreativo e a Xunta Parroquial.

Entre os seus socios fundadores contáronse: Agustín Fernández “Tino” (que foi moi importante para o equipo, dado que exerceu a labor de delegado dende o principio ata que faleceu), Jaime Freiría e Antero Rodríguez (actual delegado). Nos primeiros equipos xogaron, entre outros, Kiko, Joaquín, ”O Roxo”, Hipólito, Pahíño, Gillermo Davila, “Chito”, Santiago, Roberto, Carlos “Chain”, Julio de Vincios e Tito. A práctica maioría deles xogaran con anterioridade no Clube Deportivo Valladares.

Algúns destes homes estiveron en activo sendo verdadeiros veteranos, como foi o caso de Joaquín que estivo ata os cincuenta e dous anos ou Antero que xogou ata os cincuenta e oito. Lino, Víctor, Tino, Rique (o actual adestrador), Lolo... son dos xogadores que teñen máis antigüidade na actualidade.

O equipo sempre estivo xogando na primeira división da Agrupación de Veteranos da zona de Vigo, na que están inscritos setenta equipos. Foron varios os trofeos acadados, aínda que o máis importante deles foi a primeira posición do torneo "Estévez", no ano 1992.

Aínda que, nun primeiro momento, este equipo dependía economicamente, en parte, do Centro Veciñal e Cultural, na actualidade susténtase grazas á ficha dos xogadores e a un pequeno cupo.

Plantilla do ano 1979, de esquerda a dereita: Agustín, Jario, Jaime, Buceta, Carlos, Miro, Chito, Ladio, Sidro e Guillermo; debaixo: Antero, Varillas, Ladio, Pahíño, Rodri, Milucho, Antero e Lisardo.

Uns anos despois da fundación deste equipo de veteranos, produciuse unha escisión, da cal resultou unha nova formación: "Veteranos Valladares".

Os fundadores deste segundo equipo foron, entre outros: Roberto, Julián Comesaña, Nardo Almuíña, Isidro, Manolo, Santi "Pisco", Servando, Julio "Perrachica", etc. Con posterioridade xogaron outros como: Carballo, Morán, Avendaño, Dolfito, Nemesio, Lano, "Gancho"... O lugar de reunión destes xogadores estivo no bar da "Manola" na Sobreira e, con posterioridade, en Zamáns no "Bar Horacio".

Aínda que durante a maior parte da súa existencia estiveron xogando en primeira da mesma liga que o anterior equipo, o certo é que houbo momentos nos que non se puideron aguantar e baixaron a segunda.

FENOY

No mes de agosto de 1977 naceu o Fenoy, un equipo de fútbol afeccionado. O nome foi motivado pola afección dos seus fundadores ao Celta e ao porteiro arxentino (Fenoy) que triunfou neste equipo, antes de marchar para o Valladolid.

Foi no lugar de Prado, pertencente ao barrio do Portal, onde un grupo de amigos (Doro, Pepe, Nito, Fernando, Milo, etc.) configuraron esta formación. Participaron sempre no Campionato de Praias, organizado polo finado "Leri". Tamén estiveron presentes nas seguintes competicións: Campionatos de Praias, Torneo Ambulatorios, Torneo Vacaciones, Torneo Linorsa, etc.

Algúns dos xogadores que pasaron polo equipo foron: Jose, Eladio, Fran, Milo, Andrés, Santi, Álvaro, Manolo, Dani, Michel, Marcos, Ángel, Enrique, Humberto, Nacho, Luis, Quiños, Doro...

Na actualidade é case un equipo de veteranos, pois conserva aínda nas súas filas a varios dos xogadores que foron fundadores.

OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Foron varias as actividades deportivas que se desenrolaron na parroquia, a algunhas xa fixemos referencia. Pero merecen ser destacados tamén a escola de balonmán e o clube de chave e petanca. Non esquecendo a existencia dun club de Tenis de Mesa, un equipo ciclista e, o club de Bolos Celtas.

No tocante á escola de balonmán, aínda que non durou demasiado, comezou con moita forza. Incluso se creou un equipo sénior federado, que participou no campionato de liga, en 2ª Provincial. Os adestramentos e encontros oficiais celebráronse nas pistas do Colexio de Valladares-Igrexa. Destacaron persoas

como Olivio Troncoso (delegado), José M. Monroy, Jorge Costas, Carlos Alonso, Manuel Costas, Antonio Oitabén, Jorge Cerqueira, J. Ignacio Costas, Álvaro Reis,, Eulogio Montaña, Isidro Sánchez, Manuel Comesaña, Alejandro Álvarez, Juan Carlos Comesaña, Carlos Lago...

O Club de Chave e Petanca foi fundado por un grupo de socios do C.V.C.V. Comezaron a xogar no "Adro" e por diversos problemas con algúns veciños trasladáronse á Sobreira, ao chamado "Furancho de Comesaña". Fixeron alí o campo de xogo grazas ao propietario deste lugar que lles cedeu os terreos. Os fundadores que serviron de mestres foron: Chenlo, David e Brea.

UN EPISODIO SUCIO NA HISTORIA DE VALLADARES:

O ZONDAL

No ano 1978, tras unha grave avaría na planta incineradora de Comesaña e a saturación do vertedoiro de Matamá, o Concello veuse na obriga de habilitar un novo vertedoiro. Naceu así, a historia do Zondal.

Todo comezara un ano antes, cando o secretario do Concello (do que era alcalde Joaquín García Picher), Francisco Suárez Morán, certificara que con data de 17 de maio de 1977, a Comisión Municipal Permanente do Concello de Vigo tiña encargado un proxecto para asentar un novo vertedeiro, nun lugar que se considerara apropiado.

Dende ese momento, a parroquia de Valladares notou un tráfico constante de camións de lixo, que comezaron a verter os residuos na zona onde hoxe está o Colexio Público da Sobreira e na subida ao Monte Alba, onde está a empresa Madeiras Gerne. Ante estes feitos os veciños mobilizáronse, atrancando os accesos a tales lugares mediante a tala de árbores.

Tras grandes enfrontamentos, dende o Concello expuxéronse dúas opción para os vertidos do lixo: Cubiles ou o Zondal. Foi dunha decisión de urxencia, dado que en Matamá os veciños impediran tamén o acceso dos camións. A Corporación Municipal

optou polo Zondal, que pasou a converterse no gran vertedoiro de Vigo e, ás veces dos municipios limítrofes.

Xa naqueles momentos houbo paralizacións das descargas por parte dos veciños e, despois de tensas negociacións, o alcalde de barrio de Freixo (Luis Martínez Portela) foi acusado, aínda que non foi a xuízo, polo Concello. E así continuáronse vertendo todo tipo de despoxos de xeito indiscriminado.

Neste tempo, os problemas ocasionados polo Zondal foron en aumento. A neglixencia por parte das autoridades municipais fora enorme ao non compactar o lixo con terra. Pragas de insectos e ratas, malos cheiros, incendios ocasionados polas explosións do vertedoiro, etc. Con respecto aos incendios quizais o máis forte se produciu no ano 1989, momento a partir do cal os veciños endureceron as súas accións de protesta.

Vertedoiro do Zondal en activo.

Os veciños comezaron novas negociacións co Concello e, con data de 11 de setembro de 1991, subscribiuse un acordo entre ambas entidades. A corporación local comprometeuse, entre outras cousas, a ir selando o lixo conforme se ía deitando, construir uns muros para evitar a saída dos residuos do perímetro do vertedeiro, usar o lugar só un ano máis, despois do peche

proceder ao selado e recuperación dos terreos para a parroquia, limpar a estrada que ía da incineradora ao vertedeiro ao menos unha vez ao mes, non verter residuos industriais, pavimentar a estrada entre o forno e o Monte Alba, etc.

Como vemos, case todo o relacionado directamente co vertedeiro foi incumprido, e o que si fixo o Concello como contrapartida, foi mellorar algúns dos servizos do barrio. Ademais de incumprir o acordo mencionado, as autoridades locais tamén fixeron caso omiso das numerosas medidas de sanidade e seguridade, que foran promulgadas a nivel estatal. Estas irregularidades estaban caldeando os ánimos dos veciños.

En 1993, os representantes das entidades parroquiais, que firmaron o acordo do vertedeiro, xuntáronse co Concello para que se cumprira o convenio na súa totalidade. Nese mesmo ano, dende a "Federación Veciñal Eduardo Chao", o día 31 de xaneiro, participouse nunha marcha ao vertedoiro de Freixo, para reclamar á Xunta a construcción dunha planta de tratamento de residuos.

Pero o episodio máis violento desta loita veciñal foi en 1994, unha historia con pelexas, sentimentos e solidariedade. No mes de agosto dese ano, os veciños da parroquia estiveron alporizados cos representantes locais. Esas noites organizáronse sentadas na estrada do Freixo, para impedir que os camións do lixo accedesen á parte superior.

Na noite do 19 ao 20, produciuse unha excesiva reacción por parte das autoridades, ata o punto de que cargaron contra os manifestantes con pelotas de goma e labazadas. A algúns veciños as secuelas duráronlles meses. Tres persoas foron detidas e levadas a xuízo. Deles, Elisardo Dacosta e José Manuel Torres recibiron sentenzas absolutorias, mentres que Manuel Ucha foi condenado a seis meses de arresto domiciliario.

A única pretensión dos veciños foi a de chamar a atención da Comisión Provincial de Medio Ambiente, para que se reunise e lle dese unha solución ao problema do Zondal.

A complicada apertura da planta empacadora de Guixar en 1995, permitiu o inicio do selado do vertedoiro. Enriba comezou a nacer herba, que nun primeiro momento non era verde, senón cincenta.

Pero o peche definitivo non chegaría ata o oito de outubro de 1999, e o selado aínda se rematou no ano 2001. A obra contou cun presuposto de 2.103.542,37 euros, aportados polo Ministerio de Medio Ambiente. Pese a estar selado, aínda se emprega como lugar para depositar mobles e queimalos e, existen perigos de inhalación de gases tóxicos. Deixouse de queimar despois das negociacións tidas, na curta etapa de Ventura Pérez Mariño como Alcalde no mes de outubro de 2003.

Pero en tanto tempo non todo foron loitas, e os veciños non tiveron máis remedio que afacerse ao vertedoiro. A xente de Freixo medrou pelexando co pestilente fedor, coas nubes de insectos e coas bandadas de gaivotas carroñeiras.

Nalgúns casos, mesmo chegaron a sacarlle partido ao lixo, que se converteu nun xeito de acadar recursos para sobrevivir. Algunhas familias acadaron ingresos bastantes bos, grazas ao lixo, a pesar de que este “traballo” tivo os seus riscos, non só as infeccións, senón tamén ácidos, que a máis de un lles deixaron secuelas.

Algúns veciños, os menos, dedicáronse a recoller obxectos de metal, tais como radiadores, vellas neveiras ou cables de bronce, que entregaban a un chatarreiro chamado Camilo; aínda que tamén cartóns e todo aquilo que se puidese vender.

Existía tamén a lei do mercado e, o primeiro que chegaba tiña mellores oportunidades. Isto levou a que máis de un pasase algunhas noites no vertedeiro, sobre todo os rapaces. Os cativos xogaron no Zondal, sempre ás portas do perigo, pois en calquera momento podían atopar residuos industriais que lles causasen danos irreversibles. Existiu unha certa competencia entre bandas e, os que máis chatarra conseguían eran estimados polos seus colegas. Os mellores recollendo lixo foron coñecidos como “os

Cachitos", dous irmáns de Casás de San Andrés de Comesaña, que saltaban directamente aos camións antes de que chegase ao vertedoiro e sacaban de alí o que lles interesaba.

Tamén houbo un home que viviu dentro dun barco alí no vertedeiro. Díxose que era un home culto, que pintaba. Coñecíaselle coma "o Hermitaño".

Con tódolos anos que estivo en activo este vertedeiro é normal que xurdisen unha serie de lendas épicas que falan de roubos, botíns atopados, axustes de contas e drogas.

Uns poucos veciños víronse beneficiados coa venda dos terreos nos que se instalou o vertedeiro, pois para o lugar no que se atopaban pagáronse moi ben.

Sen lugar a dúbidas, este vertedeiro trouxo consigo problemas entre familias e, entre os veciños e asociacións do barrio con respecto aos veciños e asociacións do resto da parroquia. Durante moito tempo, o Centro Veciñal e Cultural mantivo unha certa desconfianza con respecto aos acordos acadados entre a Asociación de Veciños de Freixo e os representantes municipais do momento (o alcalde Carlos Príncipe e a concelleira Dolores Villarino).

Imaxe actual do vertedoiro do Zondal, despois do selado.

Na actualidade, no Zondal só se ve unha máquina escavadora para os movementos que se teñen que facer e, un proxecto de desgasificación, que tardará moitos anos en culminarse.

Polo momento, os veciños permanecen incrédulos ante a posibilidade de que estes terreos poidan destinarse a zona lúdica en breve. Aínda que por parte das autoridades xa se escoitasen voces que manifestan o desexo de humanizar o vertedoiro.

O Documento firmado por Montes, Asociación de Freixo e o Centro Veciñal foi a proposta do Centro e grazas a ese documento cando foi a intervención da policía e nos levaron ao Xulgado, presentamos o documento e o Xuíz deunos a razón e fíxolle unha crítica ó Concello.

AS FESTAS DA PARROQUIA

Varias verbenas e festas foron ou son celebradas na parroquia. Algunhas verbenas tiveron unha orixe moi antiga como as do Carregal, da Paloma (que despois de case corenta anos sen celebrarse, retomouse no ano 2005), ou a do Portal (celebrada en dúas etapas ben diferenciadas: nun primeiro momento organizábase onda a tenda de Inés e, despois de varios anos, foi retomada nos setenta polos irmáns José e Remigio que, por aquel entón, formaban parte do grupo musical “Martes y Trece”). Pola súa parte a verbena da “Media Luz” é moito máis recente. Organizouse na Sobreira, a modo de protesta pola baixa intensidade da electricidade no barrio.

No tocante ás festas, tamén as hai con moita antigüidade, como as de San Campio, O Cristo, San Xoán, O Silvo ou a Romaría do Alba e; moito máis recentes, a de San Andrés. As festas do Silvo fixéronse no barrio da Igrexa (Feira), aínda que hai xa uns corenta anos que non se celebra. Nela elaborábanse roscóns para subastar, pero sempre se facían trampas para que non lles tocasen a ninguén, e así comelos os organizadores.

Na actualidade, as festas máis importantes para os veciños da parroquia son: a de San Campio o Cristo e a Romaría do Alba. A primeira delas é a que máis acollida ten na parroquia e, tódolos anos se celebra sen que haxa ningún parón. No tocante á Romaría do Alba, o máis importante é o aspecto relixioso, pois a pesar de que durante varios anos non se festexou a romaría, os fieis seguiron acudindo á misa e, o párroco sempre levou uns gaiteiros para que amenizasen a xornada aos romeiros.

Outras festividades, como é a de San Xoán de Freixo ten tamén unha tradición importante, aínda que ocupa un segundo plano despois das xa mencionadas.

AS ORIXES DA IMAXE DE SAN CAMPIO E A FESTA NA SÚA HONRA.

Conta a lenda que un escultor que andaba pola Sobreira, no lugar do Fabás, mirou un cano dun carballo no chan. Propuxo entón que llo deran e fixo a imaxe dun santo. Esculpiu un San Campio deitado, porque aparecera morto na lagoa. Foron os veciños a pedirlle ao párroco que lles bendicise a imaxe, para logo facerlle unha capela e celebrar unha festa. Pero o cura insistiu en que lla levasen a bendicir á Igrexa. Cando chegaron co santo, o párroco xa non deixou que o levasen de volta para a o seu barrio, aínda que lles permitiu celebrar a festa na igrexa parroquial.

Trátase dunha lenda moi discutible, pero o certo é que ten moito arraigo tanto no barrio da Sobreira, onde os maiores sinalan a dedo o lugar exacto onde se atopou o cano de carballo, como no resto da parroquia. Non podemos esquecer o tan coñecido lema da a Comisión de Festas que di: “San Campio é noso”, como querendo desafiar aos veciños da Sobreira.

A festa comezouse a facer no último domingo de agosto, o cal foi moi beneficioso porque era unha época na que había abundancia de alimentos nos eidos. Co tempo, pasou a ser o mes no que hai máis veciños de vacacións e, todo isto contribuíu a

que moi rapidamente se fixese máis popular que a do Cristo, ou a do propio patrón parroquial.

Unha grande perda para coñecer mellor a historia da celebración destas festas, foi ocasionada polo extravío do libro de contas anterior ao ano 1969. O que si se mantén é a información a partir desta data.

Así, en 1969, o presidente da Comisión de Festas foi Lino Rodríguez, e confírmase que houbo festa antes porque, no libro de contas sae reflexado un superávit de 37.825 pesetas.

A principios da década dos setenta producíronse bastantes cambios, como introducir unha contabilidade detallada e coidada; dar unha maior importancia a aspectos complementarios das festas, como a decoración do palco e a publicidade do programa de festas pola radio; buscar novos medios para ingresar cartos, como o Trofeo de Fútbol de San Campio (o primeiro debeu datar de 1971); e iniciar a tendencia de contratar grupos musicais en detrimento das bandas de música.

Algúns dos presidentes da Comisión nos anos setenta foron: Justo Filgueiras Troncoso, José Comesaña Vila, David Comesaña Vila, Manuel Barreiro Fernández, Enrique Vila Davila e, xa nos oitenta: Manolo Piñeiro Pérez “Caseiro”, Manolo Pérez Fernández “Cacha”, Ricardo Álvarez, Antero Comesaña “Tero Perón”, Olivio Troncoso, Antero Piñeiro Prado, Norberto Otero Pérez, J. José Davila Posada e Enrique Fernández Salgueiro. A década dos noventa comezou ca diretiva de Rodrigo Alonso e “Cacha”. Seguida pola formada nos anos seguintes por Julio Basora, Teodoro Davila e Eduardo Alonso Rial “Edu Curta”, Patata (Esta Directiva levou a festa durante 4 anos consecutivos). Tras eles colleu o testigo un novo grupo presidido por Moisés Malvido, e do que tamén formaban parte Enrique Alonso Rial “Quico Curta”, Pablo “Jamonero” e Roberto Guisande “Botón”. Moisés foi un dos grandes animadores das Festas de San Campio, tanto que no seu Restaurante formaronse varias directivas. Tras eles, entrou a directiva de Nieves Lorenzo con Pablo Rodriguez “Pablo Orensano”, Alonso e Paula Rodriguez entre outros. No ano 2007,

collía de novo a festa a directiva presidida por Rodrigo Alonso, fundando a vez, a "Peña San Campio 2008" que ademais de ser a Comisión das Festas durante dous anos, segue sendo un grupo de referencia dentro da parroquia, prestándose e colaborando con todo aquelo canto sea posible. Ademais, esta Peña organiza dende o ano 2009 a Romaría de San Bartolomeu e a Virxe da Alba. A directiva das Festas de San Campio 2009 e 2010 tivo como principais cabezas visibles a "Doro" Davila, Roberto Guisande "Botón" e María Davila entre outros.

Na actualidade, a directiva está composta por un grupo xove que debe ser o camiño a seguir no futuro, donde a maioría deles non supera os 25 anos de idade, formada entre outros por Alberto Vernet, Bruno Vila e Gonzalo Estevez (netos do finado Sergio Bernabeu), Juan Davila "Juanote", Fernando Figueiras "Científico", Alfredo Bargiela, Jose Ángel Caride e Iván Rois "Lalín".

Carreira de burros coa que remataban as cucañas de San Campio.

O presuposto das festas foi aumentando e, por iso se foron contratando cada vez máis atraccións. Unha das celebracións máis memorables debeu ser a do ano 1972, cando actuaron na parroquia dous grupos moi importantes no panorama musical do momento: "Los

Bravos” e “El Dúo Dinámico”. Os primeiros cantaron tódalas cancións en inglés, cobraron 60.000 pesetas e beberon alcohol dabondo, segundo os veciños que lembran aínda este episodio. Pola súa parte, o segundo grupo cobrou 50.000 pesetas.

Un par de anos despois, no 1974 estiveron na parroquia como atraccións “Karina”, “Nubes Grises” e Xil Ríos, así como os grupos los “Jockey´s” e “Magos de España”. Deste ano hai que destacar que estaba contratada a actuación de Mochi, pero que incumpriu o contrato por “suposta” enfermidade, que logo lle permitiu traballar en Huelva. Con el axustáronse contas ante os tribunais, sendo o veredicto favorable para a Comisión de festas.

Valladares é unha parroquia que ten unha grande afición á música, e quizais sexa este o motivo polo cal se contrataron sempre ás mellores Bandas do momento. Algúns exemplos disto son: a “Banda de Música Cultural de Lalín”, a “Asociación musical de Vincios”, “Alongos” de Ourense, a “Banda Municipal da Estrada”, e un longo etcétera no que se inclúe tamén a “Unión Musical de Valladares”.

Poderíamos falar dun amplo número de actuacións estelares, pero tamén hai que valorar o traballo das Comisións de Festas no tocante ao acondicionamento do torreiro. Bo exemplo disto son a andilla mercada no ano 1969 para o santo, a Cruz dos caídos un ano despois, a construcción do muro do adro en 1971, obras no palco en 1974 e 1975, a colocación da valla do adro en 1977, as escaleiras ao lado do palco un ano máis tarde, reparacións no palco no 1981, construcción do pozo en 1985, a ampliación da escaleira ao lado do palco, a barandilla, o revestimento da cantina e a instalación eléctrica en 1986... e un longo etcétera. En todas esta obras tamén contou moito o traballo dos directivos e achegados.

A directiva de Enrique Fernández, Isidro Costas, Justo Comesaña... que estivo un so ano, pero introduciu o sistema de recibos con calca e número e comezaron a subastar os postos da festa. Con todo isto, alcanzouse un presuposto moi bo que os

levou a organizar unha festa de cinco días e a executar bastantes obras. Foi interesante que conseguiron a concesión dun auditorio, con baños e vestiarios. Pero por non chegar a un acordo sobre a ubicación co C.C.A.R., perdeuse dita subvención.

Hai xa moitos anos existía unha tradición que consistía en soltar globos de papel, neste aspecto destacou un home do Portal que recibía o alcume de "Pian", pero por mor dos incendios xa hai bastante tempo que isto non está permitido.

Antiga tradición das Festas de San Campio de soltar un globo.

O primeiro libro de festas de San Campio foi elaborado no ano 1982, cando se fixeron catro días de festa. Foi feito case integramente por Alberto Costas. Daquela, o presuposto das festas ascendía ao 1.800.000 pesetas, houbo actuacións como a dos "Players" do Ferrol e "Gran Parada" da Coruña.

O seguinte libro é do ano 1985, pois houbo un paréntese de dous anos sen el. Neste ano, o presuposto xa superaba os

2.000.000 de pesetas. Celebrouse o II Torneo de Futbito de San Campio (o primeiro organizárase en 1983)), ampliando o número de equipos e de partidos do ano anterior. As actuacións máis importantes foron as dos “Magos de España”, “Saudade 73” e “Súper Star”.

Dende entón sempre se fixeron os libros desta festa pola mesma persoa, Alberto. Case dende o principio, intentóuselles dar o máximo contido posible, diferenciándoos dos doutras parroquias que so teñen publicidade.

Dende o ano 1998, a “Irmandade de San Campio, de Valladares” xa ten estatutos e atópanse constituídos como Asociación Cultural. Esta “Irmandade” e a Comisión de Festas do Santísimo Cristo dos Aflixidos, no ano 2003, mercaron a finca “Matos”. A xestión da compra foi levada a cabo pola chamada Comisión Mixta, formada por ambas comisións de festas e, o financiamento da compra concretouse mediante unha operación de crédito da Comunidade de Montes en Man Común de Valladares. Suliñar que ao non contar con fondos finalmente o terreo foi adquirido pola Comunidade de Montes.

No tocante á Carroza da Sobreira, naceu en 1973, a raíz de deixar as bandas de Música de percorrer os barrios da Sobreira no luns da festa. Hoxe é un dos elementos que máis expectación causan na festa.

Entre os fundadores da carroza estiveron : Kiko, Furas, Jaime, Necha... Eles foron durante dezaoito anos os seus artífices e, despois pasaron outras directivas, nas que hai que destacar o papel de Alejandro, Jaime e José Cabezas.

Nun primeiro momento adornaron un tractor con ramas e bandeiras, e acompañábano cun gaiteiro. Cando puideron, botaron foguetes de aviso. Ao principio a carroza se encargaba de pagar a medias coa Comisión de Festas a tirada de fogos, pero co incremento desta tirada a carroza deixou de poder facerse cargo da súa parte.

Co tempo contratáronse grupos tan coñecidos como “A Tomasa”, “Os Morenos” ou a “Roda do Castro”. Foron adaptando as carrozas ás temáticas máis actuais do panorama internacional, nacional ou mesmo a fitos escabrosos que puideran ocorrer na parroquia. Algúns exemplos foron: o euro ou a aparición da Virxe de Fátima.

Dende hai vintedous anos, a primeira hora da mañá sae a carroza dende o lugar de Fabás e, percorre a parroquia ata o torreiro da festa de San Campio. Polo camiño, os organizadores da carroza van pedindo aos veciños axudas económicas, que xunto aos cartos recadados durante os sorteos que se fan no ano, serven para solucionar os gastos ocasionados na organización.

A ROMARÍA DO ALBA

Falar desta romaría implica ir moi atrás no tempo. É unha celebración moi interesante tanto polo lugar onde se realiza como pola tradición da romaría en si mesmo.

Monte Alba e a súa capela.

Celébrase na capela emprazada no Monte Alba, un cumio situado a 503 metros de altitude, o segundo monte máis alto da parroquia.

Dende tempos moi antigos, os festexos solemnes comezan no día 15 de agosto, cando as imaxes da Virxe do Alba e a de San

Bartolomeu son trasladados dende a igrexa parroquial ata a ermida. Antes de ter a pista asfaltada levábanse ás costas. É o día grande da romaría. Tal e como soe acontecer neste tipo de celebracións, ata hai poucos anos, os ofrecidos tiñan por costume subir con hábitos penitenciarios, descalzos ou de xeonllos, detrás da procesión.

O día 24 dese mesmo mes, condúcese á Virxe do Rosario polo barrio da Pena. Antigamente, nese mesmo día baixábanse tamén os santos que xa estaban na capela e, producíase un encontro de todos eles na chamada "casa das novenas" (un pequeno inmoble próximo ao santuario), onde se facía o saúdo ritual. Actualmente, este saúdo faise diante da capela.

Ese mesmo día os romeiros, despois de escoitar misa, cumpren o rito de recibir tres golpes na testa coa esfinxe de madeira de San Bartolomeu, crendo que así perderán o medo ou que curan os tatexos.

Casa das novenas antes da súa restauración.

O ciclo féchase o día 8 de setembro, coa festividade na que se conmemora a Natividade da Virxe. Despois de rodear a capela, báixanse en procesión tódolos santos que subiron en días anteriores, para facer un encontro a poucos metros da igrexa parroquial co Santo André, patrón da parroquia.

Para a organización desta romaría, no século XIX formábase cada ano unha “sociedade” que estaba presidida por un mordomo (os datos máis antigos que temos dun deles son de 1828), que se encargaba sobre todo do financiamento, saíndo a pedir polas casas. Co tempo, esta figura foi decaendo e, deu paso ás actuais comisións de festas.

En tempos, foi dunha romaría que tiña unha grande afluencia de persoas, tanto pola grande devoción como polo aspecto festivo.

Na posguerra, achegábanse ata o lugar grande número de habitantes da península do Morrazo, algúns mesmo viñan na noite anterior e durmían no santuario. Ao parecer, pintada de branco, co sol a capela brilaba como unha cuncha e, isto levábaos a percorrer todo ese traxecto para asistir a esta celebración. Para os mariñeiros era o faro no que guiarse nos días de néboas baixas.

Durante varias etapas alternas non houbo ninguén que se quixera facer cargo da organización das festas, e este motivo levou a que se perdese parte da afluencia de crentes. Non obstante, como xa foi dito, o párroco continuou a contratar uns gaiteiros para amenizar a xornada.

A Romaría celebrouse en ocasións illadas, como en 1981. Foi no ano 1984, cando se formou unha nova directiva: Alfonso Alonso, Laura Comesaña, Teodoro Davila, Isidro Costas, Cristina Rodríguez, Alberto Costas e Albino Iglesias, entre outros. O ano seguinte a presidenta foi Laura Comesaña, e o anterior presidente pasou a vocal, o resto dos postos continuaron como estaban. Tras un ano sen festa, en 1987 colleuna Amabel Comesaña e, despois dun novo paréntese, en 1998 e 1999, estiveron Alfonso “da Cacheira”, Carlos González e Alberto Costas. Nos dous anos a seguir continuou Alfonso, coa axuda de Eduardo Monroy e Argimiro.

Dende ese momento a Romaría foi recuperando o seu esplendor, tamén mediante o acondicionamento do entorno da capela. Neste punto está a ser moi importante a colaboración da Comunidade de Montes.

Dende hai un par de anos cambiou a directiva, estivo Delio de Presidente e na actualidade é Rodrigo.

FESTAS DO CRISTO DOS AFLIXIDOS

As festas facíanse alá polo final do mes de maio e principios de xuño. Era un momento malo porque os rapaces tiñan escola e os maiores non acostumaban a estar de vacacións, como en agosto. Por este motivo, moi pronto foi relegada a un segundo plano pola festa de San Campio.

Durante algo máis dunha década non houbo festa, porque tiveran un problema cunha directiva que deixara varias débedas. Grazas á iniciativa de Enrique Comesaña “Sachas”, celebrouse novamente e pagáronse as débedas. Pero outra vez quedou a festa sen celebrar.

Neste punto foi cando, Saladino Costas lle propuxo a Enrique volver. Un par de anos despois, en 1988, ambos na compaña de outras persoas como José Cabezas “Piño”, estaban xa mans á obra.

O primeiro ano desta nova directiva foi 1989, e veu tocar ás festas do Cristo unha Banda de Música de Portugal con autocar de seu. O promotor desta idea foi Saladino, que estando nas festas de Gondomar, de Portugal, veu esta agrupación. Propúxolles a actuación na parroquia e viñeron varias veces.

Dende entón, a organización das festas do Cristo ocupa os esforzos dun grupo de persoas, que aínda que son conscientes de que están organizando unha celebración secundaria na parroquia, non se desaniman e continúan traballando.

AS FESTAS DE SAN XOÁN DE FREIXO

Son as festas de barrio con maior arraigo. Sobre a súa orixe non se sabe practicamente nada, aínda que hai que supor que estarán profundamente ligadas ás da propia capela.

Unha das tradicións máis antigas que se lembran é a de subir o San Andrés de Comesaña. O día de San Xoán enviábase a un grupo de gaiteiros a buscar a San Andrés e, subían con él. A pouco máis de cen metros da capela, ambos atopábanse. Neste momento efectuábase un saúdo ritual e, despois subían xuntos. Unhas veces no luns e outras no sábado a seguir, celebrábase unha misa e baixábanos. Despois de vinteoito anos sen facer este encontro, en 1999, quixeron recuperar a tradición. Para entón, os únicos que lembraban ben cómo se facía o saúdo eran Justo e Benedicto, que se encargaron de refrescarlle a memoria aos máis novos para que esta tradición non se perda de todo.

Durante moitos anos, o párroco de Bouzas, don José Parada, foi o encargado de ler o sermón no día grande das festas do barrio, incluso coincidíndolle San Xoán co Corpus de Ponteareas, viña a Freixo.

Dende hai aproximadamente uns corenta anos, as persoas que máis teñen colaborado nas directivas son: Justo Figueroa, Alberto Comesaña, Raúl Comesaña, Manuel Ucha, Hipólito Comesaña, Benedicto Comesaña, Gerardo Alonso, Antonio Fernández, etc. Pero xa antes destacaran persoas como Casimiro Figueroa ou Jesús Pérez “o Casqueiro”.

Unha das mellores actuación destas celebracións foi a do dúo “Gala”, que a primeira vez que actuou en Galiza fíxoo en Freixo. Veu a finais dos anos oitenta, cando era un dos mellores grupos de rancheiras.

Tantos anos de festas xeraron varias anécdotas, como a de “Los Versalles” de Madrid que, tras actuar o sábado, foron convidados a queimada por Antonio Fernández “o Carballo” e non puideron aguantala, quedando a durmir no barrio.

Pola súa parte, os compoñente da orquestra “Costa Verde” sempre lembrarán o que aconteceu despois de tocar a primeira vez en Freixo. Tras rematar a festa e apagar o alumeado, so quedou a luz do palco para desmontar os equipos da orquestra. No medio da tranquilidade e xa cansos despois dunha longa noite, foron víctimas do ataque dun enxame de abellas.

As sucesivas Comisións de Festas foron levando a cabo varias obras: a construcción do palco, a restauración dos santos a finais dos anos noventa, a adquisición de terreos, a instalación de enganches do colector e da traída de augas e, a construcción de servizos de adegas, cociña, servizos e oficinas.

Campo da festa de Freixo.

A festa celébrase en torno ao día de San Xoán, perante tres días, os máis próximos á fin de semán que se pode. Houbo momentos de parón, sen dúbida motivados polo feito de que é organizada por un barrio pequeno e afastado do resto da parroquia. Non obstante, aínda que como en 2005 non haxa festa, o que si se fai é a cerimonia relixiosa e o festival de San Xoán que organiza a Asociación de Veciños.

O día 22 de maio de 1982, a Comisión de Festas de Freixo organizou o I Cross Hípico de Galiza, encabezando a organización Campio Salgueiro. Asistiu ao mesmo Barreras, presidente de hípica. O palco provisional colocouse sobre o camión de Monroy, que foi o primeiro en subir ao Monte dos Pozos dende Freixo,

remolcado co tractor de Álvaro Piñeiro. Un ano despois, en 1983, a “Festa do Socio” do entón C.C.A.R. pasou a celebrarse tamén no mesmo monte.

A VERBENA DE SANTA ISABEL NO CARREGAL

Antigamente non era máis que unha reunión de veciños que levaban un farol de aceite, unha gaita e algunha pandeireta. Alí bailaban, cantaban e trouleaban toda a noite. Pero perdeuse.

Moito tempo despois uns rapaces fixeron un magosto e xurdiu alí a idea de recuperala. Un grupo de persoas decidiu constituírse en Comisión de Festas e retomar a celebración da verbena, no ano 2001. A Comunidade de Montes cedeulle unha parcela á Comisión para que estes puidesen ter alí un sitio de esparcimento.

A FESTA DE SAN ANDRÉS.

Aínda que algúns poidan pensar que o patrón de Valladares é San Campio, o certo é que se trata de San Andrés. Quizais o feito de que esta celebración sexa en novembro fai que os veciños prefiran as de San Campio que son no verán, e non foi tanto polo aspecto relixioso.

A primeira vez da que hai constancia que se celebrou unha festa na súa honra foi no ano 1998, sendo os seus artífices Carlos González e Alberto Costas. Foi a primeira vez que unha charanga actuou na parroquia, a da NBA. Organizouse aínda un par de anos máis, sempre da man da mesma xente, pero a acollida por parte dos veciños non foi a esperada. Pos iso, non se volveu a celebrar.

CONCLUSIÓN

Despois de facer esta análise, vemos que quizais unha das primeiras formas de sociabilización da parroquia foron as festas, verbenas e romarías. Pouco se sabe sobre as datas de orixe das mesmas.

A explicación é a mesma que a de outras zoas. Houbo tempos nos que foi case o único xeito de divertirse que tiñan os veciños, e ao non haber tantas facilidades para desprazarse foi preciso ter polo menos unha celebración en cada barrio.

Xa entón, a colaboración dos veciños foi fundamental. Antigamente, cada casa daba a cantidade que podía de millo, e meténdoo en sacos levábase a vender, despois de que a Comisión pasase horas a debullalo. Pero o recadado era moi pouco, polo que, cando foi posible, comezaron a pedir cartos.

Por aquel entón, facer festas era considerablemente máis dificultoso, pois había que construír os palcos de madeira, non había luz (pasaron do candil á luz de gasolina que se ía buscar a Camos, e de aí á luz eléctrica),etc.

Se había festas é normal que xurdise unha banda de música. Outra cousa é a gran calidade que esta acadou, así como a súa propia duración no tempo. Quizais o feito de que era unha das poucas opcións para a distracción que había fixeron que tanto ela, como a rondalla (con bastantes máis intermitencias), ou o equipo de fútbol, se consolidasen.

En calquera caso, parece que o xénero feminino estivo excluído de todo o que implicase diversión e, a súa vida social quedou relegada ao traballo no río e no muíño.

Pero o gran salto á actividade da parroquia vemos que foi, a principios da década dos setenta, coa fundación do Teleclube. En parte inspirado nese movemento cultural que se desenrolara na posguerra.

No seo da iniciativa de Ignacio ou de xeito case anexo, xurdiron todo tipo de actividades, cursos e servicios. E, por se fora pouco unha asociación, creouse anos máis tarde a de Freixo.

A nivel servizos destacou a oferta da Xunta Parroquial e, posteriormente, da Comunidade de Montes en Man Común; así como as Comunidades de Augas e o Cemiterio Particular.

En fin, é fácil entender que hoxe haxa moita xente nova colaborando en todo tipo de actividades parroquiais, se levan toda a vida vendo que iso é o que fixeron os seus antecesores. Traballar para a parroquia, sempre sen recibir nada a cambio, é unha máxima desta xente, que aparece mencionada nas anteriores páxinas. Para todos eles, que sirvan de homenaxe estes escritos e, aos que se me quedaron atrás, pídolles as miñas disculpas.

A Xunta Rectora do C.V.C.V., dállela grazas a Silvia Freiría Correa, licenciada en Historia, esta rapaza estivo no ano 2006 facendo un traballo becada pola Universidade de Santiago de Compostela, sendo quen lle deu corpo a esta historia, contando coa colaboración de Isidro Piñeiro Pérez para axustar as datas históricas, con Manuel Dasilva Díaz no aspecto técnico, con un home que nunca sae nas fotos, Alberto Costas Barreiro (a inmensa maioría das fotografías que contén o libro son da súa factoría) e como non as dúas Secretarias Charo e Iria que se responsabilizaron de mecanografiar as aportacións feitas por todas as colaboracións recibidas.

En todo o relatorio faise referencia a dous veciños que foron concelleiros en dúas etapas distintas, estamos a referirnos a Teodoro Piñeiro Alonso e Carlos González Davila. Neste apartado non podemos esquecernos de Henrique Viéitez Alonso que a pesar de non ser nativo, está casado con unha veciña de Valladares e vive na parroquia e tamén foi directivo e concellal e na actualidade exerce como Deputado no Parlamento Galego.

Procuramos en todo momento de ser asépticos nos tratamentos persoais e obviamos situacións que poideran ferir calquer susceptibilidade.

Disculpas polo que quedou no tinteiro e polos feitos que seguramente quedan atrás.

BIBLIOGRAFÍA

GIRÁLDEZ RIVEIRO, Jesús. O antigo Concello de Lavadores, unha aproximación histórica. 1998.

MATEO, José Luis, e otros. Catálogo do patrimonio etnográfico do Concello de Vigo. 1996.

MOSQUERA ALONSO, Javier. Vigo a través de sus barrios: Valladares. Nº 41. Vigo, Faro de Vigo, S.A., 1995.

REGLAMENTO de la Sociedad de Agricultores dela parroquia de Valladares, del distrito municipal de Lavadores. Vigo, 1900.

PÁXINAS WEB CONSULTADAS:

www.arrakis.es/~rojea/arquetex.html

www.ctv.es/USERS/cvallada

www.ctv.net

www.vigo.org